

CADERNOS DE LINGUA



18

2.º SEMESTRE. 1998

REAL
ACADEMIA
GALEGA



R E A L
ACADEMIA
GALEGA



R(05)/13

CADERNOS DE LINGUA

2.º SEMESTRE, 1998

18

REAL
ACADEMIA
GALEGA





Director: Constantino García
Vicedirector: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Consello de redacción:

Carlos Díaz Abreira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
 Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Comité científico:

R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giralt (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Paderborn), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coimbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), Boris Narumov (Un. San Petersburgo), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

Colaboracións e correspondencia:

Xosé Luís Regueira Fernández
 r/. Hórreo, 31-2º
 15702 Santiago de Compostela

Subscripción e intercambio: Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.
 r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

© Real Academia Galega
 A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega
 r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
 Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro

Imprime: Obradoiro Gráfico, S. L.
 Avda. Rebullón, 49 - Mos

Esta publicación é posible gracias á colaboración económica da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.


ÍNDICE

ARTIGOS

- M. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. RODRÍGUEZ NEIRA,
O papel das redes sociais na relación entre competencia e
uso do galego 5
- X. FERRO RUIBAL, Porcentaxes de galego na prensa diaria.
Dúas catas en outubro e novembro de 199829
- J. E. BESWICK, Observacións sobre as actitudes e os compor-
tamentos relativos ós cambios de código en Santiago de
Compostela53
- R. R. VEGA, Análise comparativa de dicionarios bilingües: o
Larousse compact español-francés, français-espagnol e o
Vox esencial galego-castelán, castellano-gallego79
- A. CEREIXO, Os modificadores oracionais en *-mente* no galego
medieval97

RECENSIONS

- O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, M. C.
GARCÍA ARES, M. C. NÚÑEZ SINGALA, M. A. RO-
DRÍGUEZ NEIRA, B. VARELA VÁZQUEZ (A.
Toimil)109
- Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*, F. F.
RAMALLO, G. REI DOVAL (A. Iglesias Álvarez)113



O PAPEL DAS REDES SOCIAIS NA RELACIÓN ENTRE COMPETENCIA E USO DO GALEGO

MAURO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ

MODESTO RODRÍGUEZ NEIRA

Univ. da Coruña / Univ. de Santiago

Introducción

No estudio precedente¹ que serve de fundamento ó presente traballo destacábase-lo influxo dos cambios nas redes sociais de interacción cotiá sobre a conducta lingüística dos falantes. As nosas análises permitíronnos formular hipóteses de traballo relativas ós castelanfalantes iniciais que amosan un considerable dominio oral do galego e que usan habitualmente esta lingua, é dicir, segundo a nosa definición, individuos cun alto grao de congruencia desde a perspectiva do galego². O interese por estes suxeitos —e non polos galegofalantes iniciais, tamén congruentes nesta lingua— reside na necesidade de encontrar unha explicación ós cambios que se produciron na súa conducta lingüística. Os nosos supostos indican que neste proceso desempeña un papel prioritario a incorporación a novas redes sociais, especialmente á das amizades. En definitiva, trátase de indagar nos motivos polos que algúns castelanfalantes iniciais abandonan a súa lingua materna a prol do galego.

Para acadar este obxectivo cómpre unha metodoloxía de estudio de casos que, apoiándose nas dimensións cuantitativa e cualitativa, avalíe o influxo daquelas variables que supostamente inciden máis no fenómeno estudado. As análises previas confirmaron a importancia —á parte da lingua inicial, utilizada aquí xunto coa con-

¹ Para as hipóteses nas que se fundamenta este traballo véxase Fernández Rodríguez, M. e M. Rodríguez Neira, "A relación entre competencia e uso do galego", *Cadernos de Lingua*, 17 (1988), 25-45.

² Recórdese que a función de congruencia se definía pola relación entre competencia e uso. Considérase *congruente* a quen tendo competencia no galego oral tamén o fala e *non congruente* a quen sabendo fala-lo galego usa o castelán.

gruencia como trazo básico— da lingua habitual nunha semana calquera e da empregada no fogar, no traballo e cos amigos. Así pois, fieis ós criterios utilizados no estudo precedente, os obxectivos deste traballo van dirixidos a analiza-lo papel das redes na congruencia lingüística dos citados castelanfalantes.

1. O deseño dunha mostra reducida para o estudio do papel das redes sociais na congruencia entre competencia oral e uso do galego

Segundo o predito polas ecuacións (Fernández e Rodríguez, 1988: 36-37) para os castelanfalantes iniciais, encontramos que dos 1.752 individuos menores de 26 anos que obteñen unha probabilidade de pertencer ó grupo dos congruentes inferior a 0,5, 273 (o 15,6%) son de feito congruentes. Todos eles recoñecen ter cambiado de lingua, e na maioría deles o cambio produciuse entre os 14 e os 18 anos: ata os 13 anos, o 88,2% falaba só ou máis castelán, mentres que dos 14 ós 18 esa porcentaxe baixa ata o 29,5%. Deste grupo interésannos sobre todo os que viven nas cidades, pois entre os que residen nas vilas ou moi especialmente no hábitat rural resulta máis explicable a congruencia, por moito que sexa o castelán a lingua inicial; o 27,7% destes congruentes insólitos —considerados así por actuaren de forma distinta ó que predí a ecuación— viven no hábitat urbano.

Do mesmo xeito, pertencen ó grupo dos congruentes 195 dos 688 individuos castelanfalantes maiores de 25 anos dos que a ecuación predí que pertencerán ó grupo dos non congruentes. O cambio de lingua neste grupo produciuse na maioría dos casos despois dos 18 anos: ata os 13 anos, o 95,7% falaban só ou máis castelán, porcentaxe que baixa ó 65,2% dos 14 a os 18, e ata o 4,9% dos 19 ós 30. Loxicamente, estes últimos cambiaron despois dos 30 anos. O 54,8% destes congruentes insólitos viven no hábitat urbano.

Destes dous grupos debe procedela metade dos suxeitos ós que se lles explorarán as súas redes persoais en profundidade. De acordo co dito arriba e cos resultados do estudo precedente, a selección debe facerse entre individuos do ámbito urbano e, por razóns prácticas, pertencentes á mostra aquí examinada. Deles cómpre seleccionar 10, cinco en cada grupo de idade, e emparellalos con outros 10 que teñan características sociodemográficas semellantes e cunha conducta lingüística concordante coas probabilidades preditas pola ecuación.

2. Localización da mostra, aplicación dos cuestionarios e gravación dos resultados

Deseñada a mostra, seleccionados os respectivos suxeitos e os seus eventuais suplentes —segundo a información dispoñible no Seminario de Sociolingüística da RAG— procedemos a localizalos elixidos. Algúns cambios de domicilio obrigaron a modifica-las previsións iniciais de realizar tódalas entrevistas na cidade de Santiago de Compostela, onde, segundo as nosas fontes, había 6 casos de congruencia inesperada (3 homes e 3 mulleres) entre os castelanfalantes iniciais menores de 25 anos e 13 (7 homes e 6 mulleres) entre os maiores de 25. Por imposición dos emparellamentos foi necesario realizar cinco entrevistas en Vigo, tres na Coruña, unha en Pontevedra e unha en Ferrol, co que a mostra está formada por oito individuos das cidades máis grandes (Vigo e A Coruña) e doce de cidades medias.

As entrevistas foron realizadas nos meses de xuño e xullo de 1997 nos domicilios dos seleccionados ou na sede do citado Seminario. Ademais da correspondente cumprimentación dos cuestionarios, as contestacións foron rexistradas en cinta magnetofónica. Esta modalidade facilitou notablemente a interpretación dalgunhas respostas ambiguas ou contradictorias. Por outra parte, constitúe un material sonoro de valiosa axuda para a caracterización dos entrevistados. A duración media de cada entrevista é duns 40 minutos.

Finalmente procedeuse á grava-los resultados nun ficheiro de datos. A análise dos mesmos requiriu a creación de variables adicionais para o cálculo da densidade da rede (n° de enlaces reais / n° de posibles), da presenza do galego na mesma (n° de enlaces nos que se fala galego / n° dos reais) e da utilización desta lingua na rede polo entrevistado ($\sum (\text{enlaces en galego} \times 1 + \text{enlaces en galego e castelán} \times 0,5) / n^\circ \text{ enlaces reais}$).

3. Características básicas dos suxeitos

Nas táboas 1 e 2 presentamos algunhas das características dos suxeitos, relevantes para este estudo. Nesas táboas figuran os datos seguintes (para os menores de 26 anos na táboa 1, e para os maiores de esa idade na 2), de esquerda a dereita:

Táboa 1. Algunhas características dos suxeitos: de 16 a 25 anos.

		CARACTERÍSTICAS DOS SUXEITOS							
PARES		prob uso galeg	lingua inicial do entrev.	lingua no seu fogar act.	galego no seu fogar 18 anos	lingua cos colegas (traballo)	lingua cos amigos calquera	lingua nunha semana	galego coa rede vs 18 anos
DE 16 A 25 ANOS	1 cong.	0.04	cast.	gal.	máis	gal.	gal.	gal	máis
	1 incong.	0.04	cast.	cast.	menos	cast.	cast.	máis cast	menos
	2 cong.	0.04	cast.	gal.	máis	gal.	gal.	gal.	máis
	2 incong.	0.04	cast.	máis cast.	non sabe	cast.	máis cast.	cast.	máis
	3 cong.	0.06	ambas	gal.	máis	gal.	gal.	gal.	máis
	3 incong.	0.11	cast.	gal.	máis	gal.	gal.	máis gal.	máis
	4 cong.	0.06	cast.	gal.	máis	gal.	gal.	gal.	máis
	4 incong.	0.06	cast.	máis cast.	máis	ambas	ambas	máis cast.	máis
	5 cong.	0.06	cast.	gal.	igual	gal.	gal.	gal.	igual
	5 incong.	0.06	cast.	ambas	igual	máis cast.	máis cast.	máis cast.	igual

a) Os pares de suxeitos na primeira columna. Recordemos que o noso deseño é cuasi-experimental, no que cada suxeito se compara con outro de características semellantes, agás no uso da lingua; así, '1 cong.' refírese a un individuo menor de 26 anos, que usa habitualmente o galego pese a ter unha probabilidade moi baixa de usalo³ e '1-incong.' refírese ó individuo que comparte un gran número de características con '1 cong.', agás o uso da lingua. Esta similitude de características non é total; na nosa selección de suxeitos partimos da información almacenada nas nosas bases de datos, pero a situación actual pode ter cambiado en non poucos casos en relación coa que figura nas citadas fontes, en especial no que se refire ó traballo, ó establecemento dunha relación de parella e á procreación. Neste par en concreto, ámbolos dous son homes, aprenderon o galego na escola, naceron nun hábitat urbano, e segundo a nosa información previa, eran estudantes, sen parella estable e sen fillos. Na actualidade, '1

³ Recórdese que esta probabilidade está calculada a partir dos resultados da regresión loxística expostos no citado artigo da nota 1.

cong.' detivo os seus estudos secundarios (non continuou no nivel universitario) e prepara unhas oposicións, é dicir, está desempregado, mentres que '1 incong.' continúa os seus estudos universitarios. Ningún deles ten fillos nin estableceu relacións de parella estables, e ámbolos dous viven coas súas familias.

Táboa 2. *Algunhas características dos suxeitos: de 26 a 34 anos.*

PARES		CARACTERÍSTICAS DOS SUXEITOS							
		prob. uso galego	lingua inicial do entrev.	lingua no seu fogar act.	galego no seu fogar vs 18 anos	lingua cos colegas (traballo)	lingua cos amigos	lingua nunha semana calquera	galego coa rede social vs 18 anos
DE 26 A 34 ANOS	6 cong.	0.20	ambas	ambas	máis	máis cast.	máis gal.	máis cast.	igual
	6 incong.	0.09	cast.	ambas	máis	máis cast.	máis cast.	ambas	máis
	7 cong.	0.23	cast.	ambas	máis	ambas	m. cast.	ambas	igual
	7 incong.	0.04	cast.	máis cast.	igual	máis cast.	máis cast.	máis cast.	máis
	8 cong.	0.16	cast.	máis gal.	máis	máis cast.	máis gal.	máis gal.	máis
	8 incong.	0.16	cast.	máis cast.	máis	máis cast.	máis cast.	máis cast.	máis
	9 cong.	0.10	cast.	gal.	máis	cast.	máis gal.	máis cast.	máis
	9 incong.	0.10	cast.	máis gal.	máis	máis cast.	máis cast.	cast.	non sabe
	10 cong.	0.06	cast.	gal.	máis	gal.	gal.	gal.	máis
	10 incong.	0.06	cast.	máis cast.	menos	máis cast.	cast.	cast.	igual

b) Na segunda columna (táboas 1 e 2) figura a probabilidade de ser usuario habitual do galego. Esa columna pode considerarse coma un 'test' de verificación de que a selección de suxeitos foi axeitada e da semellanza de características entre os membros de cada par. Na situación ideal, as probabilidade non só deben ser todas baixas, senón que deberían ter ámbolos dous membros do mesmo par a mesma probabilidade. De feito, así sucede en sete dos dez pares. Nos outros

tres, certas diferencias (pouco importantes) na probabilidade son facilmente xustificables: no par terceiro, é a distinta lingua inicial ('ambas' en '3 cong.' e 'castelán' en '3 incong.') o que explica a diferenza de probabilidade; no sexto encontramos esa mesma diferenza na lingua inicial, unida a outra no lugar de nacemento: '6 cong.' naceu nunha 'vila', mentres que '6 incong.' nunha das maiores cidades de Galicia. No sétimo par súmanse os efectos dunha diferenza no lugar de nacemento (rural vs urbano) a outra no nivel de estudos: '7 cong.' non iniciou estudos universitarios, mentres que '7 incong.' culminounos. A isto hai que engadi-lo efecto das diferencias no contorno de aprendizaxe do galego: formal, por vía escolar, en '7 incong.' e informal, dos familiares, veciños e amigos, anque non como lingua inicial, en '7 cong.'. En calquera caso, as probabilidades de ser usuarios habituais do galego son todas bastante baixas, indicio de que se cumpre o requisito máis forte esixido ós posibles suxeitos deste estudio.

c) A terceira columna (táboas 1 e 2) recolle a lingua inicial. En dous casos, '3 cong.' e '6 cong.', encontrámonos diante de suxeitos que, segundo a súa percepción, aprenderon a falar simultaneamente nas dúas linguas. Segundo a nosa información previa, estes dous suxeitos eran ambos castelanfalantes iniciais, polo que estamos posiblemente diante de dous casos de reinterpretación do historial lingüístico. Estas discrepancias nas respostas a unha mesma pregunta con varios anos de transcurso entre as enquisas non son, desde logo, a norma xeral, pero efectivamente poden darse, especialmente en individuos que cambiaron as súas actitudes e o seus usos lingüísticos e tenden a reelabora-lo seu pasado dunha forma máis acorde coas súas prácticas e sentimentos actuais. O seu carácter excepcional ponse de manifesto se comparamos estes casos co '3 incong.', que, fronte ás nosas expectativas, resultou ser unha usuaria habitual do galego, sen que iso a levase a reelabora-lo seu pasado lingüístico, alomenos no que se refire á súa lingua inicial.

d) A columna catro (táboas 1 e 2) contén a lingua habitual no fogar na actualidade. En xeral, hai unha gran consistencia: na casa do membro congruente do par úsase máis o galego que na do membro incongruente, coa excepción do sexto par, no que ámbolos dous membros usan as dúas linguas.

e) A columna quinta (táboas 1 e 2) recolle unha comparanza entre o uso actual do galego no fogar e o que se daba cando o suxeito

tiña 18 anos. Obsérvase un aumento xeneralizado: en catorce casos aumentou, en dous diminuíu, en tres mantense igual e un non sabe. Os dous casos de diminución do uso e o incapaz de comparar corresponden ós membros incongruentes dos seus respectivos pares (o primeiro, o segundo e o décimo). Por outra parte, a resposta 'igual' ven motivada nalgúns casos pola elección dos 18 anos como termo de comparanza, xa que se produciu un cambio do uso habitual do castelán ó uso habitual do galego con anterioridade a esa idade. Tal é, por exemplo, o caso '5 cong.', quen afirma que o seu cambio ó uso do galego produciuse cara os 14 anos, ó incorporarse ós estudos medios.

f) A sexta columna (táboas 1 e 2) contén a percepción dos suxeitos de cá é a lingua habitual cos seus colegas de traballo. Nela apréciase que no grupo de 26 a 34 anos, tres suxeitos catalogados de congruentes fan un uso predominante ou exclusivo do castelán no seu contorno laboral; tal é o caso dos membros congruentes dos pares sexto (auxiliar na *Xunta* de Galicia), oitavo (profesor no Ensino Medio) e noveno (administrativa nunha entidade bancaria). Como contrapartida, o caso '3 incong.' (estudiante) usa só galego cos seus colegas habituais de estudos, considerados nesta investigación sistematicamente compañeiros de traballo, aínda sendo estudantes. Se comparamos estas respostas —que apuntan, como xa dixemos, á percepción global dos suxeitos sobre a lingua falada cos seus colegas de traballo— co índice elaborado por nós a partir da información específica sobre a lingua usada con cada un destes colegas cos que existe unha interacción habitual (índice incluído na táboa 3), encontramos en xeral unha elevada correspondencia: en 15 dos vinte casos o índice correspóndese perfectamente coa percepción global, e en ningún caso hai discrepancias radicais. Os cinco casos parcialmente discrepantes débense en parte á nosa forma de elaboralo índice. Dado que a información sobre a lingua usada especificamente con cada un dos individuos da rede social só contén tres opcións ('sempre en galego', 'algunhas veces en galego' e 'sempre en castelán'), optamos por asignar un valor de 0,5 á opción 'algunhas veces en galego', conscientes de que iso pode producir nalgúns casos un índice que infravalora o uso —como posiblemente suceda en '1 cong.', '2 cong.' e '7 cong.'— ou o supervalora, como quizais, en '6 incong.'. O estudio detallado das transcricións das entrevistas —limitadas por agora a recoller só algúns fragmentos que nos parecen de especial interese— poderá aclarar esta falta de correspondencia, que, por outra parte —insistimos— ten pouca incidencia e non supón un desvío importante da dirección subliñada polos suxeitos ó indicárno-la súa percepción global.

g) A columna sétima (táboas 1 e 2) resume a percepción da lingua falada cos amigos en xeral. As únicas anomalías son, unha vez máis, os casos '3 incong.' —quen se converteu nos últimos anos nunha usuaria habitual do galego— e '7 cong.'. Este último, falante maioritario do castelán cos amigos, acada, sen embargo, no índice correspondente (táboa 3) 0,42, e aínda que este índice deba interpretarse con certa cautela, apunta a un uso máis equilibrado de ámbalas dúas linguas. A correspondencia desta percepción global co índice da táboa 3 presenta máis discrepancias que no caso do traballo, pero cremos que as máis significativas, as que suporían unha flagrante contradición —coma en '6 cong.' ou en '8 cong.', que aseguran usar preferentemente o galego cos amigos e que teñen na táboa 3 un índice de 0,00— poden explicarse se tomamos en consideración que nesa táboa figuran dous índices para os amigos: un para os amigos en xeral e outro para os amigos íntimos. Así, o caso '6 cong.' ten cos íntimos un índice de 1.00, o que equivale a un uso exclusivo do galego.

h) A penúltima columna (táboas 1 e 2) contén a percepción dos suxeitos acerca de cal é a lingua que usan co conxunto dos membros da súa rede social nunha semana calquera. Unha vez máis atopámonos, naturalmente, coa excepción de '3 incong.', ás que hai que engadir '6 cong.' e '9 cong.', que usan máis o castelán. Isto débese probablemente ó peso que teñen nunha semana por termo medio os distintos tipos de interaccións, pero só un estudio detallado das transcricións podería aclarárnolo.

i) A última columna (táboas 1 e 2) recolle unha autoestimación do uso actual do galego co conxunto dos membros da rede comparado co que facían os suxeitos coa súa respectiva rede cando tiñan 18 anos. Coma na comparación xa vista sobre a lingua utilizada no fogar, observamos que a maioría (trece suxeitos) aumentaron o seu uso do galego, un 'non sabe', cinco mantéñeno igual e só un admite facer menos uso desta lingua.

En canto a outras características relevantes para este estudio, non recollidas na táboas, recordemos que soamente catro teñen parella estable, outros tantos declararon ter descendencia, doce traballan actualmente, seis son estudantes e dous están desempregados.

En xeral cumpríronse os supostos iniciais segundo a información dispoñible no Seminario de Sociolingüística. Quen foi considerado congruente nos cinco pares do grupo de menor idade éo efecti-

vamente; tamén o son, sen ningunha dúbida, os dos pares oitavo e décimo no grupo de máis idade; en menor medida o son os dos pares sexto e noveno, pero hai neles alomenos algún contexto no que predomina o uso do galego. Por exemplo, o suxeito '6 cong.', que, como xa vimos, presenta un índice de 0,00 cos amigos en xeral —trazo que non se corresponde coa súa caracterización de congruente— sen embargo, cos amigos íntimos —como el mesmo nos explicou: "con eses amigos falo moitas máis horas que cos demais"— usa exclusivamente o galego (índice 1.00). O caso '7 cong.' é o que máis se desvía da congruencia esperada, e por iso destacámolo en trazo groso na táboa 2. En canto ós incongruentes, só o do par terceiro presenta unha evidente anomalía (tamén resaltada en trazo groso na táboa 1) sen que isto implique en ningún caso que a nosa información previa estivese equivocada en relación co período no que foi recollida; simplemente, se trata dunha rapaza que experimentou un notable cambio lingüístico.

Una evolución menor, pero en xeral favorable ó galego, se observa na maioría dos suxeitos, pois arredor do 70% reconece ter aumentado o uso desta lingua respecto ó que facía cando tiña 18 anos, tanto no que se refire ó emprego no fogar como ó uso co conxunto das persoas coas que se relaciona habitualmente. Só dous suxeitos admiten usar agora menos o galego: '1 incong.' entre os máis novos e '10 incong.' entre os de máis idade.

Antes de entrar na análise das razóns aducidas polos entrevistados para explica-lo aumento do seu uso do galego —que en once dos casos, contra todo prognóstico, desembocou na consolidación dun claro predominio desta lingua— vexámo-los índices presentados nas táboas 3 e 4, relativos ás redes de interacción habituais de cada un dos suxeitos.

4. Os suxeitos e as súas redes

A táboa 3, recolle na primeira columna —o mesmo que nas táboas 1 e 2— os pares de suxeitos, divididos en dous grupos de idade. As columnas seguintes conteñen os índices de densidade da rede (columna segunda), densidade de uso do galego na rede básica (columna terceira), o emprego do galego por parte dos suxeitos coa totalidade dos individuos ós que se referiu durante a entrevista (columna cuarta), e tres índices parciais relativos a subconxuntos deses individuos: cos colegas de traballo (columna quinta), cos amigos en xeral (columna sexta) e cos amigos íntimos, na última columna.

Táboa 3. *Algunhas características lingüísticas dos suxeitos segundo as súas redes sociais.*

PARES		ÍNDICES					
		densi- dade da rede	densi- dade uso galego na rede	uso galego coa totali- dade	uso do galego no traballo	uso do galego cos amigos	uso do galego cos amigos íntimos
DE 16 A 25 ANOS	1 cong.	0.36	0.19	0.67	0.5	1.00	0.67
	1 incong.	0.25	0.06	0.00	0.00	0.00	0.00
	2 cong.	0.43	0.08	0.66	0.50	0.50	—
	2 incong.	0.60	0.11	0.25	0.00	0.30	0.50
	3 cong.	0.69	0.71	0.88	1.00	0.80	1.00
	3 incong.	0.54	0.40	0.61	0.83	0.75	0.75
	4 cong.	0.40	0.42	0.75	0.58	0.90	1.00
	4 incong.	0.57	0.12	0.19	0.50	0.10	0.00
	5 cong.	0.50	0.00	0.56	0.62	0.50	0.50
	5 incong.	0.50	0.00	0.14	0.10	0.50	0.00
	6 cong.	0.36	0.30	0.25	0.17	0.00	1.00
	6 incong.	0.64	0.50	0.47	0.50	0.40	0.50
	7 cong.	0.80	0.00	0.36	0.33	0.42	0.17
	7 incong.	0.29	0.33	0.43	0.12	0.40	0.17
	8 cong.	0.56	0.60	0.53	0.20	0.00	0.50
	8 incong.	0.40	0.87	0.50	0.50	0.50	0.50
DE 26 A 34 ANOS	9 cong.	0.53	0.12	0.17	0.00	0.20	0.75
	9 incong.	0.47	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00
	10 cong.	0.46	0.42	0.77	1.00	0.83	1.00
	10 incong.	0.80	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00

Na táboa 4 encontrámo-lo número total de individuos ós que se referiron os entrevistados como parte da súa rede (columna segun-

da), o número de suxeitos que forman a súa rede 'básica' (columna terceira), a antigüidade por termo medio da relación en anos, calculada sobre o total dos membros da rede (columna cuarta), e tres índices similares para subconxuntos de individuos: os colegas de traballo (columna quinta), os amigos en xeral (columna sexta) e os amigos íntimos (columna sétima).

Dispoñer de tantos índices para tan poucos suxeitos fai que non sexa demasiado rendible unha análise detallada de cada un deles, polo que nos limitaremos a expoñer algunhas tendencias xerais, para entrar no apartado seguinte na análise dalgúns casos específicos.

Non parece haber ningunha sistematicidade nas diferencias existentes no índice de densidade da rede. As análises de varianza correspondentes mostraron que non son estatisticamente significativas as diferencias de grupo de idade, sexo, congruencia, situación laboral, establecemento de relacións afectivas, nin ter ou non descendencia. Tampouco incide significativamente ningunha das variables anteriores na densidade do galego na rede; de feito, rexistramos casos de individuos congruentes onde a rede básica ten un índice de densidade do galego de 0,00, coma o '5 cong.', ou moi baixos, coma o '1 cong.'; e, á inversa, encontramos casos coma o '8 incong.', cunha rede de uso do galego moi superior ó seu.

En contraste cos dous índices anteriores, o uso do galego que fan os suxeitos coa totalidade dos individuos que mencionaron como membros da súa rede social resultou ser sensible a unha (e soamente a ela) das variables anteriores: a congruencia ($F = 8,2438$, $p = 0,0102$, $1/18$). En efecto, a media xeral para os congruentes é moi superior ($\bar{x} = 0,56$) á dos non congruentes ($\bar{x} = 0,26$).

Pese a que as diferencias entre as medias de congruentes e incongruentes son case iguais ás anteriores no índice parcial para o uso do galego cos compañeiros de traballo ($\bar{x} = 0,49$ para os congruentes e $0,26$ para os non congruentes), a diferenza non é estatisticamente significativa ó nivel de $0,05$ ($F = 2,7366$, $p = 0,1154$, $1/18$), debido sen dúbida á elevada desviación típica, que é mesmo superior á media no caso dos non congruentes. Non obstante, debe terse en conta a influencia do caso '3 incong.', que, como reiteradamente dixemos, resultou ser congruente, en contra das nosas expectativas. Se eliminamos este caso, a congruencia incide significativamente neste índice: $F = 4,9855$, $p = 0,0393$, $1/17$, e a media para os non congruentes baixa a $0,19$. O mesmo sucede, naturalmente, e de forma máis notoria, se reclasificámo-lo caso '3 incong.' como congruente: $F = 6,2624$, $p = 0,0222$, $1/18$, sendo agora a media para os congruentes $0,52$, e $0,19$

para os non congruentes, cunha redución moi importante na desviación típica.

Táboa 4. Algunhas características das redes dos suxeitos.

PARES		ÍNDICES					
		tamaño rede total	tamaño rede básica	antig. media total	antig. media traballo	antig. media amigos	antig. media íntimos
DE 16 A 25 ANOS	1 cong.	26	10	7.52	1.17	6.6	11.83
	1 incong.	17	9	4.76	2.6	4.33	3
	2 cong.	16	8	6.81	1.5	11.5	—
	2 incong.	8	6	7.9	4	6.02	17.5
	3 cong.	13	10	3.85	2.33	2.8	3
	3 incong.	22	8	9.39	3.67	13	7.5
	4 cong.	13	6	6.75	4	10.2	6
	4 incong.	13	8	6.23	4	8.4	7.33
	5 cong.	9	5	8.22	1	15.5	8
	5 incong.	7	4	6.86	4.2	22	5
DE 26 A 34 ANOS	6 cong.	20	8	7.75	5	4.5	20
	6 incong.	18	9	19	19.6	16.4	19.6
	7 cong.	7	5	21.14	18	19	18
	7 incong.	14	7	7.38	7.75	6.75	15
	8 cong.	20	5	8.2	4	13.5	12
	8 incong.	7	5	4.86	1.67	4	17
	9 cong.	12	6	8.42	5	8	18
	9 incong.	11	6	7.27	4	10	10
	10 cong.	22	8	5.06	3	4.5	8.5
	10 incong.	11	6	12.73	10	14.2	27

O mesmo que co índice anterior, sucede co relativo ós amigos: ningunha variable presenta unha incidencia estatisticamente signifi-

cativa, agás a congruencia se reclasificámo-lo caso '3 incong.' como congruente. En cambio, o índice que mide o uso do galego cos amigos íntimos mostra esa incidencia da congruencia sen necesidade de reclasifica-lo caso '3 incong.' ($F=13,0939$, $p=0,002$, $1/17$).

As correlacións entre os distintos índices de uso son elevadas, xa que os índices para a lingua usada cos colegas de traballo, cos amigos en xeral e cos amigos íntimos están calculados sobre subconxuntos da rede total de relacións, polo que non é estraño que correlacionen significativamente co índice que mide o uso do galego coa totalidade da rede. As correlacións son as seguintes:

uso total - uso cos colegas de traballo:	$R = 0,87$ ($p = 0,000$)
uso total - uso cos amigos en xeral:	$R = 0,82$ ($p = 0,000$)
Uso total - uso cos amigos íntimos:	$R = 0,74$ ($p = 0,000$)

Tamén é significativa, naturalmente, a correlación entre o uso do galego coa totalidade das relacións e a densidade do galego na rede ($R = 0,60$, $p = 0,005$). Pero os diversos índices de uso parciais, en cambio, non correlacionan con dita densidade, a excepción do do uso cos amigos íntimos: $R = 0,56$, $p = 0,013$. Isto apunta a importantes discrepancias nalgúns casos, ós que convén prestar especial atención.

5. *Análise dalgúns casos*

A comparanza das densidades de galego na rede co índice de uso total do galego de cada entrevistado resulta favorable para o segundo nos casos '2 cong.' (+0,58), '5 cong.' (+0,56), '1 cong.' (+0,48), '7 cong.' (+0,36) e '10 cong.' (+0,35). Estamos, pois, diante de individuos que fan un uso do galego considerablemente maior que o dos membros da súa rede básica entre eles. Pola contra, a comparación resulta desfavorable nos casos '8 incong.' (-0,37), '8 cong.' (-0,07), '1 incong.' (-0,06) e '6 cong.' (-0,05). Nótese que no '1 incong.' coincide coa apreciación do propio entrevistado.

De acordo con estes resultados procede, pois, unha explicación dos casos de:

- a) incremento do uso do galego segundo estimación dos propios entrevistados e por comparación das densidades citadas
- b) diminución do uso do galego, segundo os mesmos criterios
- c) anomalías, segundo a definición de congruencia / non-congruencia.

a) *Aumento do uso do galego*

a.1. Vexámolo en primeiro lugar segundo a estimación dos propios suxeitos (columnas quinta e última das táboas 1 e 2) respecto a se aumentou ou non o uso do galego no seu fogar e co conxunto da súa rede social en comparanza cos 18 anos.

Dentro da tendencia dominante, xa subliñada, a recoñecer un aumento do uso do galego en relación ós 18 anos, convén destacar algunhas diferencias, sobre todo entre o grupo de congruentes e o de non congruentes. Entre os primeiros non se rexistra ningún caso de diminución de uso do galego e ademais é maior o número dos que incrementaron o uso deste idioma no fogar: nove, fronte a cinco no grupo de non congruentes. Tamén coa totalidade da súa rede os congruentes superan ós seus opostos na súa estimación do aumento do uso do galego respecto ós 18 anos. Esta estimación dos propios entrevistados tende a concordar coas densidades de galego nas redes dun e outro grupo.

a.2. Analicemos agora aqueles casos nos que o índice de uso do galego (táboa 3) coa totalidade da rede é significativamente superior á densidade do galego na rede básica.

Os casos '2 cong.' (+0,58) '5 cong.' (+0,56), '1 cong.' (+0,48) e '10 cong.' (+0,35) presentan características semellantes. Todos son exemplos de cambio de lingua favorable ó galego por convicción ideolóxica, que desembocaron nun uso deste idioma moi superior ó que presentan as súas correspondentes redes básicas. En todos eles o cambio produciuse na etapa escolar da Secundaria. Esta incorporación tardía e a súa procedencia castelanfalante —todos tiveron o castelán por lingua materna— fai que presenten trazos propios dos neogalegofalantes: fónicos e especialmente léxicos: *coido, pobo, alugado, a cotío, empregado, xornal*, e outras palabras que raramente usaría quen ten o galego como lingua inicial. Todos amosan unha notoria conciencia do papel identitario da lingua. Velaquí algúns das súas testemuñas coas que explican o seu cambio:

CASO '2 CONG.': "Non sei, sopoño que me daba rabia, un pouco, [...] non telo falado, non saber falalo" [...] "sendo algo que temos aquí [...] nacín aquí [...] non sei como decirte [...] me apetecía falar, aí empezou todo [...] na época do Instituto [...]". "Agora falo sempre [...] a non ser que alguén de fóra diga: é que non entendo nada. Entón é cando cambio de lingua". "Facer por que non se perda [...] querer non deixar de lado todo isto [...] eso... que non se perda".

CASO '5 CONG.': "No Colexio tamén reprimían moito falar galego".
 "Se son galega, teño que falar galego [...] "a madurez, se estás en Galicia, usa o idioma do país no que estás". "Empezámolo a falar meu ermau a máis eu ó mesmo tempo". "Gústannme as diferencias entre o interior e a costa [...]". "O bilingüismo como se está tratando aquí produce diglosia".

CASO '1 CONG.': "[...] pero ó vir para A Coruña [...] empezaba a falar castelán [...] que ós fillos hai que falarlles castelán que así prospera mellor o teu fillo [...] nos inculcaron unha educación en castelán".

"Debe se-la revolución esta da adolescencia [...]". "Percateime que a miña lingua era o galego". "Debe ser pola vida estudiantil que contactei con moita xente que falaba o galego [...] sobre todo non Instituto, o que me deu o gran paso". "Me levantei con ánimos galeguistas e empecei a falar galego".

"Cando me chamaches me dixeches Javier [xoβr'e]. Non, é Xavier [joβr'e].

O caso '7 cong.' (+0,36) responde a cambios de carácter funcional, quizá por acomodación converxente inducida por razóns laborais (dedícase á venda domiciliar de enxoval de cociña, anque ten tamén outro tipo de responsabilidades na empresa). Non obstante, nótese que a densidade da presenza do galego da súa rede é nula (0,00) e polo tanto, o menor incremento pode resultar significativo. En calquera caso, carece da convicción ideolóxica observada nos exemplos anteriores. Esta é a súa explicación:

"Depende de con quen estea falando [...] se me falan en castelán, falo en castelán, [...] e que xa me sale, non é que teña que pensalo" [...] "unhas veces en castelán, outras en galego". "A miña filla cando lle falo en galego dime: hálame en castellano, mamá".

"Ahora mismo, porque co traballo falo moito máis en galego".

"Gústame que utilices a linguaxe para comunicarte [...] tanto que sea cun idioma como con outro" [...] "e non que se utilice unha lingua como política [...] moita xente penso que o fai por quedar ben [...] porque nunca na vida o falou e agora [...] tampouco digo que sexa malo". "[...] eso que, eu primeiro galega e despois [...] pero non chegar a eses extremos".

b) Diminución no uso do galego

b.1. Ó igual que no apartado anterior, vexámo-la diminución en primeiro lugar segundo a estimación dos propios suxeitos

(columnas quinta e última das táboas 1 e 2) respecto ó uso actual do galego no seu fogar e co conxunto da súa rede social en comparanza cos 18 anos.

Só dous casos ('1 incong.' e '10 incong.'), ámbolos dous non congruentes, afirman ter reducido o seu uso do galego no fogar respecto ós 18 anos. No caso '1 incong.' esta perda esténdese tamén á rede.

En ámbolos dous entrevistados, o abandono do uso limitado que facían do galego durante o período escolar —debido á presenza desta lingua no 'curriculum' docente— prodúcese ó finalizar estes estudos. Deben ser considerados casos de incorporación circunstancial ou temporal ó galego.

O caso '1 incong.' pertence a unha rede, que a pesar de ter certa amplitude (9 membros na rede básica) conta con moi poucos lazos entre eles (só 8 dos 36 posibles). Tanto con eles como coa totalidade dos membros da súa rede, este suxeito fala exclusivamente en castelán.

No caso '10 incong.', aínda tratándose dunha rede diferente —menos ampla e máis densa— tanto as interaccións dos membros da rede básica entre eles como as do suxeito coa totalidade dos membros da súa son exclusivamente en castelán. Esta é a súa explicación do abandono do galego:

"El no usarlo habitualmente [...] el dejar de estudiarlo". "Como en mi casa non se habla [...] y en el ámbito que me rodea no se habla [...] era el único sitio (la escuela) donde tenía que hablarlo [...] eso hacía que si me hablaban en gallego respondía en gallego". "Me falta vocabulario, me faltan palabras para decir lo que quiero". "Cuando quiero realmente expresarme me cambio al castellano".

b.2. O caso máis destacado no que o índice de uso propio do galego é considerablemente inferior á densidade do galego na rede básica é o caso '8 incong.', que presenta unha diferenza de 0,37 entre ámbolos dous índices, favorable á rede: trátase, pois, dun individuo que, pese a estar inmerso nunha rede de galegofalantes (0,87), fai pouco uso do galego. A discrepancia podería ser incluso maior que a que reflicten os índices, pois o valor de 0,50 no uso propio ben podería deberse á insuficiente gradación nas opcións de resposta (recórdese que foron só tres: en galego, ás veces en galego, nunca en galego, ás que asignamos respectivamente os valores de 1, 0,5 e 0). Este suxeito fala 'ás veces en galego' con tódolos membros da súa rede, e de aí provén o valor de 0,50; pero, se como el mesmo nos

dixo, "con Xosé falo ás veces en galego, e con Xurxo tamén, pero algo máis que co anterior", resulta que co primeiro úsao realmente moi pouco. Ademais, noutro lugar da entrevista confírmannos que "con Xosé falo máis en castelán", uso compensado de acordo coa súa declaración de que "con Xurxo falo máis en galego". Estea ou non sobrevalorado o índice de uso propio, é evidente que se trata dun caso onde o emprego persoal do galego é inferior ó da súa rede, pero tamén dun individuo que aumentou o seu uso do galego (táboa 2), por ter feito cursos desta lingua e porque segundo el "cambiou o contorno".

c) Anomalías en relación coas previsións de congruencia / incongruencia

Analícemos, por último, algúns dos casos nos que se presentan anomalías en relación coas nosas previsións iniciais sobre a congruencia ou incongruencia dos suxeitos seleccionados.

c.1. Grupo dos congruentes (competentes en galego e usuarios desta lingua).

Dado que o grupo se definira polo seu emprego habitual do galego, as densidades de uso propio co total dos membros da rede inferiores a 0,50 (cuarta columna da táboa 3) merecen certa atención. Referímonos ós baixos índices de uso propio dos casos '9 cong.' (cun índice de 0,17), '6 cong.' (0,25) e '7 cong.' (0,36). Este escaso uso do galego vese ratificado en dous casos ('6 cong.' e '9 cong.') polos datos da columna oito (lingua nunha semana calquera) da táboa 2 xa que ámbolos dous suxeitos afirman que usan 'máis castelán'.

Os tres casos son exemplo de pertenza a redes bastante ou moi castelanizadas nalgunha das compoñentes estudadas. No caso '9 cong.', observamos un uso exclusivo do castelán con toda a súa rede laboral (táboa 3) e un uso preferente do mesmo con boa parte das súas amizades, agás os amigos íntimos (0,75), cos que predomina claramente o uso do galego. No caso '6 cong.' o emprego do castelán é tamén alto coa totalidade (0,25), nas compoñentes laboral (0,17) e total coas amizades en xeral (0,00); en cambio, cos amigos íntimos (1,00) presenta un uso exclusivo do galego. No caso '7 cong.' —á parte da castelanización (0,00) da súa rede— tamén se aprecia un uso considerable desta lingua na súa rede laboral e amigable, sobre todo cos amigos íntimos (0,17). Recórdese, ademais, a súa condición de bilingüe habitual (táboa 2) comentada anteriormente. Nestes tres casos podemos, por conseguinte, atribuír este baixo índice no uso total do

galego —menor do esperado— ó influxo de diversas partes da súa rede social.

c.2. Grupo dos non congruentes (competentes en galego e usuarios do castelán).

Caracterizado o grupo polo seu emprego do castelán, poden considerarse casos anómalos os índices de uso propio co total dos membros da rede (cuarta columna da táboa 3) superiores ou iguais a 0,50.

En efecto, o caso '3 incong.' (0,61) e os fronteirizos '6 incong.' (0,47) e '8 incong.' (0,50) superan as previsións de uso do galego. O primeiro é un claro exemplo de cambio de lingua bastante radical, motivado —segundo a entrevistada— polo contacto con compañeiros galegofalantes no Ensino secundario, e pola superación dos prexuízos en contra do galego que lle foran transmitidos por algúns membros da súa familia. A intensidade do seu cambio apréciase claramente na táboa 1, na que algunhas das celas deste suxeito figuran en trazo groso, para destacar así a anomalía que supón encontrarse con alguén a quen imaxinabamos usuaria habitual do castelán e que resultou empregar maioritariamente o galego no fogar, no traballo e cos amigos, a pesar de que a densidade do galego na súa rede básica é relativamente baixa (0,40), o que supón que nas interaccións entre os membros desa rede básica (excluídas as que teñen coa propia entrevistada) predomina lixeiramente o castelán. Velaquí os seus testemuños:

"Me educaron como ensinando que o galego era unha lingua de xente da aldea". "Os compañeiros [de Instituto] vexo que falan galego". "Cambia a maneira de pensar, tes outro punto de vista [...] non estás presionada polo castelán [...] agora velo distinto [...] non é para sentir vergoña fala-lo galego [...] cando estudiaba EXB alí —refírese a un centro privado— o que falaba galego ríanse del [...] en cambio, no Instituto, na Facultade hai máis liberdade de expresión [...]"

Os casos '6 incong.' e '8 incong.' deben considerarse bilingües de acordo co valor obtido segundo o procedemento de cálculo do índice de uso propio indicado arriba. No '6 incong.' as interaccións cos membros da súa rede (táboa 2) corresponden ós modelos 'máis en castelán' ou o de 'ámbalas dúas linguas', concordando así coa tendencia bilingüe, dominante (táboa 3) nas dos membros da súa rede. Responde a un caso de semiconversión ó galego por adaptación ás novas circunstancias conxunturais. Esta é a súa explicación:

“Un vai vendo o que lle pasa a este país e vai tomando conciencia”
“Por gusto a integrarse na terra [...]” “Por compromiso coa lingua”.

6. *As motivacións: recapitulación*

Vexamos finalmente, case de forma sinóptica, unha síntese das motivacións aducidas polos suxeitos para o aumento do seu uso do galego. Non paga a pena deterse nos dous casos que afirman telo reducido porque só fixeron uso do mesmo de forma esporádica durante a súa vida escolar, debido á existencia da materia ‘Galego’, de aí que, unha vez finalizado o ciclo escolar, ese uso ocasional desaparecese. En contraste con estes dous casos, noutros o contacto co galego durante a etapa escolar —non tanto coa materia ‘Galego’ coma cos compañeiros que o usaban habitualmente— repercutiu nun aumento sostido do seu uso.

Boa parte do aumento do uso do galego débese —segundo os propios entrevistados— a razóns ideolóxicas: concienciación, necesidade de preserva-lo galego, identidade da lingua e superación de vellos prexuizos.

É tamén considerable o aumento por cambios na composición da rede social. Neste sentido convén destaca-lo inicio de estudos no nivel de Secundaria, a entrada na Universidade, e nalgún caso, a incorporación ó mundo laboral, aínda que non faltan exemplos nos que esta redonda nunha diminución do uso do galego.

Aducíronse, ademais, motivos de carácter conxuntural, derivados do proceso de institucionalización do galego. Algúns cren que a implantación desta lingua na vida pública trouxo consigo un ambiente máis propicio para o seu emprego, unha maior liberdade para o seu uso e unha superación de certos prexuizos.

Por último, menor importancia merecen a mellora na competencia mediante cursos específicos e os casos de acomodación funcional.

Obviamente, estes resultados corresponden a un estudio piloto, polo que deben ser interpretados coa debida cautela. Algunhas das hipóteses iniciais confírmanse parcialmente: os cambios na composición da rede son importantes para o uso da lingua. Neste sentido, parecen adquirir maior relevancia os debidos á inserción nos dous últimos niveis do sistema escolar que os causados pola incorporación ó mundo laboral.

En canto ás outras dimensións do tránsito da adolescencia á vida adulta —establecemento de relacións afectivas estables e pro-

creación— o reducidísimo número de casos non nos permite nin sequer aventurar unha resposta. Hai alomenos un exemplo na nosa mostra no que o matrimonio cun usuario exclusivo do galego arras-trou á cónxuxe a un emprego tamén exclusivo desta lingua no fogar só co seu marido. Non obstante, ó seu fillo, nado recente, en presen-cia de ámbolos dous proxenitores fálalle en galego, pero en ausencia do pai, a nai fálalle en castelán. Este caso aínda que encaixa ben coas hipóteses de partida sería a todas luces excesivo soste-der que as con-firma. Nos outros tres suxeitos que estableceron relacións de parella estable, fíxérono con persoas de usos lingüísticos similares, de modo que os cambios que iso supoñía na composición da rede non tiveron repercusións lingüísticas. A escasa presenza na nosa mostra de indi-viduos con relacións afectivas estables e con fillos responde a un pro-ceso xeneralizado de demora na adopción de decisións deste tipo, polo que habería que preguntarse ata onde deben seguir tomándose como puntos de referencia para o tránsito á vida adulta.

En síntese, os nosos resultados apuntan cara unha maior im-portancia dos cambios na composición das redes que teñen lugar du-rante a adolescencia ou ó seu final. Entre eles destacámo-los referidos ó ensino: a entrada no Secundario e a incorporación á Universidade.

Finalmente, non podemos deixar de referirnos a un dos aspec-tos metodolóxicos máis importantes deste traballo: a integración de datos cuantitativos e cualitativos. Desde esta perspectiva, e aínda tra-tándose dun primeiro e tímido paso, manifestamente mellorable, os resultados obtidos neste estudio —expostos aquí só en parte por mo-tivos de espazo— son alentadores, polo que nos parece aconsellable continuar explorando as posibilidades desa integración.

APÉNDICE: FONTES COAS QUE OS ENTREVISTADOS XUSTIFICAN OS
CAMBIOS:

RAZÓN 1 (R-1): aumento / diminución do uso no fogar.

RAZÓN 2 (R-2): aumento / diminución do uso na rede.

ENTREVISTADO 1:

R-1. Rematou a súa vida escolar, co que deixou de estudia-lo galego na escola.

R-2. Cambio de membros na rede

ENTREVISTADO 2:

R-1. Non sabería dicir. O ambiente quizais é hoxe máis propicio para falar galego.

R-2. A moitos membros da rede, ós 18 anos non os coñecía.

ENTREVISTADO 3:

R-1. Antes falar castelán ou galego non era un feito problemático. Ó chegar á Universidade concienciouse. Cambio ideolóxico.

R-2. Cambio por concienciación.

ENTREVISTADO 4:

R-1. Fálao moito mais, por razóns sociais e culturais. "Un vai vendo o que lle pasa a este país e vai tomando conciencia. É por gusto de integrarse na terra."

R-2. Por motivos sociais e culturais e por compromiso coa lingua.

ENTREVISTADO 5:

R-1. Comezou a falar galego sempre ós 16 anos por concienciación social e por influencia da familia, dos profesores e doutros factores.

R-2. Por concienciación. "O que escoitas no Instituto, na familia, ...".

ENTREVISTADO 6:

R-1. Educárona dicindo que o galego era unha lingua de xente da aldea. Agora non é así. Cos compañeiros, etc. ve que todo o mundo fala galego. Cambio no período do Instituto.

R-2. Cambiou a maneira de pensar. "Tes outro punto de vista, non estás presionado polo castelán. Antes o castelán era un nivel superior". "Cando estudiaba EXB, a que falaba galego ríanse dela. Ó cambiar para o Instituto e para a Facultade hai mais liberdade de expresión".

ENTREVISTADO 7:

- R-1. Influencia dos amigos e de familiares (interacción coa avoa). Antes parecíalle máis difícil falar galego, pero o contorno fíxoa cambiar.
- R-2. Agora coñece persoas na Universidade que falan sempre en galego. Como a xente que ten no seu arredor fala máis en galego, ela tamén fala máis.

ENTREVISTADO 8:

- R-1. Cambio de relacións e amigos. O medio, a xente coa que se relacionaba, e certo compromiso político e sindical. O paso do Bacharelato á Universidade. Todo esta relacionado.
- R-2. Por compromiso, por evolución persoal e por cambios no círculo de relacións.

ENTREVISTADO 9:

- R-1. Cambiou o contorno.
- R-2. Por cambios no contorno e por ter asistido a cursos de galego.

ENTREVISTADO 10:

- R-1. Fixo o cambio ós 14 anos por influxos familiares. Mais tarde por concienciación. "É unha cuestión de madurez persoal".
- R-2. O cambio produciuse cando se incorporou ó Instituto. Ó entrar comezou a falar en galego. Na súa clase había unhas tres persoas que falaban sempre en galego.

ENTREVISTADO 11:

- R-1. "Ó traballar na Administración ás veces hai que falar en galego". O feito de estudar galego no colexio quizais influíu en falalo máis na casa. O cambio fundamental foi previo a comezar a traballar.
- R-2. Non coñecía ós membros da súa rede antes dos 18 anos.

ENTREVISTADO 13:

- R-1.
- R-2. "Percateime de que a miña lingua era o galego. Debe ser pola vida estudantil, que contactei con moita xente que falaba o galego, sobre todo no Instituto, o que me fixo da-lo gran paso. Eruguinme con ánimos galeguistas e empecei a falar galego".

ENTREVISTADO 14:

- R-1. Non usalo habitualmente. "Como na miña casa non se fala, e no ámbito que me rodea non se fala". Deixar de estudia-lo galego "A escola era o único sitio onde tiña que falalo. Iso facía que se

me falaban en galego... respondía en galego". Fáltame vocabulario.

R-2.

ENTREVISTADO 15:

R-1. Por Influencia da escola, maduración persoal e cambio de mentalidade. Cambiou do castelán ó galego no Instituto. Gustoulle moito a Literatura galega.

R-2. Por maior madurez e identificación co idioma. Sobre todo pensar en galego. "Agora penso en galego".

ENTREVISTADO 16:

R-1. "Todo empezou na época do Instituto. Supoño que me daba un pouco de rabia non saber falalo, sendo algo que temos aquí. É un tema de conciencia, que non ten que ver co cambio de amigos ou de relacións. Os amigos a maioría falaban castelán".

R-2. Por procurar conserva-lo idioma. "Facer por que non se perda".

ENTREVISTADO 17:

R-1. Para evitar sentirse desprazada porque o seu marido fala galego.

R-2. Po influxo do contorno.

ENTREVISTADO 18:

R-1. Estaba acostumado a falar en castelán, co que cambiar de lingua supón un pequeno traballo que non se consegue sen concienciarse.

R-2. "Porque con 18 anos non tes tempo para pensar neste tipo de cousas, con 25 anos e buscando o futuro tes que pensar noutros temas, e o galego se non o tes moi asumido é un tema que queda para despois". "Cando non mamas o galego desde sempre..."

ENTREVISTADO 19:

R-1. Por cambio no contorno laboral. "Porque agora no traballo está moito máis ... falar en galego que falar castelán".

R-2.

ENTREVISTADO 20:

R-1.

R-2. Por cambio de membros na súa rede.

me habéis en el... respondiendo en el...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

...
...
...

PORCENTAXES DE GALEGO NA PRENSA DIARIA DÚAS CATAS EN OUTUBRO E NOVEMBRO DE 1998

XESÚS FERRO RUIBAL

Centro "Ramón Piñeiro" para a Investigación en Humanidades

A existencia longamente soñada dun xornal integramente escrito na lingua propia de Galicia, durante tanto tempo anunciada por Isaac Díaz Pardo, fíxose realidade o día de Reis do ano 1994. Entre o ruxerruxe de que *La Voz de Galicia* e *A Nosa Terra* andaban argallando a creación de cadanseu xornal en galego, apareceu por sorpresa *O Correo Galego*. A criatura naceu onde poucos sabían que se xestaba. A alegría do galeguismo foi explícita durante semanas non só pola realización dunha vella aspiración senón porque se esperaba que, nunha economía de mercado, *O Correo* provocase a aparición doutros xornais en galego e que aumentase a presenza de páxinas en galego nos xornais existentes.

Sen embargo, cinco anos despois teño a sensación de que *O Correo* non foi a locomotora que moitos imaxinabamos. Vento que a existencia deste xornal produciu un encerramento no castelán dos outros xornais, coma se o galego pasara a ser responsabilidade exclusiva do xornal benxamín; a miña impresión superficial é que as outras cabeceiras limitaron o uso do galego tanto en cantidade coma en temas, deixando, naturalmente, as páxinas abertas a insertos pagados nesa lingua.

Esta curiosidade levoume a facer unha pequena medición para unha intervención nas Xornadas da Asociación de Periodistas de Galicia (*O galego nos Medios de Comunicación do século XXI*), que tivo lugar na Toxa os días 30 e 31.10.1998, e que agora fago pública. Escollín daquela tres días que me parecen representativos do que é a media semanal (sábado domingo e luns) e posteriormente decidín buscar datos dun mes enteiro para facer unha comparación con outras xa publicadas. Da primeira medición analizo tamén os contidos; da segunda dou só as porcentaxes finais.

1. O galego, lingua emerxente

Razóns políticas, que veñen de moitos séculos atrás, impediron de momento que a lingua galega acadase o máis alto rango das linguas de traballo da Unión Europea. Pero, se non a deixaron acceder a ese clube selecto de linguas, a Comisión reconece que o galego non é o que se adoita entender por *lingua minoritaria*, xa que os niveis de uso e competencia lingüística dos habitantes de Galicia e o nivel acadado polo seu proceso de normalización danlle a condición de lingua maioritaria no seu territorio natural. O *Euromosaic*¹, ese estudio no que se comparan sete parámetros de 48 linguas *menos utilizadas* da Unión, sitúa o galego no posto número cinco, só detrás de tres linguas estatais: o luxemburgués, o alemán en Nova Bélxica e en Italia (onde é lingua extraterritorial), e mailo catalán en Cataluña; pero por diante de linguas de Estado coma o irlandés, por diante de linguas de Estado noutros territorios (alemán en Dinamarca ou na Antiga Bélxica², francés en Italia, holandés en Francia) e, por suposto, por diante do vasco, do catalán en Valencia e Baleares, do ladino, occitano, galés, frisón e así seguido ata 48. Utilizando un símil futbolístico –que xa usei noutra ocasión– podemos dicir que a nosa lingua non xoga a Liga de Campións pero xoga a Copa da UEFA.

2. Clientela posible: a capacidade de ler en galego

Para que a medición do uso dunha lingua por parte da prensa escrita resulte significativa, é dicir, para sabermos se as porcentaxes que atopamos son moito ou pouco, se é posible aumentar ou non

¹ COMISIÓN EUROPEA: *Euromosaic. Producción e reprodución dos grupos lingüísticos minoritarios da UE*. Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas, Luxemburgo 1996 (Versión galega do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela 1996). Este estudio de 158 páxinas é un documento para uso interno dos servizos da Comisión, redactado por Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams, que coordinaron unha ampla rede de especialistas de toda a Unión. Os parámetros que mediron en cada lingua foron o uso no ámbito familiar, a reprodución cultural, a presenza na comunidade, o prestixio, a institucionalización, a lexitimación e a presenza na educación. En todos eles, sobre catro puntos posibles, o galego acadou 3.

² Nova Bélxica refírese ós territorios fronteirizos con Alemaña incorporados a Bélxica en 1919, e a Antiga Bélxica ós territorios fronteirizos con Luxemburgo (Montzener Land, Boicholz e Areler Land) que no século XIX viron mover varias veces a fronteira.

esas porcentaxes, non só temos que dispoñer de medicións fiables dese uso na prensa, senón que precisamos saber cal é o grao de competencia lingüística da Comunidade nesa lingua e cal é o perfil do lector medio de cada xornal (ou, polo menos, do comprador ou compradora, porque é ben sabido que en Galicia un xornal leno moitas máis persoas cás que o mercan, ata o punto de ser un servizo habitual de cafeterías e bares; pero tampouco coñezo nada publicado verbo dese tema³). Pero, se ademais comparamos cos datos da demanda e do uso real desa lingua, poderemos intuír se o grao de presenza desa lingua na prensa escrita diaria corresponde á única decisión empresarial comercialmente posible ou forma parte da liña ideolóxica dese xornal. Nun caso e noutro a razón desa presenza é decisiva para saber ler ese xornal.

Examinemos en primeiro lugar ata onde chegan en Galicia a competencia lingüística, o uso do galego e cales son os desexos lingüísticos dos galegos. O chamado *Mapa Sociolingüístico de Galicia*⁴ ofrecenos información abunda. Vexamos, logo.

Dominio das catro destrezas					
	Efectivo	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Entende	97'1%	0'1%	3'0%	48'6%	48'3%
Fala	86'4%	2'3%	12'1%	45'5%	40'1%
Le	45'9%	11'6%	41'8%	31'4%	15'2%
Escribe	27'1%	32'6%	39'9%	18'1%	9'4%

(Fonte: Seminario de Sociolingüística da R.A.G., *Lingua Inicial...*, p. 76, e *Addenda*: táboas 4.1, 4.2, 4.3, 4.4)

Estes non son os mellores datos posibles, para pensar nun xornal en galego. Unha parte importante da poboación galega, un 53%, di que non sabe le-lo galego (11,6%) ou que o le con dificultade (41,8%). É certo, hai unha dificultade. Pero tamén é certo que historicamente ata a chegada da Autonomía, e durante demasiados séculos, a lingua galega estivo prohibida e a sociedade galega non tivo maneira de alfabetizarse en galego, pero que isto mudou coa chegada da Autonomía e a entrada do galego nos estudos regulares. Isto explica non só que un 46% xa di

³ Algo debe de haber, porque teño oído dicir que os directores, ó elaboraren as primeiras páxinas, tamén teñen en conta se quen merca habitualmente o seu xornal para a familia é home ou muller.

⁴ Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega: *Lingua inicial e competencia lingüística*. R.A.G., A Coruña, 1994. *Usos lingüísticos en Galicia*. R.A.G. 1995. *Actitudes lingüísticas en Galicia*. R.A.G., A Coruña, 1996.

estar en condicións de ler bastante ou perfectamente en galego, dato que non se podía soñar en 1960, senón que ese desequilibrio 53/46 tende a equilibrarse nos últimos decenios, por efecto do crecente prestixio da lingua e da súa presenza masiva no ensino. E é seguro que de 1992, data da recollida dos datos, a hoxe mudaron algo xa os datos coa incorporación da xente máis nova, que demostra maior capacidade lectora.

Capacidade lectora por anos	Nada	Pouco	Bastante	Moito
16-25	3'1%	24'3%	42'5%	30'1%
26-40	7'7%	37'7%	36'4%	18'2%
41-65	14'0%	49'6%	26'9%	9'4%
> 65	23'5%	52'0%	19'7%	4'8%

(Fonte: Seminario de Sociolingüística da R.A.G., *Lingua Inicial... Addenda*. Táboa 4.3.)

Este cadro evidencia que, se dos maiores de 65 anos só un 24% di saber ler bastante ou moito en galego, entre os menores de corenta anos esa cifra supera o 54% e entre os menores de vintecinco anos chégase ó 72%. E os que están entre os corenta e un e os sesenta e cinco anos chegan ó 36%. Dirase que os novos non mercan xornais en Galicia e responderei que ese é un problema comercial, non lingüístico; en calquera caso, só haberá que deixalos medrar e mañá serán eles os adultos que merquen.

Se das idades pasamos á distribución xeográfica, veremos tamén que o éxodo rural que vivimos non parece xogar en contra, xa que o mundo urbano di ter maior competencia lectora en galego có mundo rural.

Capacidade lectora por hábitat	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Urbano	9'1%	32'8%	35'4%	22'7%
Periurbano	10'9%	41'3%	33'1%	14'7%
Vilas	14'2%	41'1%	30'6%	14'1%
Rural 1	10'3%	45'1%	30'8%	13'8%
Rural 2	13'0%	47'7%	28'8%	10'6%

(Fonte: Seminario de Sociolingüística da R.A.G., *Lingua Inicial... Addenda*. Táboa 4.3.)

Interéranos resaltar que as diferencias de domicilio urbano-

rural manifestan unha inversión da destreza da lectura fronte á da fala: fábase máis no rural pero lese algo mellor na cidade; e ten interese porque probablemente se le máis na cidade do que no rural.

3. Clientela posible: ¿que desexan os galegos para a súa lingua no futuro?

3.1. A demanda de galego na prensa

Xa hai anos que os xornais galegos imprimen en galego a primeira páxina de dous días significados: o 17 de maio, Día das Letras Galegas, e o 25 de xullo, Día da Patria Galega. Non coñezco estudio ningún do comportamento dos lectores ante esa primeira páxina en galego: ¿lena ou saltana? ¿Parécelles ben pero prescinden dela ese día? ¿Parécelles mal? ¿Sábelles a pouco e querían máis ese día e outros días? Ignoro se os xornais teñen estudos deste importante pormenor pero a miña impresión é que esa páxina en galego ten boa aceptación, fiándome no que eu comprobo eses días, que é moi parcial, e fiándome no feito de que os xornais repiten ano tras ano esa experiencia.

Busquemos datos máis fiables. ¿Ofrécenos o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* algunha información precisa sobre as preferencias dos galegos verbo do uso do galego nos medios de comunicación? Ofrece. Un 60'6% ve ben o galego na información deportiva e nos sucesos. Un 65% pídeo na publicidade, e na radio e na TV.

	P 74 ¿Qué lle parece que a información deportiva ou os sucesos dos periódicos estean escritos en galego?	P 81 ¿Debe usarse máis o galego na publicidade?	P 80 ¿Ten que haber máis programas de radio e TV en galego?
Totalmente en desacordo	4'7 %	2'1%	2'1%
Bastante en desacordo	10'3%	4'2%	4'6%
Indiferente	24'4%	28'2%	27'6%
Bastante de acordo	27'8%	31'9%	33'6%
Totalmente de acordo	32'8%	33'5%	32'0%

Entre un 24 e un 28% son indiferentes. Como a oposición a le-las noticias en galego non supera nunca o 15%, parece lexítimo inferir que, en principio, un 85% está aberto a le-las noticias en galego.

En 1996 Helena Goyanes Villar e Outros publicaron o interesante traballo colectivo *A información en galego*⁵ que ten un capítulo III no que se analiza con detalle a opinión dos lectores dos xornais e que confirman canto dixera o *Mapa*. Referireime máis veces a este libro pioneiro e imprescindible.

3.2. ¿É inminente a morte da lingua galega?

Pero hai máis. Cando algún persoeiro fai algunha declaración apocalíptica verbo do futuro da lingua, é habitual que a prensa escrita lle conceda xeneroso espacio. Tal xenerosidade ten tres motivos. O primeiro é que, como ese tipo de vaticinios nunca son comprobables en vida do *profeta*, o *profeta* nunca queda mal, e o vaticinio é un aguillón que provoca e vende. O segundo é que, como cumpren o lexítimo labor de crítica a un Goberno obrigado a promove-la lingua, teñen acollida entre os estudantes e os menores de 25 anos (cousa que mide o *Mapa*). O terceiro é que sospeito que estas ideas apocalípticas son do agrado de non poucos redactores, polo que direi máis en diante.

Ora ben, fronte ás teses da inminente morte da lingua o *Mapa* tamén detecta que a sociedade percibe que o galego, a pesar dos evidentes problemas, vive unha recuperación, percibe que no futuro o uso do galego vai seguir medrando, e a inmensa maioría desta sociedade (86,6%) pide que se potencie:

P 116 ¿Cre Vde. que o galego se fala...?	Comparado a hai 10 anos	Comparado a hai 25 anos	Comparado a hai 40 anos
Menos	12'9 %	20'8%	27'6%
Igual	11'5%	12'3%	11'1%
Máis	75'5%	66'9%	61'2%

P 117 Nos últimos anos o seu aprecio polo galego ...	
diminuíu	3'1 %
mantívose	48'2%
aumentou	48'7%

⁵ Goyanes Villar, H., Núñez Singala, M.C., Romero Rodríguez, P. e Túñez López, M.: *A información en galego*, Edicións Lea, Santiago 1996.

P 111 ¿Cal será o futuro das linguas en Galicia?	
Falarase só castelán	0'6 %
Falarase máis castelán	11'3%
Falaranse as dúas por igual	28'9%
Falarase máis galego	55'4%
Falarase só galego	3'3%

P 107 ¿Qué opina Vostede de que medre o uso do galego, de que se potencie?	
Totalmente en desacordo	1'3%
Bastante en desacordo	2'2%
Indiferente	9'9%
Bastante de acordo	29'8%
Totalmente de acordo	56'8%

(Fonte: Seminario de Sociolingüística da R.A.G., *Actitudes...* Apéndice 2)

As teses da inminente morte da lingua reciben un suspenso radical, xa que só un 0'6% cre nesa morte e só outro 11'3% cre que o futuro de Galicia será un bilingüismo co galego en minoría. Máis aínda, os máis dos galegos teñen a sensación de que o galego se fala máis do que hai dez, hai vintecinco e hai corenta anos, se ben é certo que, canto máis atrás no tempo, menor é esa maioría. E todos afirman (pregunta 117 do *Mapa*) que nos últimos anos o aprecio que tiñan pola lingua galega medrou e só lle diminuíu a un 3'1%. Houbo, hai unha crise grave (¿que lingua non a ten nos tempos de globalización que vivimos?) pero o galego está rexurdindo. Vese que, cando Cunqueiro formulou o desexo de que a nosa lingua vivise mil primaveras máis, ventaba co seu fino olfacto de poeta que ese era o desexo do seu pobo.

Ora ben, a sociedade reparte de maneira moi desigual a responsabilidade da sacar esta lingua das catacumbas: a máxima responsabilidade atribúella ó Goberno galego, mentres que ós Medios de Comunicación atribúelles unha das responsabilidades máis baixas.

P 110 ¿Quen e en que medida debería responsabilizarse da normalización do galego?	O goberno central	O ensino	Os medios de comunicación	As empresas	Os concellos	A Xunta de Galicia	Os pais	Os intelectuais
Nada	32'8%	2'6%	3'2%	12'0%	2'7%	1'9%	3'2	3'1%
Pouco	12'8%	4'1%	5'0%	11'2%	3'0%	1'6%	4'3	3'7%
Algo	21'2%	14'6%	17'2%	26'4%	11'0%	6'7%	15'5%	13'4%
Bastante	19'2%	36'9%	38'7%	29'1%	31'3%	23'2%	33'5%	32'1%
Moito	14'0%	41'7%	35'9%	21'3%	52'0%	66'5%	43'6%	47'7%

Resumindo: o pobo galego ve o galego como unha lingua que rexorde e espera que esa lingua siga avanzando. Temos, polo tanto,

Día 24			Porcentaxes		
Cabeceira	Páx.	Contido	do día	total do día	sen O Correo
<i>Atlántico</i>	80	Artigos verbo de Pinochet (Francisco Castro), Beato Faustino Míguez (Pablo Pérez), Humor do Carrabouxo, Programación TVG	1'50		
<i>Diario de Pontevedra</i>	60	Noticias: AAVV. de Mendiña e Centro de Saúde do Grove. Publicidade. Programación da TVG	1'74		
<i>El Correo Gallego</i>	80	Publicidade institucional, teatral, Resume DOG, e colaboracións de Sixto Seco e Alfredo Conde. Progr. TVG	2'01		
<i>El Ideal Gallego</i>	72	Programación da TVG	0'10		
<i>El Progreso</i>	72	Ingreso de A. Santamarina na Academia: noticia e artigo (Alonso M.). Publicidade institucional e de Caritas e C. Transfusión. Selección DOG e TVG. Encrucillado e Progr. TVG	2'51		
<i>Faro de Vigo</i>	72 + 8(5)	Publicidade do Concello de Vigo, unha sección de libros en galego, un poema de Celso Emilio nunha reportaxe verbo de Antón Beiras	2'80		
<i>La Región</i>	72 + 12	Humor do Carrabouxo, Publicidade de Institucional. Información cultural e comunicados. Progr. TVG.	2'68		
<i>La Voz de Galicia</i>	80 + 10(6)	Valle Inclán e ingreso de A. Santamarina na Academia (Suso de Toro, Franco Grande e V. Freixanes). Colaboración de C. Casares. Humor de Siro e X. Marín. Publicidade privada e institucional. Unha carta ó Director. Encrucillado e xeroglífico. Estado do mar. Describe en castelán o que selecciona da TVG (igual fai no suplemento <i>El Semanal</i>).	3'65		
<i>O Correo Gallego</i>	56	Todo.	100	12'98	2'11

Día 25			Porcentaxes		
Cabeceira	Páx.	Contido	do día	total do día	sen O Correo
<i>Atlántico</i>	100	Artigo sobre o beato Faustino Míguez. Recolle en castelán o ingreso de A. Santamaría (sic) na RAG coa seguinte cita falsa: <i>Cando él [Piñeiro] pronunciou o seu discurso o 60 por cento dos galegos falaban galego habitualmente na súa casa e o transmitían... a porcentaxe si-thíase agora no 30 por cento (p.34 < AGN).</i>	0'59		
<i>Diario de Pontevedra</i>	64	Ingreso de A. Santamarina, Exposición do C.P. de Bueu, Información (¿publicidade?) da Cons. Sanidade, artigo sobre Sarmiento, humor de M. Castro, longa entrevista ó alcalde de Poio (BNG).	6'55		
<i>El Correo Gallego</i>	80 +26(20)	Premio Xerais (G ^a Bodaño), Arturo Souto (Neira Vilas), Bibliografía (Quintás S.). Ingreso de A. Santamarina. Páxina relixiosa (Fernández Lago). Colaboración de A. Conde. Publicidade de empresas do Moble da Estrada.	5'52		
<i>El Ideal Gallego</i>	64 +26(22)	Publicidade da Xunta, Deputación e Universidade da Coruña. Progr. TVG.	0'74		
<i>El Progreso</i>	80 +24(20)	Publicidade da TVG, USC, Sergas, Concello de Sarria. Información (¿publicidade?) da Cons. Educación. Noticia de ADEGA, Artigos de Jorge de Vivero e Xesús Mato. Progr. TVG.	3'23		
<i>Faro de Vigo</i>	84	Humor de Quesada e de Gogue. Información (¿publicidade?) da Cons. Educación. Public. da USC e da Mancomunidade de Municipios, artigo de M ^a X. Queizán. Progr. TVG.	2'41		
<i>La Región</i>	104	Noticia de despidos na empresa Luís Aragón. Progr. TVG	0'24		
<i>La Voz de Galicia</i>	96 +20(15)	Información do Premio Xerais, da necesidade dunha Escola Superior de Arte Dramática. Carta en galego do Conselleiro de Educación (que se introduce en castelán). Artigos de Xurxo Borrazás (Baldaio), Casares, Araújo, Chao, Reixa e Beiras. Carta vb. Pinochet. Publicidade institucional (Xunta, Ciuga, USC, UC) Humor de Siro e X. Marín. Encrucillado e xeroglífico. Estado do mar. Conto como galego foto de media páxina de Xurxo Lobato con pe en galego. Infórmase en castelán de páxinas web que están en galego (<i>Rutas dos nosos soños</i>)	5'59		
<i>O Correo Galego</i>	64	Todo	100	13'87	3'10


Día 26			Porcentaxes		
Cabeceira	Páx.	Contido	do día	total do día	sen O Correo
<i>Atlántico</i>	80	Só ten unha páxina de publicidade da ONCE	1'25		
<i>Diario de Pontevedra</i>	64	Información-publicidade da Consellería de Educación, artigo de Caslderrey e anuncio de fontanería subvencionado.	1'93		
<i>El Correo Gallego</i>	80	Publicidade de ETT, Área Central, ONCE. Artigos de A. Conde, X. Senín e C. Mella. Carta. Progr. da TVG.	3'29		
<i>El Ideal Gallego</i>	68	Só ten unha páxina de publicidade da ONCE	1'47		
<i>El Progreso</i>	80	Cartas, esquela e encrucillado	0'97		
<i>Faro de Vigo</i>	72	Publicidade da Radio Galega, artigo de Ferrín. Humor de Gogue. Carta e Progr. da TVG.	1'68		
<i>La Región</i>	64	Non atopei nada	0'0		
<i>La Voz de Galicia</i>	80	Suplemento <i>A Voz na escola</i> . Artigos de Casares, Suárez Canal e Camilo Franco. Humor de Siro e X. Marín. Encrucillado e xeroglífico. Estado do mar. Carta. Progr. TVG.	11'65		
<i>O Correo Galego</i>	56	Todo	100	13'58	2'78

Se esta pequena cata for representativa, temos que sinalar que, ademais do escasísimo uso do galego, chama a atención a redución de contidos: está ausente o galego da maior parte das seccións e, aínda que tería que repasalo, quedei coa sensación de que é menos frecuente nas páxinas impares, tradicionalmente máis prestixiadas. O galego non se utiliza para falar de política internacional, española, europea, nin de deportes ou de economía. O galego resérvase para a información cultural, o humor gráfico, os artigos de intelectuais que colaboran co xornal unha ou varias veces por semana e maila programación da TVG, que algún xornal publica en castelán mantendo os títulos dos programas. O resto, cando non o máis, procede do exterior da Redacción: son os comunicados de grupos sociais (se non se traducen converténdoo en noticia de Redacción que é a práctica habitual) e algunha carta dos lectores; e maiormente a publicidade institucional. A impresión destes tres días é que é excesiva a proporción do que podíamos chamar *galego de pago*.

A porcentaxe, dentro duns números sumamente baixos, é desigual. Por iso podemos ve-lo seguinte cadro por cabeceiras:

Cabeceira	Día	Porcentaxe do día	Porcentaxe dos tres días
<i>Atlántico</i>	24	1'50%	1'11
<i>Atlántico</i>	25	0'59%	
<i>Atlántico</i>	26	1'25%	
<i>Diario de Pontevedra</i>	24	1'74%	3'40
<i>Diario de Pontevedra</i>	25	6'55%	
<i>Diario de Pontevedra</i>	26	1'93%	
<i>El Correo Gallego</i>	24	2'01%	3'60
<i>El Correo Gallego</i>	25	5'52%	
<i>El Correo Gallego</i>	26	3'29%	
<i>El Ideal Gallego</i>	24	0'10%	0'77%
<i>El Ideal Gallego</i>	25	0'74%	
<i>El Ideal Gallego</i>	26	1'47%	
<i>El Progreso</i>	24	2'51%	2'23%
<i>El Progreso</i>	25	3'23%	
<i>El Progreso</i>	26	0'97%	
<i>Faro de Vigo</i>	24	2'80%	2'29%
<i>Faro de Vigo</i>	25	2'41%	
<i>Faro de Vigo</i>	26	1'68%	
<i>La Región</i>	24	2'68%	0'97%
<i>La Región</i>	25	0'24%	
<i>La Región</i>	26	0'00%	
<i>La Voz de Galicia</i>	24	3'65%	6'96%
<i>La Voz de Galicia</i>	25	5'59%	
<i>La Voz de Galicia</i>	26	11'65%	
<i>O Correo Galego</i>	24	100%	100%
<i>O Correo Galego</i>	25	100%	
<i>O Correo Galego</i>	26	100%	


Vexámo-la desproporción cun gráfico que fala de seu:



Nunha sociedade bilingüe en proporcións moi favorables ó galego a prensa diaria escrita, coa excepción do *Correo Galego*, ofrécelle a esta lingua unha presenza irrelevante, coma se fose o medio de expresión dun grupo social marxinal. Ningún xornal espella as porcentaxes de uso do galego por parte da sociedade galega, nin sequera as de competencia lectora en galego que existen en Galicia, nin sequera as da metade desa competencia lectora. Ningún xornal acada nos tres días o promedio do 7% e case todos están por baixo do 4%.

5. Presencia do galego na prensa diaria en novembro de 1998

Pero ¿tres días son representativos da traxectoria lingüística dun xornal? Eu coido que sábado-domingo-luns deben aproximarse abondo pero, por se ese período non respondese á media dun mes, quixen afina-la medición buscando datos dun mes enteiro. Ese mes foi novembro de 1998. Por razóns de espacio non vou agora desglosa-los contidos e darei só os números finais.



Hai, como sospeitaba, algunha variación: un ou dous puntos en varios xornais, pero, fóra do *Correo*, só un segue superando o 6% (*La Voz de Galicia*) e só outro supera o 5%. (*El Correo Gallego*). Porcentualmente esas variacións non son, polo tanto, significativas: a prensa diaria escrita ten a lingua galega como asunto marxinal.

6. Evolución do uso do galego na prensa con datos de novembro de 1998

Comparemos agora estes datos cos que, de períodos semellantes, ofreceron Helena Goyanes Villar e outros e que nos permiten ver unha evolución do uso do galego por cabeceiras nos derradeiros oito anos.

Cabeceira	1990	1993	1998
<i>Atlántico Diario</i>	4'20%	2'62%	2'38%
<i>Diario de Pontevedra</i>	2'96%	2'34%	3'74%
<i>El Correo Gallego</i>	9'07%	5'08%	5'31%
<i>El Ideal Gallego</i>	3'01%	1'35%	1'64%
<i>El Progreso</i>	2'63%	3'42%	4'10%
<i>Faro de Vigo</i>	2'98%	2'47%	3'94%
<i>La Región</i>	3'61%	2'97%	3'92%
<i>La Voz de Galicia</i>	5'39%	4'13%	6'13%
<i>O Correo Galego</i>			100'00%

Fonte: Elaboración propia aproveitando tamén os datos de Goyanes e outros.

Da comparación destes datos do mes de novembro de 1998 cos datos, tamén de cadanseu mes, ofrecidos por Helena Goyanes, obtémola seguinte curva de evolución, incluíndo e sen incluí-la nova presenza do *Correo Galego*, editado integramente en lingua galega.



A liña que nos marca a evolución do uso do galego na prensa diaria escrita nestes oito anos, presenta un despegue do 4'3% ó 14'7% debido á aparición do *Correo Galego*. Pero o resto das cabeceiras seguen estancadas en cifras irrelevantes por baixo do 6'5% e como grupo presentan un descenso do 4'23% ó 3'89%. Nada disto era de

esperar en vista das expectativas dos galegos, descubertas polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, e en vista do ascenso que a lingua viviu e vive nos máis diversos sectores nos últimos anos.

7. Galego no uso social: a fala e maila lectura

7.1. Os datos

Poida que alguén argúa que competencia lingüística dos galegos en galego e expectativas de futuro para esta lingua son realidades en potencia; que o uso real na fala e na lectura son outra cousa e que iso é o que marca unha práctica comercial. Si, iso é cousa sabida; por iso temos que examinar tamén eses datos:

Qué lingua fala	Total	Urbano	Vilas	Rural
Só castelán	10'6 %	21'6%	10'6%	3'2%
Máis castelán	20'8%	35'8%	24'1%	9'6%
Máis galego	29'9%	30'9%	33'6%	28'2%
Só galego	38'7%	11'8%	31'8%	59'0%

Fonte: Seminario de Sociolingüística da R.A.G., *Usos lingüísticos en Galicia* pp. 45-65.

	Sempre en castelán	Máis castelán	Máis galego	Sempre en galego
P 73 ¿En que lingua le habitualmente?	43'8 %	52'0%	3'7%	0'5%
P 76 Cando ten que deixarlle unha nota a alguén, ¿en que lingua escribe?	65'7%	11'8%	8'8%	13'7%
P 77 ¿En que lingua son os programas de TV que ve?	3'3%	69'0%	27'2%	0'5%
P 78 ¿En que lingua son os programas de radio que escoita?	20'6%	54'2%	22'0%	3'1%
P 85 ¿En que lingua escribe/escribía na escola?	77'6%	20'0%	1'6%	0'8%

Fonte: Seminario de Sociolingüística da R.A.G., *Usos lingüísticos en Galicia* Apéndice 2.

Acabo de face-la proba de lume, porque capacidade non é o mesmo que hábito. Ben, pois en canto á práctica oral, do galego só queda excluído un 10'6%, porque o resto fálaos sempre ou ocasionalmente. Por aí non hai problema.

En canto á práctica escrita, e tendo en conta que un 78'4% dos

enquisados non estudiara galego na escola⁶, sorprende que o número dos que nunca len en galego non supere o 43'8%. Isto quere dicir unha de dúas, ou que a lectura do galego non ten problemas para os que o entenden, ou que aprenderon a ler, ben por conta deles, ben asistindo a cursos desta lingua. O caso é que, **pouco ou moito, un 56% le en galego**. E sumo os que habitualmente len en galego sempre ou algunha vez, porque as preferencias poden deberse a que hai moito máis que ler en castelán –mesmo obrigatoriamente– e poden ser debidas a que o que encontran en galego non lles interesa. Polo que direi despois.

Pero aínda dispoñemos dun dato máis preciso. Volvo cita-lo libro de Goyanes, páxinas 132-133, onde se ofrecen os datos dunha enquisa entre os lectores galegos dos xornais⁷, do que resulta que *Oitenta de cada cen lectores de prensa diaria aseguran que len as novas que se publican en galego nos xornais*. E o desglose por idades é este:

¿Le Vde. as informacións que se publican en galego nos xornais?						
Idade	18-25	26-35	36-45	46-55	56-65	+ de 65
Si	89'9%	79'5%	80'6%	78'6%	75'5%	61'3%
Non	8'9%	18'2%	19'4%	21'4%	24'5%	38'7%

Fonte: Goyanes, *A información en galego* p. 133.

Se estes datos os confirmar unha mostra máis ampla, quedaría desautorizada a impresión contraria que di te-lo 54% dos redactores dos xornais⁸. Hai, logo, moita marxe para unha ampliación das porcentaxes de galego na prensa diaria, maiormente porque a xente máis nova carece de dificultades ou de prexuízos.

⁶ Para entender estes datos téñase en conta que os datos do *Mapa* obtivéronse en 1992, cando un 78'4% dos enquisados non estudiara galego na escola, nunha escola que lle condicionou a lingua a un 20,2% (e, deste 20%, a un 82% a favor do castelán). Se daquela a hoxe cambiaron algo estes datos, cambiarían presumiblemente a favor do galego.

⁷ Trátase dunha enquisa feita en 1990 a 400 lectores de xornais, maiores de 18 anos, en tódolos núcleos de máis de 1000 habitantes (p.125).

⁸ No varias veces citado libro de Goyanes e outros (p.159) os xornalistas consultados á pregunta *¿Cre que os lectores do xornal para o que traballa len as informacións en galego máis, menos ou igual que as que están escritas en castelán?* responden que menos (54%), igual (32%), máis (7%) e Ns/Nc (7%). Polo que parece son opinións dos xornalistas, non estudos de comportamento dos lectores. Non cuantifican canto é ese "menos" nin analizan se esa menor lectura ten que ver co interese dos contidos ou coa dificultade da lingua pero indirectamente levan a poñer no 39% a audiencia mínima dun xornal en galego.

7.2. *¿Interesa ó mesmo número de lectores o que se publica en galego e en castelán?*

Mesmo así, e en previsión de que os directores dos xornais teñan datos inéditos verbo da escasa lectura do que publican en galego, quero explicitar algo ó que xa aludín no ap. 3. ¿Interesa á mesma porcentaxe de lectores o contido do que se publica en galego e o contido do que se publica en castelán? A pregunta é importante porque esa hipotética menor lectura podería ser debida ós contidos e non á lingua en que se escriben. Os artigos de crítica literaria, os anuncios de edictos institucionais, as colaboracións de intelectuais son sempre informacións para minorías e moita xente sáltaas en galego e sáltaas en castelán. Outra cousa sería a información local, a deportiva ou as notas necrolóxicas. ¿Quen, dos que habitualmente len as notas necrolóxicas, salta unha por estar en galego? ¿Quen deixa de le-lo humor gráfico de Siro, de Xaquín Marín, do Carrabouxo ou de Quesada? ¿Quen saltaría unha crónica deportiva interesante, se estiver en galego? Probablemente só esa minoría impermeable á lingua galega, que mesmo sería capaz de privarse de ver un partido que lle interesase porque o dá en galego a TVG.

Que a maior lectura en castelán pode deberse a que o que ofrecen en castelán é máis interesante có que ofrecen en galego –e non a dificultades lingüísticas- próbao o feito sorprendente de que os que habitualmente len sempre ou máis en galego suman un 4'2%, mentres que os que escriben sempre ou máis en galego chegan ó 22'5%, sendo como é máis difícil escribir do que ler. Se se fai o máis difícil e non se fai o máis fácil, é que o problema non está na dificultade senón na falta de interese da oferta.

8. *Un dato que pode clarifica-la disintonía prensa escrita-sociedade galega*

Un turista ou un peregrino observador que chegue a Galicia sabendo que a Constitución Española de 1978 despenalizou o uso das linguas chamadas menores e sabendo que as novas leis obrigan a promove-lo uso da lingua galega, cando se achegue a le-la nosa prensa diaria, botará de conta que a lingua galega é a lingua dun grupo marxinal de Galicia.

Pero, se ese visitante atento percorre Galicia observando o que fala a xente, observando que cando os programas de radio e TV en galego son interesantes superan en audiencia a oferta en castelán, observando o crecente número e calidade das publicacións en galego,

observando a presenza desta lingua no ensino, nos actos de Goberno, no Parlamento e, nos últimos anos, tamén na administración de Xustiza, na vida comercial e empresarial e na liturxia, dificilmente entenderá por qué a prensa escrita se mantén á marxe deste renacer da lingua galega.

A presenza marxinal da lingua galega na prensa diaria escrita non corresponde nin á competencia lingüística dos galegos en galego nin ás súas expectativas de futuro para esta lingua nin ó uso real desta lingua. Entra polos ollos que aquel 14'57% -na estimación máis favorable- de presenza do galego na prensa escrita diaria non responde a ningún outro dato lingüístico de Galicia: non hai ningún lugar de Galicia, por escolmado que sexa, no que se poida afirmar que só o 14'57% dos seus habitantes fala o galego (e nótese que a maior parte dos xornais están lonxe desa media). Polo tanto, ese turista ou peregrino será incapaz de comprende-lo divorcio case unánime entre estes medios de comunicación e o pulso lingüístico da sociedade galega que pretende informar. Esta prensa non transmite que o galego é unha lingua *que xoga a UEFA*.

E o asombro dese peregrino-turista medrará, se, repasando algunha hemeroteca, bate con informacións lingüísticas elaboradas por ou para os propios xornais, coma estas dúas:

Un 55% de los encuestados afirman que leen bien el gallego y sólo un 18 por ciento estiman que lo hacen mal. Aunque es creencia muy generalizada que sólo una minoría sabe leer gallego, la encuesta de IMO S.A. viene a desmentirlo casi tajantemente. ... Aun puestos en la postura más rígida y contabilizando sólo los que leen muy bien o bien, el porcentaje del 50% de lectores de gallego está superado. Algo muy difícil de imaginar hace solamente diez o quince años (LA VOZ DE GALICIA 18.12.1988).

Un 90 por ciento asegura hablar el gallego y un 94 por ciento, que lo entiende; sólo el 6 por ciento afirma no entenderlo (FARO DE VIGO 23.2.1989).

Pero o asombro do noso atento visitante aumentará aínda, se descobre que varios dos xornais galegos, que tan herméticos son coa lingua propia de Galicia, crearon seccións de imaxe para fabricaren produtos televisivos que venden á TVG, en moitos casos con éxito comercial, e, por suposto, integramente en galego.

A situación é anormal. ¿De quen depende esta anormalidade? Haberá quen diga que esta situación de anormalidade asenta nun hábito comercial (de orixe política e ideolóxica) pacificamente sopor-

tado por unha sociedade esencialmente pacífica. Pero haberá que recoñecer que non é unha práctica inocua: ningún profesional da comunicación poderá dicir que ignora que esta práctica intervéen activamente no cambio de hábitos lingüísticos da sociedade e que tal intervención vai máis alá do que, en principio, parecen os obxectivos dunha empresa de comunicación.

A obxectividade obrígame a recoñecer que este problema, de raíces ideolóxicas e moi antigas, non é un problema exclusivo do sector da prensa diaria escrita. A obxectividade obrígame a repetir que esta práctica intervencionista asenta nunha pacífica submisión social. Pero quero engadir que en ningunha parte se verá que un enfermo de anorexia pida que o salven dándolle de comer.

Sen embargo, no estudio de Goyanes hai indicios que nos levan por camiños menos transcendentales. Nas páxinas 149-159 ofrécense datos obtidos en 1990 maiormente entre as redaccións centrais dos xornais galegos. Dese estudio resulta que o 81,25% dos redactores non tiveron o galego como materia de estudio no bacharelato. Isto dá algo de luz. Pero engade (p. 157) un dato sorprendente: para o 48,8% dos redactores a escolla do idioma a empregar no traballo é unha decisión persoal mentres que para o 34,07 % son normas da empresa; e este 34% aínda matiza que, cando decide a empresa, é unha suxestión no 45,31% dos casos e unha imposición no 32,03%. Se estes datos son certos, son moi importantes, porque caería por terra a suposta ineptitude comercial da lingua galega para a actividade xornalística.

¿De que depende a escolla do idioma a empregar no seu traballo xornalístico?			
Unha decisión persoal	48,80%		
Normas da empresa	34,07%	45,31%	Unha suxestión
		32,03%	Unha imposición
		22,65%	Ns/Nc
Ns/Nc	17,03%		

Fonte: Goyanes, *A información en galego* p. 157.

Se estes datos ofrecidos por xornalistas de oficio son certos, cambian completamente a nosa percepción do problema, porque carecería de sentido seguir analizando as dificultades da lingua galega para vehicular a información diaria escrita, cando o fondo da cuestión estaría nos redactores e nos consellos de administración.

8.1. Os redactores

Se case o 49% dos redactores da prensa diaria escrita se declaran responsables da escasa presenza do galego na prensa escrita, unha parte substancial do problema pode estar en que nunca meditaron seriamente o porqué a lingua galega rexorde nin qué dimensión europea (lémbrese o que dixen no ap. 1 verbo do *Euromosaic*) ten ese rexurdimento; pode estar en que o 81'25% non estudia o galego no bacharelato; en que, afeitos a depender de axencias de prensa foráneas, carecen de perspectiva galega e, polo tanto, poden ignorar que o 85% dos galegos está aberto a le-las noticias en galego, que o 80% as le –contra o que eles mesmos pensan– e que o 56% le habitualmente pouco ou moito en galego. O problema pode estar na rutina, pracer moi barato nunha sociedade tan pouco esixente cos seus dirixentes. A nosa é unha sociedade contentadiza e relativista, máis cordial ca cerebral. Esta nosa sociedade non se apaixona polos debates: en Galicia os debates apáganse cando se redefine a qué *parroquia* pertence o que presenta ideas críticas: entre nós interesa menos o debate serio e interesa máis saber se Fulano é dos nosos ou non; descuberto –ou decidido– isto, o debate é superfluo. Por iso a rutina fana aquí tantas enerxías que na emigración realizan grandes creacións. E isto afecta non só ó xornalismo senón a tódolos sectores sociais galegos.

Se os datos de Goyanes e outros son certos, enténdese que os xornalistas ofrezan espazo a calquera declaración que anuncie a inminente morte do galego, porque transforma a súa rutina en perspicacia (*Xa o dicía eu. ¿Para que vou escribir en galego se en dúas xeracións morre?*). Sempre pensei que estes vaticinios apocalípticos, nados da boa intención pero que non pasan de vaticinios⁹, teñen o efecto perverso de profecía que se autorrealiza e de paraugas ideolóxico para os que decidiron excluí-la nosa lingua do seu traballo profesional.

Se estes datos son certos, a situación sería moi semellante á que se dá entre funcionarios, profesores, sacerdotes, xuristas: o problema aparenta ser institucional ou empresarial ou técnico pero é primordialmente persoal. É o que dicía Ramón Piñeiro: *o noso problema está fundamentalmente nas nosas cabezas*. Temos que repensar Galicia. O que acontece é que hai que repensala co corazón, coa intelixencia emocional –como din agora os psicólogos. Nada conseguiremos se só se atende o cerebro e non se toca o corazón. Cos redactores en exer-

⁹ Un lembra os vaticinios de Voltaire sobre a decadencia do inglés fronte ó francés ou os do *Catecismo patriótico* sobre a destas dúas linguas (*que van camino de su disolución completa*) fronte ó español.

cicio todo parece indicar que boa parte do problema solucionaríase cunha aproximación cordial e científica á lingua, que tería que ser personalizada e axeitada ás concretas necesidades profesionais. Os posibles problemas técnicos soluciónanse cun curso personalizado de galego e poñendo nas mans deles as ferramentas e correctores informáticos de que hoxe dispoñemos. Eu apelo ás raíces éticas dos homes e mulleres que son responsables desta prensa, para solicitar esa apertura á lingua que nos permita unha **aproximación progresiva ás porcentaxes de uso social** da lingua galega. Os que non están xa nesta liña descubrirán nela moitas satisfaccións. Boa parte dos xornalistas que están ás portas esperando o relevo están xa ben formados en lingua galega e, nalgúns casos, con inequívoco compromiso con ela.

8.2. *Os consellos de administración*

En canto ós consellos de administración (responsables, se os datos citados son certos, dunha parte menor do problema que nos ocupa) haberá que convencelos de que é viable comercialmente esa **aproximación progresiva ás porcentaxes de uso social** da lingua galega. Os datos que, se cadra, teñen de escasa lectura do que publican en galego, teñen que ver co reducido interese do que neses textos transmiten. Hai campo para esa aproximación progresiva e non é previsible unha mingua das vendas, se as distintas cabeceiras o fan harmonicamente e coa debida pedagogía. Tamén vento que non lle había falta-la colaboración dos seus clientes, aínda que houbera algunha voz discordante (que xa sabemos que non pasará dun 15%). Digo máis. Coido que hai espacio para un gran xornal integramente en galego e que non faltarían milleiros de accionistas voluntarios para unha empresa xornalística con garantías de audacia, imparcialidade e que vise o mundo desde a óptica de Galicia. A realidade do *Correo Galego* merece cada mañá o meu apoio activo pero é perfectible. O meu apoio firme a diario expresa a gratitude a cantos fan posible este xornal e é tamén unha esperanza de que mañá teremos un *Correo* mellor. Pero recoñezo que se precisan xornais de liña distinta á do “único diario en lingua galega”, porque esta lingua debe vehicula-la policromía da nosa sociedade e, dende logo, non pode cargar coa culpa de problemas que existen, si, pero que son comerciais e non lingüísticos.

Pero hai máis. A escasa presenza da lingua galega na prensa diaria corresponde a unha época na que a prensa diaria ten ingresos procedentes da Xunta de Galicia en forma de contratos de publicidade. ¿El é certo -como algunha vez oín dicir- que tamén recibe di-

ñeiro en concepto de promoción da lingua galega? Descoñezo este asunto, que é responsabilidade dos nosos representantes políticos. Pero, se con estas paupérrimas porcentaxes a prensa recibise fondos públicos por ese concepto, tiñamos que concluír que o pouco galego que lemos estariámolo pagando: o que significaría que a prensa non se identificaría coas aspiracións desta sociedade autónoma, senón que só comerciaría con elas. Se tal fose certo, sería o dato máis triste deste estudio.

9. *A lingua non ten ideoloxía*

Quero rematar cunha observación elemental pero necesaria. Os galegos non falámo-lo galego por ideoloxía, senón porque si, porque é o natural, porque é o noso. Unha lingua que acada tamaño uso social está lonxe de se-lo sociolecto que caracterizaría un grupiño marxinal ou unha asociación gremial, política ou estética: o galego é unha lingua que falan cidadáns das máis diversas ideoloxías, estéticas e profesións. A lingua galega non ten color política; e coido que tampouco ten color política -aínda que haxa quen pense o contrario- o esforzo de normalizala, de abri-lle tódalas portas da vida pública, oficial e comercial. Todos somos necesarios. Ora ben, a descuberta do galeguismo implica unha profunda reflexión persoal. Por iso é lento o proceso de normalización e á normalización non se chegará por vitoria dos galeguistas senón por encontro cordial dos que xa descubrímo-lo galeguismo (Otero Pedrayo advertía que *Todos somos conversos*) cos que aínda non o descubriron.

Polo tanto non se pide un cambio por razóns ideolóxicas, senón por razóns éticas e comerciais. Éticas, porque o informador que bloquea a libre circulación da lingua, está sobrepassando o seu papel ó impulsar cambios nos hábitos lingüísticos da sociedade. Comerciais, porque o cambio, non necesariamente traumático, é comercialmente rendible. Un primeiro paso, que cambiaría moito as cousas, sería **non traducir ó castelán toda a información que un xornal recibe en galego das Institucións e de todo tipo de asociacións.**

Todo indica que nese cambio a prensa encontrará a simpatía dos galegos. A miña teríaa segura.

OBSERVACIÓNS SOBRE AS ACTITUDES E OS COMPORTAMENTOS RELATIVOS ÓS CAMBIOS DE CÓDIGO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA*

JAINE E. BESWICK
Universidade de Bristol

1. *Introducción*

Neste traballo pretendemos estudar as actitudes e comportamentos dun grupo de persoas galegas no tocante á relación sociolingüística actual entre castelán e galego. Este estudio céntrase na interrelación entre membros do grupo de idade da "Era Post-Franco"¹ e membros máis vellos dunha familia concreta residente en Santiago de Compostela. Ademais caracterízanse os roles sociais e individuais de ámbalas dúas linguas e determínase a función dos cambios de código léxicos. Examínanse as actitudes dos falantes a través de enquisas e de gravacións magnetofónicas para ver se existe correspondencia entre o seu comportamento e as súas manifestacións sobre o uso da lingua e sobre a lealdade a unha ou a outra. No parágrafo final recóllense as principais ideas do traballo.

2. *O papel da diglosia nunha sociedade bilingüe*

Nunha sociedade indíxena ben establecida e monolingüe, aínda que a compoñente léxica se pode ampliar debido, por exemplo, á introducción de termos que nomean novas tecnoloxías, a estabilidade da lingua tende a manterse inalterada. Non obstante, en comunidades

* Este artigo é unha tradución do orixinal inglés "Attitudinal and behavioural observations regarding lexical code-switching in Santiago de Compostela", realizada por Xosé Soto Andión, Ana Vidal Meixón e Xosé Pérez Sardiña.

¹ O termo "Era Post-Franco" (EPF) pretende designar-lo sector da sociedade en idade escolar cando, a principios dos 80, foron introducidas as reformas educativas relativas ó uso do galego nas aulas.

onde se empregan dúas ou máis variedades lingüísticas, estas pódense utilizar de maneira alternada con diferentes roles ou funcións, ou poden ser usadas de maneira aleatoria en certas situacións. Por exemplo, é bastante común que os dialectos rexionais se usen na casa e o estándar na comunicación cos falantes doutros dialectos ou nas funcións públicas (Fasold 1984: 43). Este tipo de alternancia lingüística foi explicado por Ferguson no seu clásico artigo de 1959, no que introduce e define o termo "diglosia" como o uso dentro dunha determinada comunidade lingüística de variedades similares dunha lingua. A variedade lingüística A (alta), prestixiosa e estandarizada (ás veces unha variedade arcaica, como por exemplo o árabe clásico), utilízase de maneira xeral na escrita e na fala formal e está relacionada con e apoiada por institucións educativas, gubernamentais, sociais e relixiosas; mentres que a forma ou formas coloquiais da lingua popular, chamadas variedades B (baixas) apréndense xeralmente na casa e empréganse na maioría das situacións informais intragrupoais (por exemplo o caso do árabe popular). Os membros da comunidade deben ter certa competencia comunicativa en ambas variedades (Lehiste 1988:45) e saber qué estilo é o apropiado en cada contexto; neste sentido, cada variedade coexiste coas demais no seo da sociedade, pero ten os seus ámbitos de uso claramente delimitados, e a pertenza ó grupo, a localización do acto comunicativo e o tema da conversa son factores que poden todos eles condicionala elección da variedade lingüística (Appel e Muysken 1987: 23).

Aínda que segue habendo debate sobre se é axeitado ou non emprega-lo termo diglosia para se referir a calquera caso fóra do exemplo orixinal de Ferguson², emporiso é importante sinalar que esta definición foi revisada, xa que el non utilizou o termo para abarcala relación entre a lingua estándar e os dialectos rexionais ou entre linguas diferentes usadas dentro dunha comunidade. Gumperz (1966) recoñeceu que, no seo dunha sociedade multilingüe, o termo podería ser empregado tanto para englobalas diferencias estilísticas entre variedades, rexistros ou dialectos dunha lingua determinada coma para o uso de dúas linguas diferentes. O que é fundamental é que se poida apreciar unha diferenza funcional entre as variedades lingüísticas³.

² Vid. Berruto (1989) para unha interesante valoración do estado actual desta cuestión.

³ A definición de Fishman (1967:31) de bilingüismo social sen diglosia é tamén de interese. Refírese a un estado de transición que ten lugar ó mesmo tempo ca un cambio social rápido, cando se abandonan as normas sociais e culturais que determinan

Mesmo dentro dunha sociedade en que se mantén a clásica distribución diglósica, isto é, onde a lingua A non se emprega para a conversa informal, o continuo intercambio cultural entre sociedades e grupos étnicos conleva un contacto regular entre as súas variedades de fala, especialmente se estas variedades pertencen á mesma familia lingüística. Berruto (1997: 395) mostra o exemplo da alternancia lingua-dialecto en Italia. A lingua estándar, empregada como lingua A de Ferguson, e o dialecto local, a variedade B, coexisten no repertorio de gran parte da poboación. Cada unha das variedades pode exercer influencia lingüística sobre a outra, normalmente en forma de interferencia; no caso de Italia, hai un considerable solapamento no uso dentro de certos ámbitos (Berruto 1997: 395). En última instancia, isto pode dar lugar a un tipo de cambio de lingua en que a variedade ou variedades lingüísticas minoritarias ou subnacionais (Fishman 1989: 368) en certas situacións son desprazadas polas variedades nacionais dominantes dalgunhas das súas funcións orixinais. Se este cambio é de certa importancia, co tempo pódese chegar á morte da variedade minoritaria. Neste sentido, o uso bilingüe pode, en ocasións, ser considerado simplemente como un estado intermedio que leva ó cambio de lingua, é dicir, entre contacto e asimilación existe un período de aculturación, que pode variar en canto ó grao de adaptación mutua (Geerts 1987: 600). Anque os falantes da variedade B están dispostos a aprende-la variedade A, debido ó prestixio que se asocia ó seu uso, o contrario non adoita acontecer e, deste xeito, entre falantes da variedade A esta pode ser empregada tamén en situacións informais. Igualmente, este período de aculturación pode variar na súa duración, é dicir, mentres os individuos pasan por este estadio de maneira bastante rápida, Fishman (1989: 179-80) insiste en que se o bilingüismo social intra-grupal está a se-la norma dentro da comunidade, na que cada variedade lingüística preserva as súas funcións e contextos propios e se evita a alternancia nos usos lingüísticos, a estabilidade lingüística tense que manter polo menos tres xeracións. Geerts (1987: 600), así e todo, engade que mesmo despois destas tres xeracións, os grupos sociais poden non estar aínda totalmente integrados lingüisticamente.

qué variedade de lingua é usada en cada circunstancia, e non existe ningunha demarcación funcional establecida entre as variedades.

3. Cambio de código léxico

O estudio do comportamento e das actitudes lingüísticas é moi importante para chegar a comprende-los procesos do cambio de lingua como o cambio de código léxico, isto é, a selección efectuada polos bilingües/multilingües de formas procedentes de dúas ou máis variedades lingüísticas nunha mesma conversa (Myers-Scotton en Berruto 1997: 394). Fasold (1984: 54) afirma que este tipo de interferencia lingüística acontece en dúas fases: 1) abandono da función e 2) mestura na forma. Cando as dúas variedades lingüísticas comezan a solaparse no seu uso, a interferencia é difícil de evitar. Pódese descubrir mestura en forma de cambio de código, de préstamo léxico ou mesmo de adquisición incompleta da lingua (Poplack e Sankoff 1988: 174)⁴. Así e todo, aínda que a interferencia é considerada como unha acción inconsciente debido a algún tipo de incompetencia ou de coñecemento incompleto da lingua aprendida⁵, cando dúas linguas se mesturan en forma de cambio de código, non se produce ningunha transferencia de formas, de maneira que as estruturas das dúas linguas manteñen a súa autonomía, por exemplo, cando un elemento procedente da L2 se ve como un elemento alio dentro do acto de fala de L1. Valdivia (1991: 32-3) considera que isto é maiormente un acto consciente e como tal é pouco probable que conduza a un cambio de lingua. Haugen (1976), pola contra, pensa que de feito unha cousa precede á outra; para el, o cambio de código, conduce normalmente á interferencia e, finalmente, á integración das dúas linguas. Nesta situación, a incipiente ruptura da relación diglósica resultaría case inevitable.

4. Lealdade lingüística e conflito en Galicia

A situación de diglosia sen bilingüismo, creada dende que Galicia pasou a depender de Castela, sostívose porque a diferenciación entre ámbalas dúas linguas non era ampla abondo como para

⁴ Berruto (1997: 395, 398) define o cambio de código como interoracional, orixinado por unha función discursiva. A mestura de código, sen embargo, é intraoracional, non ten ningunha función discursiva particular e os constituíntes sintácticos da oración veñen de sistemas lingüísticos diferentes.

⁵ Valdivia (1991: 32) engade que isto é a razón de que a interferencia ás veces se compare coa adquisición da segunda lingua, como os erros cometidos por superposición de estruturas da L1 forman parte dun estadio completamente normal na adquisición da lingua.

impedí-la intercomprensión básica. A pesar do aumento de interferencias léxicas procedentes do castelán durante os últimos douscentos anos, o galego foi recoñecido como unha lingua oficial no seu Estatuto de Autonomía de 1981.

Polo que respecta ó bilingüismo individual en Galicia, a maioría da poboación pode, en certo grao, entender e falar galego e castelán, aínda que en moitas ocasións o coñecemento dunha delas é máis ben pasivo (Green 1994: 156). Pero resultaría simplista describi-la situación actual como un bilingüismo social con diglosia (Kabatek 1991), porque o número de falantes monolingües en castelán vai en aumento. O traballo de Cano González (1989), centrado no lugar de Penedo, na provincia de Ourense, confirmou a situación de bilingüismo con diglosia, sendo considerado o galego como variedade B, mesmo a pesar de que acadou o estatus de lingua oficial.

Sexa como sexa, este traballo amosará que cando menos en Santiago de Compostela, algunhas actitudes dos falantes en relación cos usos tradicionais do galego están comezando a cambiar. A poboación desta cidade incrementouse fortemente neste século. De 35.710 habitantes en 1900 pasou a 93.695 en 1981, un incremento do 100% (Dubert García 1995: 71). Unha inmigración tan masiva procedente das áreas rurais onde o galego dialectal era a norma⁶ trouxo consigo unha serie de problemas específicos debido ó contacto crecente co castelán; García (1985) afirma que, como a intercomprensión entre galego e castelán non é difícil, durante algún tempo a interferencia converteuse en regra, principalmente entre a poboación rural, os traballadores e a xente máis vella. En efecto, aínda que houbo un aumento do número de castelanfalantes monolingües, o castelán estándar é raro agás entre os membros máis novos das clases altas, sendo substituído por unha serie de variedades dialectais do castelán ou castelán rexional (Monteagudo e Santamarina 1993: 145). Estes autores distinguen catro variedades de lingua en Galicia, que forman un tipo de continuum lingüístico:

- galego estándar.
- variedades dialectais do galego ou galego popular, o cal está fortemente influenciado, sobre todo no léxico, polo castelán.
- castelán rexional, é dicir, unha variedade de castelán con interferencias do galego especialmente na fonética e na mor-

⁶ Nas áreas rurais o galego aínda é a lingua materna de máis do 85% dos falantes, cun 7.8% que se consideran bilingües dende o berce (RAG 1994: 43).

foloxía, predominante en áreas semiurbanas castelanizadas dos arredores de Santiago.
- castelán estándar.

A lealdade ó idioma exerce un efecto significativo sobre as actitudes cara ó cambio de código, en canto que pode induci-los falantes a practicar e preserva-la lingua ameazada cando o cambio de lingua está a piques de acontecer (Weinreich 1966: 99). En Galicia as razóns que levan ós prexuízos contra o uso do galego son complexas e quedan fóra do ámbito deste artigo, pero sexa como sexa a lingua galega a miúdo considérase contaminada e de baixo estatus⁷. Con todo, non se pode dicir que isto se deba unicamente á falta de lealdade cara á lingua; de feito a maioría das persoas coas que falei estaban orgullosas, como me comentou unha informante (Ana), de dicir que o galego *é a miña lingua de uso habitual*. Non é que os falantes tendan a utiliza-lo castelán simplemente para o ascenso social (Hidalgo 1988: 5); máis ben é a variedade normalizada a que parece causa-la maioría dos problemas; moitos falantes non confían na súa propia competencia ó teren que usa-lo galego en ámbitos antes reservados para o castelán. Séntense inseguros da súa fala, de aí que a substitúan conscientemente e na súa totalidade polo castelán, convencidos de que esta resulta máis aceptable.

Un bo exemplo é o de Begoña, unha moza de dezaioito anos de Boiro, onde traballa como empregada doméstica. Contoume que en Santiago non pode falar galego con ninguén a excepción dos seus familiares xa que:

(1) *tengo verguenza porque no conozco bien mi propia lengua; cometo muchos errores y, de todos modos, creo que no se debe hablar el gallego en las ciudades.*

Para ela, a lingua que fala é impura e polo tanto non válida para o uso. Do mesmo xeito, a avoa dun dos informantes principais negouse a falar galego cando eu estaba presente, a pesar de que o falaban tódolos demais. Sen embargo, ela tamén teimou en ficar calada, porque o seu castelán era vulgar de máis para ser escoitado.

⁷ Posner (1993) utiliza o termo "self-hatred" (*auto-odio*) para describir unha situación similar testemuñada na sociedade valenciana con actitudes negativas cara ó catalán e o conseguinte cambio de lingua para o castelán.

5. Regaleguización e bilingüismo

Santiago é a única cidade en que a porcentaxe total de falantes que teñen o galego como lingua materna é máis alta cá do castelán, 51.9% e 33% respectivamente, cun 14% que afirman ter sido educados como bilingües (RAG 1994: 55-56). Non obstante, na EPF xa se están a producir cambios; entre os 16-20 anos a porcentaxe de bilingües increméntase substancialmente, así como a dos falantes que teñen o castelán como lingua materna:

(2) Lingua materna dos falantes entre 16-20 anos:

Galego	21.8%
Castelán	54 %
Bilingüe	24.2% (RAG 1994: 61) ⁸ .

O censo de 1991 indica que o 33.18% do total da poboación afirma falar sempre galego, o 52.67% afirma falalo ás veces e o 8% di que nunca fala galego, independentemente da situación (Dubert García 1995: 72). Monteagudo e Santamarina (1993: 146) tamén consideran que en certos sectores da sociedade santiaguesa a regaleguización, especialmente entre as clases medias, estase comezando a producir debido a unha concienciación ideolóxica. Sen embargo, este proceso tamén se debe á introducción da lingua no sistema educativo, de maneira que a EPF medra escoitando e empregando o galego dentro das aulas, e cada vez máis nos patios de recreo e cos amigos. Isto fai que a situación do galego sexa inusual porque é a lingua minoritaria a que se reintroduciu nas cidades, mentres que nas áreas rurais o castelán está a ser empregado en maior medida ca antes. No canto de acepta-la situación diglósica tradicional, co galego como variedade B, as miñas observacións coinciden coas de Portas (1991) e Regueira (1994: 38), que afirman que nos últimos vinte anos o galego comezou a ser usado en funcións e ámbitos nos que antes só se empregaba o castelán. A lealdade lingüística está a rexurdir en certos sectores: cada vez máis persoas ven a Televisión Galega e escoitan a

⁸ O estudio de Monteagudo e Santamarina de 1993 sinala que, a pesar do influxo do castelán, o galego segue a se-la primeira lingua da ampla maioría da poboación, aínda que o proceso de desgaleguización avanza e o castelán comeza a se-la lingua falada polos grupos de idade máis novos. Outro dos estudos interxeracionais máis recentes sobre o bilingüismo indica que o galego segue sendo a lingua materna do 62.4% da poboación: esta cifra ascende ó 81.8% para os maiores de 65 anos e descende ó 34.4% para os que teñen entre 16-20 anos (RAG 1994: 39-40).

Radio Galega, aínda que non son receptivas á prensa en galego; a Xunta, o goberno municipal e mais certas institucións sociais parecen estar adoptando a lingua en distintos graos; agora nas escolas ensínanse outras materias en galego, ademais de Lingua galega, e dáse a coñece-la literatura galega: de feito, a normalización lingüística da que fala Dubert García (1995: 84) parece que en certa medida se está a producir.

6. Datos dos informantes

O cambio de lingua pódese producir lentamente ó longo de varias décadas ou mesmo séculos, ou pode ocorrer de maneira rápida debido a transformacións sociais. Monteagudo e Santamarina (1993) consideran que o comportamento lingüístico dentro da familia é un bo indicador do nivel de bilingüismo en Galicia e tamén do cambio de lingua. Por conseguinte, o meu traballo de campo tivo como propósito examina-los posibles cambios nas actitudes e no uso da lingua entre os falantes que recibiron algún tipo de formación académica en galego, os da EPF, e os que non a tiveron. Entrevistei un total de dez falantes; seis pertencían á mesma familia, coa que mantiven contacto durante tres anos. Foron escollidos como informantes porque satisfacían os criterios que eu establecera, isto é, ser de distintas idades, ser de clase media-baixa, ter nacido no propio Santiago ou nunha área semiurbana nun radio de 20 Km, ser todos bilingües e emprega-lo galego na casa⁹. Tódolos informantes vivían na cidade agás Anabel, que vivía nunha vila a uns 5 Km, e todos a excepción de Sofía e Manolo recibiron algunha educación escolar en galego. Só María e Raquel carecían de educación universitaria.

Amais disto estaban habituados a falar galego diante de min e comigo, circunstancia que en boa medida facilitou o meu traballo. Os restantes informantes seleccioneinos ó chou baseándome nas respostas obtidas a partir dunha solicitude de colaboración deixada na Facultade de Filoloxía para aquelas persoas que cumprisen os requisitos antes citados. Os membros da familia son os seguintes:

⁹ Non obstante, Sofía móstrase insegura con respecto ó seu galego escrito, di que comete moitos erros.

Nome	Idade	Parentesco	Lugar de nacemento	Residencia	Profesión
- Manolo	53	Pai	Arred. de Santiago	Santiago	Prof. univ.
- Sofía	51	Nai	10 Kms de Stago.	Santiago	Prof. secundaria
- Ana	24	Filla	Santiago	Santiago	Estud. 3º ciclo
- Javier	23	Fillo	Santiago	Santiago	Enxeñeiro
- María	16	Filla	Santiago	Santiago	Estud. Secundaria
- Raquel	27	Curmá	Arred. de Santiago	Santiago	Secretaria

Os outros catro informantes son:

- Patricia	26	-	Santiago	Santiago	Estud. de Dereito
- Montse	25	-	Santiago	Santiago	Estud. de Dereito
- Anabel	24	-	Arred. de Santiago	Arred. Santiago	Est. de Filoloxía
- Begoña	24	-	Santiago	Santiago	Est. Econ. e secr.

7. Metodoloxía de traballo

O método indirecto para medi-las actitudes lingüísticas consistiu en observa-los falantes e o seu comportamento nun ambiente informal, nos seus domicilios, onde se realizaron gravacións sen coñecemento dos informantes. Despois da cea a familia prestouse a conversar informalmente. Servímonos deste recurso para conseguir un diálogo o máis espontáneo posible, de maneira que o cambio de código entre os informantes podía seguirse con precisión. No que respecta ós colaboradores que non eran membros da familia, as súas reticencias á hora de falar galego diante miña eviteinas saíndo frecuentemente da sala ou do bar, mentres a gravadora quedaba funcionando. Os informantes parecían relaxarse inmediatamente e cambiaban do castelán ó galego. Nun segundo momento tentei avalia-las actitudes lingüísticas co método directo dunha enquisa formal, gravada co permiso do informante. A cada informante preguntóuselle pola súa historia, as súas actitudes e opinións sobre a lingua galega (v. Appendix 1), e díxoselle que as súas respostas ían ser utilizadas unicamente como un indicador do cambio xeral de actitudes en Santiago; ademais comprobouse que a formalidade de falar ante un micrófono e de saber que estaban a ser gravados, non afectaba ás respostas.

O predominio do castelán na EPF testemúñase en dous dos meus informantes, Begoña e Anabel, para quen o castelán é a lingua dominante, empregada na casa cos seus irmáns, pais e avós, no

traballo e na Universidade e case sempre cos seus amigos. A pesar disto, parece que os seus pais e avós poucas veces lles contestan en castelán e prefiren levar unha conversa bilingüe. Javier, Ana e a súa nai Sofía enténdense perfectamente entre si no seguinte diálogo sobre o coche novo, e cando se lles preguntou pareceulles normal o cambio de código deste xeito:

(3) Javier (Gal) *O coche ten display... e diche estar en tódolos vehículos...cando tes que ter unha revisión, si tes que cambia-lo aceite.*

Sofía (Cast) *¿Todos los días?*

Javier (Gal) *Si tódolos días.*

Ana (Gal) *Sí, avísache...¡está perfecto!*

Este é un importante tipo de cambio de código e observei que é práctica común en Santiago: cada unha das dúas partes entende á outra perfectamente. É interesante destaca-lo feito de que a única vez que Begoña e Anabel empregaron o galego foi cando utilizaron unha palabra ou frase que os outros non entendían en castelán, a pesar do seu suposto dominio desta lingua. Patricia (25) dixo que elas as dúas nunca empregaban o galego porque entendían que o falaban moi mal. Sen embargo, cando outra amiga chegou un día coa súa nena Rebeca, Begoña e Anabel cambiaron inmediatamente para o galego. Explicaron que consideraban importante para Rebeca aprende-lo galego, xa que é *a lingua do seu país*. Engadiron que se un estranxeiro lles falase en galego contestaríanlle no mesmo. Anabel engadiu, sen embargo, que había certas situacións formais, cos profesores universitarios, por exemplo, en que ninguén debía usa-lo galego, aínda que é agora a lingua da oficialidade. Raquel mencionou ademais que nunca utilizaría o galego nunha tenda ou restaurante de categoría, a non ser que alguén o empregase expresamente con ela. Igualmente moitos camareiros e propietarios de bares ignorarían intencionadamente ós meus amigos galegos se estes tentasen pedir algo en galego, aínda que eles continuasen falando entre si na mesma lingua, presumiblemente porque pensaban que este era un ámbito o suficientemente informal como para xustifica-lo seu uso. Desde logo, en certos sectores de Santiago, anque o castelán substitúe o galego como variedade informal, o primeiro aínda parece se-la lingua de prestixio na situación de diglosia actual.

Cando preguntei se o galego sobreviviría, Patricia, que é extremadamente leal á lingua, expresou dúbidas sobre se moitos galegos sentían o mesmo, e opinou que a influencia do castelán é

demasiado forte. Raquel mostrouse tamén pesimista sobre as posibilidades que a lingua ten de sobrevivir, pero convén ter en conta que ela é predominantemente castelanfalante e que se sente máis cómoda empregando o castelán có galego. María, Anabel, Montse e Ana eran optimistas sobre a supervivencia da lingua; as tres últimas comentaron que cada vez máis universitarios da súa idade empregaban o galego no canto do castelán nas conversas cos amigos e nas clases, e igualmente que moitas clases se impartían agora en galego e non en castelán. María tamén comentou que o que máis empregaba na casa era o castelán, sen embargo recoñeceu que no último ano estivera poñendo en práctica nas conversas cos pais e cos familiares o galego estándar que aprendera na escola. Cos seus amigos sempre emprega o castelán, pero, así e todo, está convencida de que o galego vai sobrevivir, e espera que tanto ela como as súas amigas o aprendan a usalo máis a miúdo en diferentes situacións. Ademais afirmou que lle gustaría que os seus fillos aprendesen galego.

Cando preguntamos qué opinión lles merecían os falantes que utilizaban só unha das linguas, independentemente da situación, María, Manolo, Anabel e Patricia, consideraron que era mellor empregar-la lingua correcta consonte a ocasión e a situación. Só Raquel dixo que cada quen debería poder fala-la lingua que quixese: afirmou que, a pesar de proceder dunha familia predominantemente galegofalante e vivir en Santiago, expresábase normalmente en castelán cos seus amigos mesmo se estes lle falaban en galego, e que prefería face-lo mesmo na casa a pesar da presión de seus pais para que falase só galego.

8. Actitudes en relación co cambio de código

Baseándome na información recollida no meu traballo de campo quixen examinar por qué os bilingües realizan unha mestura intraoracional, un cambio interoracional e cambios en expresións fixadas. Os falantes bilingües tenden a evitar dificultades no paso dunha lingua á outra, tales como diferencias na orde de palabras e fragmentos agramaticais, con cambios de código suaves en lugares de equivalencia entre ámbalas linguas. Como observou Berruto (1997: 399) en Italia, isto non parece supor un gran problema para as linguas que teñen tipoloxía moi similar, o que tamén se aplica ó galego e ó

castelán¹⁰. Appel e Muysken (1987:118-120) resumen varias funcións do cambio de código e da mestura de códigos¹¹:

a) Función referencial. Certos temas poden ser máis apropiadamente discutidos nunha lingua ca na outra, ou que o falante carece da capacidade para trata-lo tema nunha das linguas. O cambio non adopta as características fonéticas, sintácticas nin morfolóxicas da lingua receptora e é intraoracional. En Galicia ámbalas dúas linguas parecen verse afectadas. A maioría dos informantes máis novos admite que introduce ás veces palabras do castelán se non coñece o termo galego específico dun certo tema: Anabel dixo que ela o facía porque descoñecía certas palabras en galego. Ana, Begoña e Javier recoñeceron que falaban castelán agalegado, pero cando falaban castelán non só a súa fonética e a súa morfoloxía se vían afectadas senón que ademais introducían palabras galegas en lugar das correspondentes do castelán. Sofía e Manolo, os informantes máis vellos, afirmaron que non se expresaban nin en castelán agalegado nin en ningunha das variedades dialectais do galego: cando se lles insistiu, manifestaron que na súa opinión existe aínda un grande estigma asociado a este último. Sexa como sexa, pódese dicir que o seu galego estaba cheo de castelanismos, probablemente sen eles seren conscientes de que non son realmente termos galegos¹².

b) Función directiva. Baixo certas circunstancias persoais e sociais un falante pode escoller unha variedade lingüística específica coa que ou ben espera obte-la aprobación do interlocutor incluíndo oíntes específicos (converxencia), ou ben pretende dissociarse de certos interlocutores e mesmo, nalgúns casos, acentualas súas diferencias lingüísticas (diverxencia). Giles, Bourhis e Taylor (en Hidalgo 1988: 6) chámanlle Teoría da Acomodación Lingüística (*Speech accommodation theory*). O traballo de Argenté Giralt e Lorenzo Suárez (1991: 93), centrado na comunidade de Coiro en Pontevedra, mostra que, anque a lingua materna dos adultos é o

¹⁰ Vid. Poplack e Sankoff (1988) para unha descrición da inserción de constituíntes e cambios marcados por un elemento específico.

¹¹ Non se mencionaron as funcións expresiva, metalingüística ou poética debido ó carácter restrinxido deste traballo de investigación, pero isto non descarta a súa existencia en Galicia.

¹² Montse pensa que usa un léxico castelanizado no canto das formas tradicionais galegas de certas palabras o que corrompe o seu galego, e preguntábase se isto era o que eu quería dicir co termo "chapurrao". Sen embargo das palabras que mencionou só *calle* é un exemplo deste tipo, sendo a palabra galega *rúa*, xa que *entonces* e *desde* considéranse palabras alternativas galegas a *entón* e *dende*. Existen exemplos de préstamos integrados diacrónica, morfolóxica e sintacticamente na lingua receptora.

galego, que empregan entre eles e cos seus pais, usan o castelán cos seus fillos. Lorenzo (1990: 61) denominounos "a xeración ponte", unha situación moi común nas áreas urbanas e semiurbanas. No comportamento de Sofía e Manolo isto constatouse a miúdo, especialmente cando se dirixían á súa filla María:

(4) (María estivo ata bastante tarde vendo a televisión):

Sofía (Cast) *¿Tú lo has hecho parar?*¹³

María (Cast) *No... lo puse para se apagar a la media hora... y después me despertaba y...*

Non obstante, cando se lles preguntou sobre isto dixeron que case sempre falaban galego cos fillos. Do mesmo xeito, a pesar de que Javier declarou que sempre utilizaba o galego cos pais, mesmo cando lle falaban en castelán -tal como se amosou no exemplo (3)- eu gravei a conversa seguinte:

(5) (na mesa á hora de cear):

Javier (Cast) *¿Entonces, quieres ahora ensalada?*

Sofía (Cast) *Como tú quieras.*

Raquel (27) e Ana (24) afirmaron que cambiaban de lingua dependendo de con qué irmán ou irmá estean a falar. Ana tende a empregarlo galego na maioría das situacións e de calquera maneira inicia a conversación en galego e logo cambia para o castelán cando o precisa:

(6) (María está bocexando):

Sofía (Cast) *¿Qué haces?*

Ana (Gal) *¿Dormiches?*

María (Cast) *Sí, por supuesto.*

Ana (Cast) *Sabes que tú...*

Javier e Ana indicaron, de maneira separada, que a súa nai lle dá algo de vergonza o galego que fala, e que lles ten dito moitas veces que o galego deles é "unha forma máis correcta". Así, os fillos dixeron que lle falaban só castelán para lle evitar unha situación violenta, pero o exemplo (3) amosa que non sempre fixeron así.

¹³ Nótese este uso do perfecto composto en castelán para un significado pretérito.

c) Función fática. Emprégase para indicar un cambio no ton da conversa. Gumperz (1982: 65) engloba esta función dentro do termo "cambio metafórico", no que se introduce un termo técnico ou un préstamo e os falantes sérvense do coñecemento das normas situacionais que teñen eles e os seus interlocutores para comunicaren información metafórica sobre cómo eles pretenden que sexan entendidas esas palabras. Unha vez máis, pode resultar difícil distinguir entre cambio de código e préstamo léxico. A pesar de que tradicionalmente se considera que os préstamos se integran fonolóxica, morfolóxica e sintacticamente na variedade lingüística receptora, unha palabra tomada doutra lingua pode non pasar por algún ou por ningún deses procesos, sobre todo se só se utiliza de maneira esporádica ou se o seu uso se restrinxe a un grupo ou a unha clase social. A isto chámalle Weinrich (1966) "préstamo creado para a ocasión" e vai unido a un certo nivel de competencia nas dúas linguas. Patricia admitiu que inclúe palabras do castelán cando conta un chiste en galego, dixo que dalgún xeito fai o chiste máis divertido. Montse tamén recoñeceu que cando fala de persoas non galego-falantes introduce palabras do castelán para enfatizala ignorancia que estes teñen do galego. Ana e Manolo afirmaron que se serven de préstamos ocasionais cando tentan transmitir ironía, por exemplo, cando Ana está enfadada coa súa irmá. Raquel, en cambio, admitiu tomar préstamos do castelán ó falar galego simplemente porque non coñece o termo correcto en galego.

9. Conclusión: *¿Comezou a producirse un cambio?*

Debo admitir que a partir dun grupo tan pequeno de informantes sería extremadamente prematuro facer prediccións de grande alcance sobre a situación sociolingüística dos sectores bilingües da clase media-baixa de Santiago de Compostela, e aínda máis de toda Galicia. Algúns dos resultados deste estudio poden non ser representativos do cambio lingüístico, polo que non se poden tirar conclusións xerais. En calquera caso, pode que estes resultados apunten tendencias que quizais se produzan a maior escala: sería interesante, en consecuencia, que se realizasen máis investigacións, baseadas nos resultados do meu limitado traballo de campo, para observar se a situación tradicional de bilingüismo con diglosia está cambiando ou non en sectores de Santiago de Compostela. A pesar de que algúns informantes seguen a considerar que o castelán é a lingua máis formal (Raquel, Anabel, Manolo e ata Patricia), para a informante máis

nova, María, é a lingua informal, a que ela tende a usar na casa e cos amigos. O galego xeralmente só o utiliza nas aulas. En situacións nas que o seu interlocutor emprega o galego no canto do castelán, María normalmente mantén unha conversación bilingüe (mentres que Ana e os seus amigos tenden a emprega-lo galego a pesar de que o outro falante escolla o castelán), aínda que hai situacións, como se mostra nos exemplos, nas que ela admite que comeza a emprega-lo galego no canto do castelán. Sen embargo, aínda que isto parece demostrar un comportamento contraposto entre grupos de idade no uso da lingua materna no seo dunha familia concreta, e a pesar de que case todo cambio social de lingua tende a producirse máis entre xeracións diferentes ca non no seo dunha mesma xeración, este caso non se debe interpretar como precedente dunha transición máis gradual de idade e lingua dentro da comunidade, porque se produce nun único caso observado, e quizais se deba, en consecuencia, a outros factores relacionados con esta familia concreta. Sería interesante, non obstante, levar a cabo un estudio a media ou grande escala das actitudes dos grupos de idade máis novos relacionadas co seu uso do galego, para descubrir se está a influír neles a política de normalización lingüística posta en práctica no ensino. Certamente, María afirmou que se sente máis que confiada na súa capacidade para falar galego correcto; en efecto, recoñeceu que en ocasións emprega esta lingua en certas situacións informais, por ex. cos seus pais, como se exemplificou arriba. Entón, a política aplicada recentemente de ensinar galego nas escolas, parece que reafirma, polo menos no caso de María, a súa lealdade lingüística e lle dá confianza para usa-lo galego en situacións informais.

Green (1994: 165) asegura que a implantación das *Normas* e o ensino da variedade estándar do galego estarían provocando unha diglosia secundaria entre a variedade A, asociada coa lingua escrita e a vida urbana, e as variedades rurais B. Aínda que algo restrictivos, os resultados deste traballo parecen confirma-las afirmacións de Green, e poderíanse beneficiar de investigacións posteriores. O que se indica, cando menos, é que en certos sectores da sociedade de Santiago, membros concretos do grupo de idade máis novo parecen emprega-lo que poderíamos chama-la variedade A de galego, isto é, a variedade estándar que se ensina nas escolas, comprendendo aspectos de fonética, gramática, léxico, historia da lingua, etc., así como normas ortográficas. Pola contra, os informantes máis vellos parece que continúan a usa-lo que se podería chamar unha variedade urbana B, é dicir, que non pasou por ningunha estandarización. Podémoslle chamar a isto conflito inter- e intralingüístico: se isto se está a

producir nunha escala máis ampla, entón pode que exista competencia polos ámbitos formais e coloquiais entre ámbalas variedades, A e B, das linguas.

Green (1994: 168) é bastante pesimista con respecto ás posibilidades de supervivencia da lingua galega; como Wardaugh (1987: 127), cre que a interferencia lingüística entre as dúas linguas conducirá en último termo á morte do galego e a unha conseguinte situación monolingüe en castelán. É verdade que a interferencia léxica e os préstamos entre galego e castelán se prolongaron ó longo de máis de 800 anos e produciron diversas variedades lingüísticas de transición, como o *castelán agalegado*. Algúns informantes admitiron ademais que empregaban un galego salferido de castelanismos. Debe haber algunha verdade na afirmación de Green (1994: 168) de que a Xunta e a súa "ben intencionada pero mal orientada" intervención na planificación lingüística do galego non garante a supervivencia da lingua; de feito, poderíase argüír que as semellanzas tipolóxicas entre as dúas linguas parecen que foron postas de relevo na variedade estándar e nas Normas. Certamente, atopamos que e a pesar da afirmación de Ana e Javier de que a interferencia só se constata no seu castelán, o comportamento dos outros informantes parece indicar que o cambio de código pode ocorrer en tal grao que é posible que exista unha interferencia máis xeneralizada do castelán sobre o galego. De feito, cando insistín nisto, os propios informantes non puideron asegurar se o galego vai sobrevivir. Sen embargo, contra estas predicións algo pesimistas, tal vez sería interesante realizar un estudo continuado para ver se é posible un escenario alternativo, que proxecte unha luz máis optimista sobre a situación, polo menos en Santiago. Fishman (1967: 34) indicou que cando aumenta a competencia por ámbitos de uso, pode xurdir unha situación de bilingüismo sen diglosia, que implica a ausencia de diferenciación funcional entre as dúas linguas nos ámbitos da casa, da escola e do traballo, tal e como indica Berruto (1997) que está ocorrendo en Italia. Este cambio xeralmente prodúcese en situacións de transformación social rápida ou de axitación social, especialmente cando se desenvolven os procesos de industrialización e urbanización, e aféctalles particularmente ás clases media-baixa e baixa. É obvio que non se pode deducir deste estudo ningún destes cambios, non obstante, cómpre dicir que Galicia está neste momento experimentando moitos cambios e conflitos, relacionados coa lingua e causados polo éxodo cara ás vilas e cidades dende as áreas rurais e pesqueiras. Berruto (1997: 399-400) establece que en Italia a converxencia das variedades dialectais cara ó estándar, xunto cun incre-

mento de frecuencia do cambio e da mestura de códigos, parece indicar que se está producindo algún tipo de cambio lingüístico. Queda aberta a cuestión de se, en definitiva, terá lugar en Galicia algún tipo de inversión de roles: este é precisamente o traballo da Xunta en institucións sociais e políticas, nas escolas, nas universidades e nas casas de cultura, que afoutará estes sectores para que sigan mantendo e empregando o galego. Se os grupos de idade máis novos seguen preferindo o castelán ó galego na súa comunicación intragrupal, entón unha reversión nos ámbitos e nos roles lingüísticos pode, en último extremo, dar como resultado unha volta á situación diglósica en Santiago, nese caso co galego como lingua A e o castelán como lingua B. Isto, sen embargo, está lonxe de ser certo; falta por ver se segue a incrementarse a lealdade cara ó galego ata o punto de que a xente queira verdadeiramente protexelo como un símbolo das súas diferencias culturais, sociais e históricas respecto do resto de España, ou se seguirá o camiño doutras moitas linguas minoritarias do mundo.

Bibliografía

- Argente Giralt, J. A. & Lorenzo Suárez, A. M. (1991). "A relevancia social da alternancia lingüística", *Cadernos de Lingua* 3, 91-109.
- Appel, R. & Muysken P. (1987). *Language Contact and Bilingualism*. London: Edward Arnold.
- Berruto, G. (1997). "Code-switching and Code-mixing" eds M. Maiden, M. Parry, *The Dialects of Italy*, 394-400. London, Routledge.
- Brown, P. & Fraser, C. (1979). "Speech as a Marker of Situation", *Social Markers in Speech*, 33-62. Cambridge, University Press.
- Cáccamo, A. (1983). "A influencia do galego sobre o sistema verbal e no uso de certas perífrases verbais do castelán de Galiza", *Grial* XXI; 423-41.
- Cano González, A. M. (1994). "Gallego y castellano en una comunidad orensana", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas: sección VI: Galego*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- Dubert García, F. (1995). "Algúns fenómenos morfolóxicos do galego de Santiago", *Cadernos de Lingua* 11, 71-101.
- Fasold, R. (1984). *The Sociolinguistics of Society*. Oxford, Blackwell.

- Fernández, M. (1983). "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: el ritmo de la desgalleguización en los últimos 50 años", *Verba* 10; 79-129.
- Ferguson, C. A. (1959). "Diglossia", *Word* 15; 325-40.
- Fishman, J. (1964). "Language Maintenance and Language Shift as a Field of Inquiry", *Linguistics* 9; 32-70.
- Fishman, J. (1967). "Bilingualism with and without Diglossia: Diglossia with and without Bilingualism", *Journal of Social Issues* 23, 2; 29-38.
- Fishman, J. (1989). *Language and Ethnicity in Minority Sociolinguistic Perspective*. Clevedon, Avon. [Multilingual Matters].
- García, C. (1986). "Vicisitudes históricas en el desarrollo del gallego", *Lenguas Peninsulares y Proyección Hispanica*, Madrid, Malvar.
- García, C. (1985). *Temas de lingüística galega*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- Giles, H. (1977). *Language Ethnicity and Intergroup Relations*. London; Academic Press.
- Green, J. (1993). "Representations of Romance: Contact, Bilingualism and Diglossia", *Trends in Romance Linguistics and Philology. Vol. 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*. The Hague, Mouton.
- Green, J. (1994). "Language Status and Political Aspirations: the Case of Northern Spain", M.M.Parry, W.V.Davies, R.A.M.Temple (eds.) *The Changing Voices of Europe*. Cardiff; University of Wales Press.
- Gumperz, J. (1966). "On the Ethnology of Linguistic Change", *Sociolinguistics*. W.Bright (ed). The Hague; Mouton, 27-38.
- Gumperz, J. (1982). *Discourse Strategies*. Cambridge; University Press.
- Haugen, E. (1976). *The Scandinavian Languages: an Introduction to their History*. London; Faber.
- Hidalgo, M. (1988). "Perceptions of Spanish-English Code-Switching in Juárez, Mexico", Latin American Institute Research Paper; University of New Mexico, Albuquerque.
- Kabatek, J. (1991). "Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar", *Cadernos de Lingua* 4; 39-48.
- Lehiste, I. (1988). *Lectures on Language Contact*. Cambridge; MIT Press.
- Monteagudo, H. & Santamarina, A. (1993). "Galician and Castilian in Contact: Historical, Social and Linguistic Aspects", *Trends in Romance Linguistics and Philology. Vol. 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*. The Hague, Mouton.

- Poplack, S. & Sankoff, D. (1988). "Code-Switching" in: U. Ammon, N. Dittmar & K. J. Mattheier (eds) *Sociolinguistics: An International Handbook of Languages and Society*. 2, Berlín; Mouton.
- Posner, R. (1993). "Language Conflict in Romance: Decline, Death and Survival" *Trends in Romance Linguistics and Philology*. Vol. 5: *Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*. The Hague, Mouton.
- Rábade Paredes, X. (1994). "Pluralismo cultural y lingüístico en España - el caso Gallego", en *Teoría y Práctica de la Educación Intercultural*, Santiago de Compostela, Universidade.
- Regueira, X. L. (1994). "Modelos Fonéticos e Autenticidade Lingüística", *Cadernos de Lingua* 10; 37-60.
- Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega (RAG). (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña, Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega (RAG). (1995). *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do mapa sociolingüístico de Galicia*, A Coruña; Real Academia Galega.
- Silva Valdivia, B. (1991). "Tipoloxía das Manifestacións de Contacto Lingüístico en Galicia. Algunhas Consideracións" *Cadernos de Lingua* 4; 27-38.
- Wardhaugh, R. (1987). *Languages in Competition*. Oxford, Blackwell.
- Weinreich, U. (1966). *Languages in Contact*. The Hague, Mouton.
- Woolard, K. A. (1989). *Double Talk: Bilingualism and the Politics of Ethnicity in Catalonia*. Stanford; University Press.

Apéndice 1: Información dos Enquisados

Serie de preguntas feitas ós dez informantes entre o 1-5-96 e o 30-5-96:

- 1) ¿Que lingua usas habitualmente cos teus pais?
- 2) ¿Cal é a lingua que empregas polo xeral cos teus irmáns e irmás?
- 3) ¿Que lingua empregas habitualmente cos teus avós?
- 4) ¿En que lingua che contestan os teus pais normalmente?
- 5) ¿Que lingua empregas habitualmente cos teus amigos?
- 6) _____ cos profesores ou alumnos?
- 7) _____ cando entras nunha tenda?
- 8) _____ cando entras nun bar ou restaurante?
- 9) _____ cando coñeces a alguén?
- 10) ¿En que lingua prefires falar?
- 11) ¿Sabes ler e escribir en galego?
- 12) Na túa opinión, ¿cal é a actitude xeral cara á lingua galega?
- 13) ¿Pensas que sobrevivirá?
- 14) ¿Estudiaches ou estás estudiando galego na escola?
- 15) ¿Que lingua usabas habitualmente na casa antes de ires á escola?
- 16) ¿Que pensas das persoas que empregan sempre indistintamente galego ou castelán, sen ter en conta a situación?
- 17) ¿Que lingua empregas habitualmente se falas contigo mesmo?
- 18) _____ se falas en voz alta contigo mesmo?
- 19) _____ para escribir unha nota para ti mesmo?
- 20) ¿Pensas que de vez en cando utilizas un *castelán agalegado* ou un dialecto galego?
- 21) ¿Insertas algunha vez palabras doutras linguas coa intención de crear un efecto especial?

Contestacións dos informantes.

Nome: María Idade: 16 Nacida en: Santiago Vive en: Santiago

- 1) A maior parte das veces castelán, pero ultimamente tamén en galego.
- 2) Polo xeral castelán.
- 3) Polo xeral galego.
- 4) Depende que lingua utilice ela con eles.
- 5) Sempre castelán.
- 6) Depende de cal sexa a lingua que eles empreguen para se dirixir a ela. Ela responde na mesma.
- 7) Sempre castelán, agás cando ela se decata de que a persoa sabe falar galego.
- 8) Coma antes.
- 9) Comeza en castelán e continúa así a menos que a persoa conteste en galego, neste caso tamén adopta o galego.
- 10) Castelán.
- 11) Sabe.

- 12) A xente está aprendendo a aceptala cada vez máis como a súa lingua propia.
- 13) Estou ben certa diso.
- 14) Si, dende que tiña 4 anos.
- 15) Castelán, de calquera maneira os seus pais tentan darlle unha base de galego e os seus avós sempre utilizan o galego con ela.
- 16) A xente debe usa-la lingua apropiada para cada situación na que está ou dependendo do dominio que esa xente teña de cada unha das dúas linguas.
- 17) Castelán.
- 18) Castelán a maioría das veces.
- 19) Castelán.
- 20) Non.
- 21) Non.

Nome: Javier **Idade:** 23 **Nacido en:** Santiago **Vive en:** Santiago

- 1) Galego.
- 2) Galego.
- 3) Galego.
- 4) Habitualmente galego, ás veces castelán. Ás veces os seus avós usan tamén con el o castelán.
- 5) Depende de qué lingua usen habitualmente os seus amigos.
- 6) Depende de en qué lingua se imparta a clase, co cal el responde na mesma.
- 7) Habitualmente galego.
- 8) Coma antes.
- 9) Habitualmente en galego.
- 10) Galego.
- 11) Sabe.
- 12) Hai algúns prexuízos dentro da Universidade aínda que non se diga.
- 13) Penso que si: nos últimos anos gañou terreo, pero non conseguirá nunca substituí-lo castelán totalmente porque este é aínda a lingua nacional.
- 14) Si, dende que ten 12 anos.
- 15) Castelán.
- 16) As persoas nunca deben dicir que só usarán unha lingua cando poden fala-las dúas, cunha postura radical nunca se consegue nada.
- 17) Habitualmente galego.
- 18) Galego a maioría das veces.
- 19) Galego ou castelán.
- 20) Ás veces usa castelán agalegado.
- 21) Non pensou niso.

Nome: Ana **Idade:** 24 **Nacida en:** Santiago **Vive en:** Santiago

- 1) As máis das veces galego.
- 2) Sempre en galego con Javier, pero con María depende de se están cun grupo de persoas (en galego) ou soas (en castelán).

- 3) Galego.
- 4) As máis das veces en galego.
- 5) As máis das veces en galego, pero cos amigos non bilingües trata sempre de fala-lo castelán.
- 6) Depende de qué lingua usen para dirixírense a ela. Ela responde na mesma.
- 7) Sempre galego.
- 8) Coma antes.
- 9) Galego.
- 10) Galego.
- 11) Si.
- 12) As persoas están aprendendo a aceptala cada vez máis como lingua de seu.
- 13) Si, se a maioría da xente de arredor de vinte anos o fala e llelo transmite ós seus fillos.
- 14) Si, dende que tiña 11 anos.
- 15) En xeral castelán.
- 16) A xente nunca debe tomar unha postura demasiado radical, pero se non usan o galego pódese deber a que simplemente non coñecen a forma estándar.
- 17) A maioría das veces castelán.
- 18) Galego a maioría das veces.
- 19) Galego.
- 20) Considera difícil falar castelán sen recorrer a certos termos e expresións en galego: ten que pensar deliberadamente o que tenta dicir en castelán.
- 21) Emprega termos do castelán no seu galego para introducir unha nota de ironía ou de humor.

Nome: Sofía **Idade:** 51 **Nacida en:** Unha aldea a 10 Kms de Santiago
Vive en: Santiago

- 1) Galego.
- 2) Galego.
- 3) Galego.
- 4) As máis das veces en galego e ás veces en castelán.
- 5) Galego.
- 6) Máis galego ca castelán.
- 7) Habitualmente en galego.
- 8) Coma antes.
- 9) Depende de qué lingua use primeiro a outra persoa, pero se parecen galegos, entón usa o galego de tódolos xeitos.
- 10) Galego. Se alguén telefona e fala con ela en castelán empregara, pero sempre acaba falando galego.
- 11) Si, pero pensa que comete moitos erros cando o escribe.
- 12) Parece que a maioría das persoas fala máis en castelán.
- 13) Penso que si.
- 14) Non.
- 15) Galego.
- 16) Calquera punto de vista extremo é malo para a lingua.

- 17) Galego.
- 18) Galego.
- 19) Agora en galego, pero hai uns anos en castelán.
- 20) Pensa que non.
- 21) Pensa que non.

Nome: Manolo Idade: 53 Nacido en: Santiago Vive en: Santiago

- 1) Galego.
- 2) Habitualmente galego.
- 3) Galego.
- 4) A maior parte das veces en galego, ás veces en castelán.
- 5) Depende do tipo de conversa e con quen.
- 6) Nas clases castelán.
- 7) Galego habitualmente.
- 8) Coma antes.
- 9) Galego.
- 10) Castelán.
- 11) Sabe.
- 12) Depende de cada persoa.
- 13) Depende da actitude das persoas.
- 14) Non.
- 15) Galego.
- 16) Cada un debe tentar emprega-la lingua que conveña segundo esixa a situación.
- 17) Castelán.
- 18) Galego.
- 19) Castelán.
- 20) Non.
- 21) Pensa que é bastante difícil o cambio dende o galego ó castelán, e usa expresións do castelán cando fala galego para introducir un matiz irónico.

Nome: Raquel Idade: 27 Nacido en: Santiago Vive en: Santiago

- 1) Galego.
- 2) Unha ou outra dependendo da que fale o irmán ou a irmá.
- 3) Galego.
- 4) Maioritariamente en galego, pero ás veces en castelán.
- 5) Castelán.
- 6) Castelán.
- 7) Galego habitualmente, pero se a tenda é de categoría entón sempre en castelán.
- 8) Depende do lugar e de qué lingua usen alí as persoas con ela.
- 9) Castelán.
- 10) Castelán.

- 11) Sabe.
- 12) A maioría da xente prefere castelán.
- 13) Vai ser difícil porque cada vez fálase menos.
- 14) Estudou galego catro anos na escola.
- 15) Castelán.
- 16) Todo o mundo ten o dereito a emprega-la lingua que quere.
- 17) Castelán.
- 18) Castelán.
- 19) Castelán.
- 20) Non.
- 21) Usa expresións do castelán no seu galego simplemente porque non coñece as formas correctas galegas.

Nome: Begoña **Idade:** 24 **Nacida en:** Santiago **Vive en:** Santiago

- 1) Castelán.
- 2) Castelán.
- 3) Castelán.
- 4) Castelán.
- 5) Maioritariamente o castelán.
- 6) Castelán.
- 7) Galego.
- 8) Galego.
- 9) Castelán.
- 10) Castelán.
- 11) Sabe.
- 12) Agora fala galego máis xente.
- 13) Sen problema ningún.
- 14) Desde que tiña 11 anos.
- 15) Castelán.
- 16) -
- 17) Castelán.
- 18) Castelán.
- 19) Castelán.
- 20) Pensa que usa castelán agalegado.
- 21) Non o cre.

Nome: Anabel **Idade:** 24 **Nacida en:** nos arredores de Santiago **Vive en:** Santiago

- 1) Castelán.
- 2) Castelán.
- 3) Castelán.
- 4) Castelán.
- 5) As máis das veces castelán.
- 6) Castelán.

- 7) Castelán.
- 8) Castelán.
- 9) Castelán.
- 10) Castelán.
- 11) Sabe.
- 12) Considera que hai situacións nas que aínda non convén emprega-lo galego aínda que agora é empregado na administración autonómica.
- 13) Pensa que sobrevivirá porque a maioría dos estudantes universitarios están a aprendelo.
- 14) Parte do ensino aínda se está impartindo en castelán.
- 15) Castelán.
- 16) Cre que se debe usa-la lingua que esixa cada situación.
- 17) Castelán.
- 18) Ámbalas dúas.
- 19) Castelán.
- 20) Pensa que non utiliza ningunha das dúas.
- 21) Pensa que non.

Nome: Montse Idade: 25 Nacida en: Santiago Vive en: Santiago

- 1) Galego.
- 2) Galego ou castelán.
- 3) -
- 4) Maioritariamente en galego, ás veces en castelán.
- 5) Galego.
- 6) Máis o galego có castelán.
- 7) Galego.
- 8) Coma antes.
- 9) As dúas.
- 10) Tanto me ten.
- 11) Sabe.
- 12) A maioría das persoas parecen estar a favor da lingua.
- 13) Cre que sobrevivirá, porque a maioría dos universitarios están aprendéndoa.
- 14) A maioría das clases impartíanse en galego.
- 15) Galego.
- 16) -
- 17) As dúas.
- 18) Ámbalas dúas; afirma que só é consciente de falar galego, pero que pode ser que inconscientemente fale castelán.
- 19) As dúas.
- 20) Usa moitas palabras castelanizadas no seu galego que non están de acordo coa normativa.
- 21) Bastantes veces para introducir ironía ou burlarse dunha persoa non galego-falante.

Nome: Patricia Idade: 26 Nacida en: Santiago Vive en: Santiago

- 1) Galego.
- 2) Galego ou castelán.
- 3) -
- 4) Maioritariamente en galego, ás veces en castelán.
- 5) As máis das veces galego.
- 6) Depende do tema da conversa.
- 7) Galego.
- 8) Coma antes.
- 9) Galego.
- 10) Ámbalas dúas.
- 11) Sabe.
- 12) Unha minoría maniféstase aínda en contra da lingua e do que esta representa.
- 13) Dubídao, porque se mantén a opresión do castelán sobre o galego.
- 14) Comezou a ter clases en galego ós 11 anos.
- 15) Castelán.
- 16) Considera que se debe utiliza-la lingua segundo requira a situación.
- 17) Ámbalas dúas.
- 18) As dúas.
- 19) Habitualmente o galego.
- 20) Pensa que non.
- 21) Inserta moitas palabras do castelán no galego para parecer simpática ou irónica.

ANÁLISE COMPARATIVA DE DICCIONARIOS BILINGÜES: O LAROUSSE COMPACT ESPAÑOL- FRANCÉS, FRANÇAIS-ESPAGNOL E O VOX ESENCIAL GALEGO-CASTELÁN, CASTELLANO-GALLEGO

REXINA R. VEGA
Universitat Autònoma de Barcelona

0. Limiar

En primeiro lugar quixera sinalar que as diversas reflexións e análises que se van desenvolver neste artigo son o froito da miña experiencia práctica como lexicógrafa no eido dos dicionarios bilingües. Valla esta aclaración para xustificar a elección de dúas obras, en aparencia dispares, como obxecto de estudo: O *Larousse Compact Español-Francés Français-Espagnol*¹ e o *Vox esencial Galego-Castelán Castellano-Gallego*².

Foi precisamente a miña participación no proceso de elaboración de ámbolos dous dicionarios a que me fixo concibir a utilidade dunha análise comparativa entre proxectos lexicográficos con linguas de tan diferente status, análise que, en última instancia, leva a cuestionar a existencia dun modelo estándar de dicionario bilingüe.

1. O dicionario bilingüe

Fronte ás obras monolingües, que explican os significados das palabras, os dicionarios bilingües ocúpanse unicamente da tradución entre dúas linguas. A súa finalidade é, xa que logo, a de ser un instrumento eficaz de codificación e descodificación que recolla a si-

¹ *Diccionario Compact Español-Francés, Français-Espagnol*, Paris, Larousse, 1995.

² *Diccionario Esencial Vox Galego-Castelán, Castellano-Gallego*, Barcelona, Bibliograf, 1997.

tuación real de dous ámbitos lingüísticos. A necesidade de ofrecer un panorama o máis vivo e actualizado posible dos idiomas fai que os autores dun bo diccionario bilingüe estean á espreita ante calquera modificación que se produza nalgunha das linguas, convertendo a obra no mellor testemuño dunha época. O modelo para seguir é pois o do diccionario de uso ou descritivo, sen límites normativos, realizado coa linguaxe realmente empregada, sen que importe o nivel de lingua nin a duración no uso dos termos. O tipo de vocabulario recollido pertence ó estándar culto, urbano e actual, sen esquecer determinadas palabras técnicas e especializadas.

2. Os diccionarios bilingües en linguas non normalizadas: o caso do bilingüe galego-castelán, castellano-gallego

Cando afrontamos a tarefa dun bilingüe galego a necesidade de ofrecer unha visión real e actual do idioma bate contra a situación de inestabilidade da norma lingüística e a insatisfactoria normalización do galego en moitas das esferas que compoñen o contorno do falante. O obxectivo de proporcionar unha sensación de lingua viva ós lectores, escolares na súa maior parte, é moitas veces irrealizable. Ademais, o feito do alto grao de proximidade entre as linguas castelá e galega xunto coa convivencia de cultismos, semellantes ó español, a carón de solucións patrimoniais, fainos pensar inevitablemente nun perfil de usuario afectado por abundantes interferencias lingüísticas. Este feito, impensable en linguas coma o francés ou o español, demanda en ámbalas direccións do diccionario unha forte presenza de observacións de carácter gramatical e semántico, sen excluír as chamadas sancionadoras sobre expresións vixentes na fala pero, hoxe en día, rexeitadas pola norma lingüística como vulgarismos, dialectalismos ou barbarismos.

Como vemos, un diccionario bilingüe en galego difire daqueles en linguas consolidadas no seu dobre carácter normativo e de uso. O aspecto artificial ou forzado que en moitas ocasións presentan as traducións de vocábulos sentidos na outra lingua, o castelán neste caso, como naturais e frecuentes na fala esixe, se non se cae na tentación de simplificar as acepcións e eliminar rexistros lingüísticos, unha vontade de consenso e de aceptación das decisións da Institución, impoñendo ó lector un proceso de aprendizaxe da súa propia lingua.

3. *Análise comparativa*

Tras indicar os obxectivos xerais dun diccionario bilingüe e apuntar a especial problemática que a lexicografía galega presenta para cumprir ditos obxectivos, pasaremos agora a efectuar un cotexo entre as diferentes solucións adoptadas no proceso de elaboración dos dicionarios *Larousse* e *Vox*³.

Principiaremos por unha sucinta presentación do modo de organización do traballo lexicográfico en cada un dos dicionarios analizados.

3. 1. *Modo de organización do traballo lexicográfico*

No caso do Dicionario *Larousse* o traballo constou de varias fases con diferentes equipos de redactores. Primeiramente elaborouse un esqueleto en cada unha das linguas: francés e español. Este esqueleto non é outra cousa ca un texto monolingüe redactado por nativos no que se establece unha selección de entradas e se describen as diferentes acepcións que unha palabra poida ter, acompañadas de contextos que axuden á tradución e expresións idiomáticas de interese.

Velaquí un exemplo do texto monolingüe francés:

affaire nf 1. [question]

-
? ça c'est une autre affaire; une affaire délicate; une sale affaire; une affaire de goût

2. [situation intriquée]

-
? il ne voulait à aucun prix être mêlé à cette affaire

3. [marché avantageux]

-
faire une affaire

-
? j'ai fait une affaire en achetant cette voiture

une affaire en or

³ A partir de agora empregaremos unicamente o nome da casa editorial, *Vox* e *Larousse* para referirnos ós dicionarios estudados.

4. [entreprise]

? il dirige l'affaire depuis la mort de son père

— affaires *nf/pl* 1. [activités publiques]

les affaires de l'État

les Affaires étrangères

? ministère

Como vemos, a entrada figura en letra grosa. A continuación infórmase da categoría gramatical. As distintas acepcións que posúe a palabra van separadas por un número e acompañadas por indicadores de sentido ou por rúbricas que axudan a coutar os significados. Os contextos que aparecen ó final de cada acepción serven como guía para os tradutores e poden ser colocacións (combinación de palabras máis ou menos fixas), unha breve explicación ou unha frase de exemplo. Completan a miúdo o artigo unha serie de sitemas, é dicir unha combinación de palabras habituais que presentan algunha complexidade na súa traducción e, polo tanto, resultan útiles para o usuario estranxeiro. Existe tamén a posibilidade de que figure unha subentrada, é dicir unha unidade para traducir (palabra illada ou combinación de palabras) que dentro do artigo ten maior autonomía ca un sitema, xa que leva a súa propia categoría gramatical e introduce un sentido novo.

Sobre os textos monolingües francés e español traballaron os equipos de tradutores. Así establecéronse dous grupos de traballo: para o sentido francés-español tradutores do español ó francés, e para o español-francés tradutores de francés ó español.

A etapa que segue á traducción denomínase coordinación e nela decídese a estrutura final da entrada e trátanse as dúbidas de traducción que poidan aparecer.

O resultado definitivo, logo das achegas dos tradutores e dos coordinadores, sería o seguinte:

affaire *nf* -1. [gén] asunto *m*. -2. [question] cuestión *f*. **c'est l'affaire d'une minute** es cuestión de un minuto. -3. [marché avantageux] ganga *f*. **faire une affaire** hacer (un buen) negocio *m*; **une affaire en or** un negocio redondo. -4. COM negocio *m*. -5 [polémique]

caso *m.* -6. *loc.*: **avoir affaire à qqn** [traiter avec qqn] tener que tratar con alguen; **j'en fais mon affaire** es cosa mía; **il aura affaire à moi** tendrá que vérselas conmigo; **faire l'affaire** bastar; **tirer qqn d'affaire** poner a alguen fuera de peligro.

—**affaires** *nfpl* -1. COMM negocios *mpl*. -2 [objets personnels] cosas *fpl*. -3. [activités publiques et privées] asuntos *mpl*; **les affaires de l'État** los asuntos de la Nación; **les Affaires étrangères** Asuntos exteriores; **se mêler de ses affaires** meterse en sus asuntos; **toutes affaires cessantes** de inmediato.

Como vemos, o proceso de traducción enriquece o artigo engadindo novas acepcións, exemplos de uso e locucións e mellorando a calidade dos indicadores contextuais.

No diccionario *Vox* o proceso de redacción foi sensiblemente diferente. En primeiro lugar cómpre ter en conta a competencia dos tradutores en ámbalas dúas linguas. O estatuto de cooficialidade do galego e o castelán ten como consecuencia un bilingüismo real que fai innecesaria tanto a distinción de grupos de traballo en cada sentido do diccionario como a elaboración dun esqueleto pormenorizado nas dúas linguas. Outro dos factores que marcou unha diferenza no proceso de elaboración foi o traballo directo en ordenador e non sobre papel, como sucedía no *Larousse*. Logo de escolmar a lista de palabras ou lemario que se ía traducir en ámbalas dúas linguas, elaboráronse unhas fichas cunha serie de etiquetas nas que se contemplaba toda a posible información do artigo:

ENTR =
FONE =
NUME =
CATG =
REXI =
TECN =
INDI =
TRAD =
EXEM =
TRAE =
COMB =
TRAC =
LOCU =
TRAL =
FRAS =
TRAF =
OBS =

Como podemos observar, as etiquetas corresponden a diferentes informacións: a entrada ou lema, a transcripción fonética, o número de acepción, a categoría gramatical, o rexistro lingüístico, o tecnicismo ou abreviatura dun determinado campo semántico, o indicador de contexto, a traducción, o exemplo de uso, a traducción do exemplo de uso, a construción fixa, a traducción da construción fixa, a locución, a traducción da locución, a fraseoloxía, a traducción da fraseoloxía, e, por último, as observacións sobre algunha peculiaridade morfolóxica ou sintáctica.

Trala fase de traducción na que os redactores debían detectar o maior número de equivalencias que cada acepción do lema xeraba procedeuse a un labor de coordinación que asegurou a coherencia e a rigorosidade das propostas.

Vexamos un exemplo do traballo sobre as fichas:

ENTR = vez
 NUME = 1
 CATG = f.
 TRAD = vez
 NUME = 2
 CATG = f.
 INDI = turno
 TRAD = vez, quenda
 LOCU = a la vez
 1TRAL = á vez
 2TRAL = asemade
 LOCU = a veces
 1TRAL = ás veces
 2TRAL = por veces
 LOCU = de una vez por todas
 TRAL = de vez

3. 2. *Criterios para a traducción*

Logo da presentación xeral do modo de organización do traballo abordaremos agora os criterios específicos que cada diccionario adoptou á hora da traducción, indicando o tipo de dificultades atopadas.

3.2.1. *Número de traduccions*

No caso do diccionario *Larousse* os criterios de traducción tiveron en conta o carácter didáctico e de consulta da obra, procurando

do facilitar o manexo ó usuario. Para isto intentouse limitar ó mínimo o número de traducións para unha soa acepción. Así determinouse dar a tradución máis adecuada, a que se puidese usar no maior número de contextos posible. No caso de engadir máis dunha tradución para unha entrada o equipo de redactores tiña que se preguntar se coa primeira tradución dada abundaría, se a segunda tradución era o suficientemente corrente e, no caso de que o fose, se a segunda tradución era intercambiable coa primeira. Como vemos o obxectivo básico no Larousse era acadar o maior rigor no mínimo espacio, evitando a confusión do usuario e a excesiva extensión da obra.

Pasemos agora ó diccionario *Vox*.

Á hora da tradución o principal problema que se nos presentou foi o da altísima coincidencia de voces que ten o galego en relación co castelán. Ademais de por motivos de estricta evolución lingüística, a gran semellanza entre as solucións do galego normativo e o castelán provén da necesidade de adopción nun momento determinado da lingua galega dun número elevado de cultismos, configurados en moitas ocasións sobre o modelo do español. A falta dunha cultura escrita suficientemente ampla en lingua galega xunto a unha deficiente normalización no uso do idioma deu lugar a unha situación de enorme complexidade xa que na lingua conviven solucións patrimoniais, as máis xenuínas do galego, xunto a solucións cultas, coincidentes co castelán e, polo tanto, con maior potencial de uso por parte do falante medio.

Ante este panorama, o lexicógrafo galego debe ser consciente de que ten de paliar, na medida do posible, a situación de fragilidade que este tipo de voces presenta. Así, ó contrario do que sucedía no Larousse, no *Vox* tratouse de ofrecer o maior número de traducións con vistas á recuperación de voces e á promoción da riqueza do idioma galego.

Ademais, respectando sempre a precisión semántica e a adecuabilidade das equivalencias, no diccionario *Vox* optouse por privlexiar na tradución aquelas voces patrimoniais cun uso o suficientemente estendido na fala. Estes son os casos de, por exemplo, *doado* e *fácil*, *desartellar* e *desarticular* ou *desacougado* e *desasossegado*:

fácil 1. *adj.* (*Sencillo*) Doado, fácil (*pl. fáciles*): *Decir que no no es fácil, decir que non non é doado.* 2. *adj.* (*probable*) Fácil: *es fácil que te den el trabajo, é fácil que che dean o traballo.*

desarticular *tr.* Desartellar, desarticular.

desasosegado, -da *adj.* Desacougado, desasosegado.

Sen embargo, se ben nos casos citados a apreciación da frecuencia de uso das voces dadas como primeira traducción non presenta dúbidas, non sempre é posible aplicar con corrección este criterio. En moitas ocasións a consideración de determinada palabra como usual na fala dependerá máis da propia experiencia da lingua que posúa o redactor ca duns datos contrastados, feito este que desestima a opción da prevalencia da solución diferencial na traducción.

3.2.2. *Equivalencia semántica das traduccións*

Na fase de traducción, ademais de fixar o número aconsellable de equivalencias, deben terse en conta outros criterios como son os da equivalencia semántica, sintáctica e estilística.

Así, a aplicación do criterio de equivalencia semántica consiste, na práctica, na reflexión sobre o carácter verdadeiramente sinonímico entre dúas traduccións para unha mesma unidade que se ha de traducir.

Polo que se refire á traducción ó ou do galego os problemas que hai que resolver para dar cunha exacta equivalencia semántica aumentan. Isto é debido ás deficiencias que o actual estado do corpus lexicográfico galego presenta. Así, a consulta dos dicionarios existentes pode sumirnos nun mar de dúbidas por mor da imprecisión nas definicións ou pola existencia de informacións contradictorias. Pensemos, por exemplo, na voz *argallar*. Se efectuásemos un seguimento desta entrada nas obras lexicográficas máis actuais, percorrido que non reproduciremos aquí por motivos de espazo, atoparíámonos cunha gran variedade de solucións nas que salienta a desigual percepción de acepcións, as informacións contradictorias en relación á categoría gramatical ou importantes diferencias de matiz nas definicións. En última instancia traballar cunha lingua en proceso de consolidación forza ó traductor a unha serie de decisións dictadas en moitos casos polo sentido da lingua que este posúa.

3.2.3. *Equivalencia sintáctica nas traduccións*

Outro dos criterios importantes para asegurar unha boa traducción é o da equivalencia sintáctica. É dicir, a traducción debe ter o mesmo nivel sintáctico cá unidade a traducir. Así un verbo intransi-

tivo ten que ser traducido por un verbo intransitivo, un adverbio por un adverbio, un substantivo singular por un substantivo singular, etc...

Sen embargo, non sempre é posible dar un equivalente sintáctico como traducción. Este é, a miúdo, o caso de substantivos singulares en francés que se traducen en plural en español e viceversa:

banlieue *nf.* afueras *fpl.*

gens *nmpl.* gente *f.*

Ás veces é preciso traducir un adxectivo francés por un sintagma preposicional ou unha relativa naqueles casos nos que o adxectivo francés non teña un adxectivo equivalente en español, como por exemplo:

adorateur, -trice *adj.* de adoración

Outro posible problema prodúcese cando é imposible dar unha traducción sintacticamente equivalente porque é necesaria unha frase. Este sería o caso de *dévolu*. A traducción desta palabra como *ojo* sería incorrecta. O máis lóxico é dar unha frase na lingua de partida para ilustrar a falta de equivalencia sintáctica:

— **dévolu** *nm*: jeter son dévolu sur qqn/sur qqch
echar el ojo a alguien/a algo.

En francés existe tamén o problema da rección preposicional dalgúns verbos. Por exemplo "*s'accouder*". O máis pertinente neste caso non é dar a traducción xenérica "apoyarse" senón a construción coa preposición xa que é o que o usuario buscará traducir.

— **s'accouder** *vp* **s'accouder à** apoiar los codos en.

Finalmente é posible atoparse co caso dun verbo que xere unha traducción ó español non totalmente equivalente, por exemplo un verbo preposicional ou unha perífrase. Nestes casos o traductor debe limitarse a poñer a traducción que considere conveniente sen indicar o cambio de equivalencia sintáctica. Isto é o que sucede nas seguintes entradas:

s'enrayer *vpr.* [mécanisme] dejar de funcionar

enlever *vt* [veste] quitarse

enquiquiner *vt* (fam) dar la lata

Moitos dos problemas vistos non teñen lugar no caso da traducción entre o galego e o español, por mor da gran proximidade entre as dúas linguas. Con todo xorden algunhas dificultades en relación co uso non pronominal de certos verbos galegos. Vexamos, por exemplo, o caso do verbo *ahogar*:

ahogar 1 *tr.-prnl.* Afogar: *ahogaron a los cachorros nada más nacer*, afogaron os cachorros nada máis nacer; *se ahogó en el río*, afogou no río. [...]

O carácter non pronominal do verbo galego nesta acepción aconsella ofrecer no artigo exemplos de uso co fin de evitar a posible interferencia lingüística por parte do usuario.

3.2.4. *Equivalencia estilística nas traduccions*

Abordarei agora o criterio da equivalencia estilística. Poden determinarse, a grandes trazos, catro niveis de lingua: o culto ou formal, o estándar, o familiar e o vulgar. Nun diccionario bilingüe debe procurarse que as traduccions posúan o mesmo nivel de lingua cá palabra que se traduce. Non obstante, cando isto non sexa posible debe darse un equivalente no nivel superior ó da palabra traducida, nunca inferior.

Así, para o caso do francés, temos, por exemplo, a palabra *allumeuse* pertencente ó nivel familiar da lingua. O primeiro impulso do traductor é ofrecer a equivalencia *calientapollas*. Sen embargo, tense que ter en conta o carácter vulgar desta voz en español. É dicir, a palabra española, dun nivel de lingua inferior, ten un uso socialmente máis comprometido cá palabra francesa. O correcto entón é ofrecer unha traducción axeitada ó nivel como *calientabraguetas*:

allumeuse *nf fam péj* calientabraguetas *f. inv.*

Malia as boas intencións hai que constatar que nun bilingüe francés-español atopámonos en numerosísimas ocasións ante a imposibilidade de ofrecer unha equivalencia estilística na traducción. Isto sucede polo feito de que en francés existe unha lingua familiar moito máis rica ca en español, lingua que se move, xeralmente sen transición, en-

tre o estándar e o vulgar ou tabú. Pensemos, por exemplo, nas palabras *bigophone* ou *pub* que cómpre traducir en castelán por un nivel neutro:

bigophone *nm fam* teléfono *m*.

Pub *nf fam* anuncio; **la pub** los anuncios

En galego dáse unha situación semellante. O número de voces pertencentes ó nivel familiar é superior ó do español. Se se concibe o diccionario bilingüe español-galego como un dos principais instrumentos de promoción do idioma, xa que no ámbito escolar é este o tipo de diccionario máis empregado, preséntanse algúns problemas. Así, se se quere chamar a atención do usuario sobre as variantes expresivas dun termo, as diferentes traducións deberán figurar na entrada de nivel neutro en español. É o caso da voz *dedo*:

dedo. 1 *m*. Dedo. 2 *m*. (*del pie*) Deda *f*. *Dedo anular*, dedo anular, dedo do aro, sobriño *fam.*, medianiño *fam*. *Dedo corazón*, dedo maior, pai de todos *fam.*; *Dedo índice*, dedo índice, furabolos *fam.*; *Dedo meñique*, pequeniño, maímiño *fam.*; *Dedo pulgar*, dedo polgar, escachapiollos *fam.*, matapiollos *fam*.

Pola contra, no que se refire ó nivel de argot xuvenil o galego presenta un déficit importante. A recesión desta lingua en ámbitos urbanos indica un proceso de normalización lingüística cun futuro incerto. Pensemos, por exemplo, nas equivalencias de nivel neutro coas que se resoven termos como *camello*:

camello 1 *m*. (*animal*) Camelo. 2 *m*. (*traficante*) Traficante (de drogas).

Ou *chuleta*:

chuleta 1 *f*. Costeleta. 2 *f*. (*para un examen*) Apunte, apuntamento *m*.

Con todo, a falta de presenza nos dicionarios de voces argóticas ou naturais de ámbitos xuvenís, non quere dicir que estas non se producen na fala. En relación con este feito, coidamos urxente un traballo de campo que permita enriquecer o léxico galego cos neoloxismos que a lingua da rúa produce e que outorgarán, sen dúbida, ós dicionarios galegos unha dimensión de actualidade e vitalidade. Trala enorme tarefa de fixar un estándar do idioma é preciso agora afondar

nos rexistros familiares, vulgares e mesmo cultos ou formais co fin de transmitir ó lector en xeral e máis especificamente ós escolares, a idea dunha lingua áxil e versátil.

3.2.5. *Criterios para a coordinación do texto bilingüe*

A última fase no proceso de elaboración dun diccionario bilingüe é a coordinación. Logo da etapa de traducción nesta etapa decídese a estrutura final do artigo lexicográfico.

No caso do diccionario *Larousse* a coordinación constou de dúas partes: coordinación 1 e coordinación 2. A coordinación 1 foi levada a cabo por un nativo da lingua de saída e a coordinación 2 por un nativo da lingua de chegada.

A misión do coordinador 1 foi a de efectuar un reagrupamento das acepcións en función das súas traducións. O usuario dun diccionario bilingüe non precisa saber como e en cantos sentidos se divide o termo que busca traducir, senón soamente de que maneira se traduce tal ou cal palabra. É pois importante, ademais do reagrupamento de acepcións, o ofrecer indicacións que sexan o máis claras posibles para facilitar a tarefa de consulta ó usuario. Este debe, en efecto, recoñecer mentres percorre o artigo o sentido da palabra (ou un contexto particular desta). Isto é posible a través dos indicadores de sentido.

Os indicadores de sentido consisten nunha palabra ou combinación de palabras que introducen unha nova acepción. Son pistas para separar claramente os distintos significados e van entre corchetes. Poden ser explicativos, contextuais ou sinonímicos. A seguir veremos exemplos das diferentes clases de indicadores empregados tanto no *Diccionario Larousse* coma no *Diccionario Vox*.

Indicadores explicativos

Pertencen ó tipo de indicadores explicativos exemplos coma os seguintes:

Larousse:

aleta *f.* -1. [de pez] nageoire *f.* -2. [de buzo] palme *f.* -3. [de nariz, coche] aile *f.*

Vox:

aba 1. *f.* (*de vestido*) falda. 2. *f.* (*de montaña*) falda, ladera. 3. *m.* (*de sombreiro, tellado*) ala.

Indicadores contextuais

Os indicadores contextuais son palabras en relación sintáctica coa entrada. Poden ser, por exemplo, suxeitos ou complementos directos no caso de que a entrada sexa un verbo transitivo:

Larousse:

apresar *vt* -1. [SUJ: animal] saisir. -2. [SUJ: persona] capturer.

aventar *vt* -1. [cenizas, papeles, etc.] disperser. -2. [trigo] vanner

Vox:

acochar [...] 3. *tr.* (a galiña) Cobijar.

chiscar 1. *tr.* (un ollo) guiñar. 2. *tr.* (unha bebida) probar.

Ou suxeitos e complementos preposicionais, no caso de que a entrada sexa un verbo intransitivo.

Larousse:

naufregar *vi* -1. [barco, persona] faire naufrage -2. *fig* [negocio] couler; [asunto, proyecto] échouer.

participar *vi* -1. [colaborar]: **participar** (en) participer (à). -2. [beneficiar]: **participar de** o **en** prendre part à. -3. [compartir]: **participar de** algo partager qqch.

Vox:

pousar 1. *tr.* (poñer) dejar, poner, posar: *pousa o paquete enriba da mesa*, deja el paquete encima de la mesa. 2. *intr-pnl.* (paxaro, avión) posar(se). 3. *intr.* (no fondo) posarse: *as borras do café pousaron no fondo da cunca*. La borras del café se posaron en el fondo da la taza.

Cando a entrada é un adxectivo o indicador debe ser o substantivo ó que modifica, por exemplo:

Larousse:

rizado, da *adj* -1. [pelo] frisé(e). -2. [mar] moutonneux(euse)

Vox:

crecho, -cha 1. *adx.* (pelo) Crespo. 2. *adx.* (persoa) chulo, tieso: *non te poñas crecho que eu teño máis razón ca ti*. No te pongas chulo que yo tengo más razón que tú.

Se a entrada é un adverbio o indicador pode ser unha locución adverbial ou un verbo, adxectivo, participio pasado ou adverbio tipo ó que modifica:

Larousse:

desaforadamente *adv* -1. [con exceso] avec démesure. -2. [con furia]: **gritar desaforadamente** pousser des cris épouvantables.

Indicadores sinónimos

Os indicadores sinónimos son palabras, compostos ou expresións que poden substituírse gramaticalmente pola entrada.

Larousse:

fortuna *f.* -1. [suerte] chance *f.*; por **fortuna** heureusement, par chance; **probar fortuna** tenter fortune. -2. [destino] sort *m.* -3. [riqueza] fortune *f.*

Vox:

carallada 1. *f.* (*troula*) Juerga: *están sempre de carallada*, están siempre de juerga. 2. *f.* (*molestia*) Jodienda: *sempre anda con caralladas amolando á xente*, siempre anda con jodiendas fastidiando a la gente. 3. *f.* (*insignificancia*) Tontería: *déixate de caralladas e traballa*, déjate de tonterías y trabaja.

Os indicadores de sentido nun texto bilingüe deben ser, ante todo, claros e contrastivos. Por este motivo na fase de coordinación debe prestarse especial atención a aquelas solucións sinónimas que resulten de pouca axuda para o usuario. Así, por exemplo, ante unha entrada resolta do seguinte xeito:

délivrer 1. [prisonnier, pays] -liberar de, librar de
2. [établir] -expedir 3. [marchandise] -entregar

o coordinador debe formular unha mellora dos indicadores con vistas á clarificación do artigo. Os sentidos moi próximos ou polisémicos que poden presentar os sinónimos en relación coa entrada non resultan de grande utilidade. Pola contra, o emprego de indicadores contextuais mellora a claridade e a contrastividade entre as diferentes acepcións, xa que é unha palabra o que usuario precisa traducir e non un sentido. O resultado da entrada, tralo traballo de revisión do coordinador, sería o que segue:

délivrer *vt* -1. [prisonnier, pays] liberar; *délivrer de fig* [débarrasser] librar de. -2. [certificat, passeport] expedir. -3. [marchandise] entregar.

En resumo, o traballo do coordinador 1 (nativo da lingua de saída) consiste, primeiro, en controlar que a palabra fose ben interpretada polo traductor e en comprobar que os indicadores engadidos polos tradutores sexan correctos. Finalmente debe proceder á compactación do texto bilingüe, reagrupando as traducións iguais baixo un só indicador xenérico ou suprimindo os indicadores no caso en que tódolos sentidos da palabra teñan unha mesma tradución.

Este é o caso, por exemplo, da entrada *abstrait*. O coordinador atópase cun texto no que figuran tódalas acepcións da palabra coa súa correspondente tradución dando como resultado:

abstrait, -e *adj* 1. [*non concret*]

-abstracto

2. [*difficile à comprendre*]

-abstracto

3. [*non figuratif*]

-abstracto

Visto que as traducións coinciden en tódolos casos procédese á compactación das traducións:

abstrait, e *adj.* abstracto

A tarefa do coordinador 2 (nativo da lingua de chegada) é, basicamente, o control da calidade das traducións prestando atención a cuestións como a influencia da lingua estranxeira na tradución, a adecuación da tradución a tódolos contextos ou o carácter verdadeiramente intercambiable de varias traducións para unha mesma acepción. Periodicamente o coordinador 1 e 2 deben discutir puntos dubidosos e chegar a unha solución de compromiso para dar un texto final coherente e correcto.

Ata agora vimos o traballo de coordinación analizando exemplos prácticos pertencentes, sobre todo, ó *Larousse*. No proceso de elaboración do *Vox*, se ben foron aplicados a grandes trazos estes mesmos criterios, existen algunhas diferencias notables. Lembremos que, o obxectivo final do labor da coordinación no bilingüe francés é a consecución dun dicionario de fácil manexo, atendendo sobre todo ás necesidades prácticas do usuario. O reto que ten que afrontar un bilingüe galego é outro. Ademais de procurar unha máxima axili-

dade e claridade, a finalidade dun diccionario entre linguas cun estatuto tan desigual pasa necesariamente por unha busca de promoción da lingua minorizada. Isto tradúcese na práctica por unha maior atención ás posibilidades de traducción de cada unha das acepcións. É dicir, se no *Larousse* se optaba por deixar unha soa traducción no caso no que tódalas acepcións coincidisen, aínda habendo máis dunha traducción nalgunha acepción, no *Vox* investigase ó máximo a existencia de equivalencias, malia o feito de que en moitas ocasións a súa frecuencia de uso sexa mínima. Pensemos por exemplo no verbo *quedar*. A traducción ó galego podería resolverse cunha soa equivalencia:

quedar intr.-prnl. Quedar(se)

Sen embargo, esta opción suporía unha marxinación doutras solucións propias do galego como *ficar* ou *acaer*. A decisión de incorporar estas voces supón un aumento considerable do espazo do artigo que pasa a conter nove acepcións:

quedar 1 intr.-prnl. (*permanecer*) Quedar, ficar: me quedé en casa, fiqui na casa. 2 intr.-prnl. (*pasar a estar*) Quedar, ficar: el coche quedó deshecho, o coche ficou desfeito. 3 intr. (*faltar*) Quedar: nos queda media hora, quédanos media hora. 4 intr. (*haber*) Quedar: aún nos queda dinero. Aínda nos queda diñeiro. 5 intr. (*estar situado*) Quedar, ficar: mi casa queda hacia el río, a miña casa fica contra o río. 6 intr. (*acordar*) Quedar: quedamos en ir, quedamos en ir. 7 intr. (*sentar*) Quedar, acaer: ese pantalón es el que mejor te queda, ese pantalón é o que mellor che acae. 8 intr. (*citarse*) Quedar: ¿Quedamos esta noche?, ¿Quedamos esta noite? 9 intr. (*retener*) quedar, ficar: me quedé con su libro, fiqui co seu libro.

É dicir, en troques de elixir a primeira opción, que unifica tódalas acepcións nunha traducción xenérica, decídese dar cabida a tódalas posibles equivalencias, aínda cando isto supoña unha maior extensión da obra e complique, en certa medida, o manexo por parte do usuario.

4. Conclusión

Logo deste breve percorrido polas diferentes fases de traballo ás que se enfronta a lexicografía bilingüe, coido ter demostrado, ou alomenos suxerido, a diferente natureza das solucións entre un diccionario entre linguas consolidadas e outro desde unha lingua aínda

en proceso de normalización e normativización. A principal distinción reside no feito de que se ben no primeiro caso o traballo se organiza en criterios prácticos, marcados por un desexo de didactismo e de comercialidade, como sucede no diccionario *Larousse* analizado, no segundo atopámonos cunha manchea de problemas adicionais á empresa, arriscada de seu e tantas veces insatisfactoria, de elaborar un diccionario bilingüe.

Dacabalo entre o modelo do diccionario de uso e o diccionario normativo, o lexicógrafo dun bilingüe coma o *Vox* ten de paliar, na medida do posible e guiándose moitas veces pola súa propia intuición ou pola experiencia da lingua que posúa, as carencias que a lingua galega, aínda non posuidora dun Tesouro lexicográfico plenamente fixado, presenta.

OS MODIFICADORES ORACIONAIS EN *-mente* NO GALEGO MEDIEVAL¹

AMPARO CEREIXO
Universidade de Santiago de Compostela

1. *Introducción*

A escaseza de estudos sobre os adverbios na lingua medieval e, máis concretamente, sobre os formados mediante o sufixo *-mente* é o principal motivo polo que decidimos tratar este tema.

O estudo ten como obxectivo describi-lo comportamento sintáctico e semántico deste tipo de adverbios nos séculos XIII, XIV, XV e XVI. Para iso seleccionamos un corpus formado por obras literarias (en prosa e verso) e por textos notariais recollidos en distintas publicacións².

Trala selección do corpus, creamos unha base de datos na que recollemos tódalas formas en *-mente* existentes nestes textos. Analizámo-los adverbios dentro do seu contexto, atendendo á función sintáctica que desempeñan na oración, cláusula ou frase; e asemade a semántica de cada un deles.

Posteriormente distinguimos entre modificadores verbais (modais e temporais), da frase (modais e intensificadores) e modificadores oracionais (performativos, actitudinais e deícticos). Estes últimos son os que imos describir agora.

Entendemos por adverbios oracionais aqueles que desempeñan

¹ Este traballo foi realizado no marco do proxecto "Gramática Histórica da Lingua Galega", desenvolvido no Instituto da Lingua Galega co financiamento da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Este estudo forma parte dun traballo máis amplo que, co título *Os adverbios en -mente no galego medieval*, foi defendido como Memoria de Licenciatura en xuño de 1997. Aproveito para facer constar aquí o meu agradecemento ó director deste traballo, D. Francisco Xavier Varela Barreiro, polo seu interese e polas súas suxestións, así como a D. Xosé Luís Regueira pola súa axuda no que respecta á redacción final deste artigo.

² Ó final do artigo hai unha relación das obras que forman o corpus, xunto coas abreviaturas que se empregan para se referir a elas.

a función de modificador na oración. Estes adverbios, no canto de modificaren o verbo, adverbio, adxectivo..., modifican unha cláusula na súa totalidade, e non unicamente un dos seus constituíntes mediatos ou inmediatos; desempeñan, polo tanto, a función de MOD na oración. No recoñecemento deste tipo de modificación parecen coincidir unha gran cantidade de gramáticos. Os autores da *Gramática galega* (1986) recoñecen este tipo de modificación propia desta categoría gramatical, aínda que non exclusiva; o mesmo opinan Cunha e Cintra (1984: 537): "algúns advérbios aparecen, não raro, modificando toda a oração". Para Rojo e Jiménez Juliá (1989: 142) a cláusula "presenta la posibilidad de poseer un modificador general que actúe sobre el resto de la cláusula (el núcleo)"

Alarcos (1994: 299) considera respecto deste tipo de adverbios:

Ese adverbio [refírese a *felizmente* empregado na oración: "*Felizmente, los chicos han terminado sus exámenes*", ofrecendo distintas colocacións], situado variablemente en la secuencia, pero siempre aislado por las pausas que indican las comas, no incide sobre el núcleo verbal, sino que afecta a todo el conjunto de la oración. [o subliñado é noso] (...). La relación de estos circunstanciales (sean adverbios o sean sus equivalentes más complejos) se establece con todo el resto de la oración, funcionando a la manera de los atributos (...), y podrían llamarse *adyacentes o modificadores oracionales*.

Se agora comparámo-la súa afirmación coa de R. Seco (1960: 106) podemos observar que non distan moito unha da outra, salvando as distancias no tempo e outras consideracións a respecto do adverbio:

existe un tipo de adverbios que pudiéramos llamar oracionales, por cuanto, en cierto modo equivalen a una oración entera; pero, además, no se refieren, como los demás adverbios, a un verbo, sino que se refieren a la oración entera [o subliñado é noso], manifestando la apreciación subjetiva del que habla en cuanto a la realidad de lo expresado en la oración.

Como se pode ver ámbolos dous autores coinciden no fundamental: os adverbios oracionais inciden sobre toda a cláusula e non unicamente sobre o predicado desta. Isto márcase na escrita por medio de comas, aínda que non sempre, e na lingua oral por medio de pausas máis ou menos pronunciadas.

Egea (1979) distingue, segundo o tipo de información semántica que ofrecen, tres tipos de adverbios oracionais en *-mente*: perfor-

mativos, deícticos e actitudinais. Azcárate Luxán (1992: 78) fai a mesma distinción, se ben para os que Egea denomina *performativos*, ela prefere o termo *demarcativo*.

Mordrup (1976: 13) considera que existen dous tipos de adverbios en *-mente*: os *conjonctifs* e os *disjonctifs*. Estes últimos poden ser *disjonctifs de style* ou *disjonctifs d'attitude* e diferéncianse desde o punto de vista semántico e sintáctico.

2. Adverbios performativos

Estes adverbios amosan a franqueza ou honestidade do falante ante o que declara, ou mesmo a súa visión dos feitos.

Egea (1979: 233) afirma que este tipo de adverbios "sólo pueden explicarse en función de un análisis performativo del discurso (...). La relación que guardan estos adverbios con la sentencia de que hacen parte, pueden expresarse esencialmente por medio de una paráfrasis que contenga un verbo de lengua". Tekavčić (1980: 406) tamén os relaciona coa análise performativa e defíneos como aqueles adverbios que "qualificano la frase (o più precisamente la modalità performativa sottostante)". Mordrup (1976: 2) denomínaos *disjonctifs de style* e defíneos como aqueles adverbios que "expriment soit une promesse de la part du locuteur d'être franc, honnête, sincère, etc., soit une généralisation". E do mesmo xeito que Egea, afirma que se poden parafrasear por unha cláusula que conteña un verbo de lingua: "une phrase avec un disjonctif de style correspond plus ou moins à la même phrase précédée de *Je te dis*" (1976: 2). Azcárate Luxán (1992: 78) prefere a denominación de *demarcativos*, xa que este tipo de adverbios sêrvelle ó falante "para enmarcar la acción verbal, la oración toda o parte de ella, dentro de un sentido determinado".

2.1. Expresións

Os adverbios performativos documentados no corpus encóntanse nas seguintes obras: CSM, MS, TC e CT. Unicamente son dous os adverbios empregados como tales:

Certamente (CSM [1]), **çertamente** (TC [2]), **çertament** (CT [1]), **certamête** (TC [1]) < CERTA³.

Mediante o emprego deste adverbio o falante incide sobre a

³ Mediante o símbolo < indicamo-lo étimo latino da base adverbial.

veracidade do que está a enunciar. Poderíamos parafrasealo como “É certo que...”:

“Mai-lo Papa Cremente // **certamente** lle disse: “Essa ora, // sen demora, // te vai pera Suria;” (CSM, I, 427: 24 [13])

Resulta claro que o adverbio non afecta unicamente ó predicado, se tentamos parafrasealo obteríamos un resultado do estilo: “É certo que o Papa Cremente lle disse...” ou “O que vos vou dicir é certo: O Papa Cremente lle disse...”

Verdadeiramente (MS [2]), **uerdadeiramente** (MS [2]), **uerdadeiramête** (MS [1]), **verdadeiramête** (MS [1]), **uerdadeyrament** (CT [1]), **verdadeyrament** (CSM [1]), **verdadeira mente** (CSM [1]) < VERITATE.

A gran variabilidade na súa presentación gráfica non está relacionada co seu maior emprego como performativo. Similar ó anterior, sinala a honestidade do falante sobre aquilo que vai dicir. A paráfrase mesmo podería se-la mesma: “É verdade que...” ou “O que vou dicir é verdade”.

“por que lles semellaua que Santiago, caualeiro de Nostro Señor que nũa foy vençudo, viuo era **uerdadeiramente** que lles atã agiña abrira as portas et lles oyra o seu rrogo” (MS, 207: 15 [14/15])

Veramente (CSM [2]), **veramen** (CSM [1]) < VERA.

A súa significación é a mesma cá de *verdadeiramente*, de feito a base dunha e doutra forma están claramente relacionadas.

“E ele logo s’ya, // se achou el rei que missa oya // e deu-ll’a omagen, que alegría // ouve con ela grande **veramen**” (CSM, II, 130: 4 [13])

2.2. Función

Desde o punto de vista sintáctico, estes adverbios actúan dentro da oración, desempeñando a función de modificador, mentres que o núcleo está formado por unha cláusula ou unha estrutura bipolar.

2.3. Colocación

Estes modificadores clausais sitúanse preferentemente no inicio da oración, e raramente ó final. Dos quince exemplos dos que dispoñemos no corpus só seis se pospoñen ó predicado. En caso de posposición o habitual é que se coloquen ó final da oración, se ben tamén se poden dar casos de posposición unicamente ó predicado, e non á totalidade da cláusula. Isto cremos que se pode deber ó tipo de rexistro lingüístico empregado. Non podemos esquecer que estamos ante textos literarios nos que o emprego do hipérbato é frecuente.

"Outrossy mostraua // naues cōmo ýan singrando perlo mar, et a todos semellaua que assy era **uerdadeyrament**" (CT, 438: 15)

"E ele logo s'ya, // se achou el rei que missa oya // e deu-ll'a omagen, que alegria // ouve con ela grande **veramen**" (CSM, II, 130: 4 [13])

"Et isto ffoy **çertament** en dia // de San Justo et San Pastor, et aynda diz don Lucas de Tuy que era lües" (TC, 96: 10 [13/14])

Mais a súa posición habitual acostuma a se-la inicial, como podemos ver nos seguintes exemplos:

"**verdadeiramente** todo los omes que forō des o // começo do mūdo et an de seer d'aqui endeante an de rresurgir" (MS, 124: 16 [14/15])

"**Çertamente** eu uolas pedj para os condes, por que mj lo pedirō elles // por merçee, así cōmo elles sabē" (TC, 623: 14 [13/14])

3. Adverbios actitudinais

Entendemos por adverbios actitudinais aqueles que, como o seu nome indica, amosan a actitude do falante ante os feitos: de dúbida, certeza,... En palabras de Egea (1979: 248) "la actitud del hablante hacia lo que dice, su evaluación de los hechos o matices de certidumbre o duda sobre los mismos. Dan a la sentencia cierto tono o fuerza emocional además de ser adverbios orientados hacia el hablante o el sujeto de la sentencia". Mordurp (1976: 17) tamén fai referencia a este tipo de adverbios: "Les disjonctifs d'attitude portent le plus souvent sur la valeur de vérité d'un énoncé (...). Ils peuvent aussi exprimer une appréciation subjective de la part du locuteur".

3.1. *Expresións*

Estrayament (CT [4]) < EXTRANEA.

Este adverbio indica a estrañeza que os feitos producen no falante, non a forma na que se desenvolve a acción:

"Et **estrayment** os entrepelaua // ante ssy aquel día, ca daquela meesma maneyra que o çeruo foje ante os cães" (CT, 314: 23 [14])

Segurament (CT [4]) < SECURA.

Significa o mesmo ca hoxe, indicando probabilidade: 'é case seguro que...':

"Et **segurament** ben lles // era mester o esforço, ca a lide era moy braua et moy crua". (CT, 221: 16 [14])

O emisor amosa a súa dúbida ante os feitos, creos certos, mais non pode asegura-lo que a continuación enuncia.

3.2. *Función*

Do mesmo xeito que os performativos, funcionan como modificadores dentro da oración, na que o núcleo está desempeñado por unha cláusula, a modificada na súa totalidade polo adverbio en *-mente*.

3.3. *Colocación*

Este tipo de modificadores, o mesmo cós performativos, sitúanse ó inicio da oración. Non rexistramos ningún caso de posposición. Isto non parece estraño xa que a súa colocación noutra posición podería orixinar dúbidas sobre a súa función como constituínte da cláusula ou da oración.

4. *Adverbios deícticos*

A deíxe foi definida por Fillmore (1975: 39) da seguinte maneira:

"Deixis is the name given to those formal properties of utterances which are determined by, and which are interpreted by knowing

certain aspects of the communication act in which the utterances in question can play a role"

Polo tanto os adverbios que denominamos *deícticos* teñen como función semántica o sinalamento dun elemento ou dun conxunto de elementos (frase, cláusula...) do discurso. Fronte ós performativos e os actitudinais, os deícticos ademais de modificar unha cláusula na súa totalidade tamén poden modificar una frase. En ámbolos dous casos a súa función semántica é a mesma.

Azcárate Luxán (1992: 59) tamén lles reconece esta función semántica e considera que "establecen una relación entre dos o más oraciones, ya sea especificando el alcance de la oración anterior y añadiendo, por tanto un nuevo aspecto para su perfecta comprensión; o sirviendo de respuesta a un diálogo".

4.1. *Expresións*

Especialmente (UNIV [13], DEV [7], DB [1], SIL [1], TC [1]), **especialmēte** (HGP [6]), **specialmente** (UNIV [5]), **specialmente** (HGP [2]), **especialme)te** (GE [1]), **especialmente** (DB [1]), **specialmente** (UNIV [1]), **specialmente** (HGP [1]) < SPECIALE.

A súa función é a de sinalar un elemento ou conxunto de elementos, é unha forma de chama-la atención sobre eles. O significado é o que mantén hoxe: 'de forma especial'.

"et obligo min et meus bêês de pagar o dito foro em cada huun anno, // seruidos et descontados os ditos çento et huun annos, et **especialmente** obligo // as ditas herdades con todo o bôô profeito et reparamento que eu et miñas voces // et da miña moller em ellas fezeremos" (UNIV, 369: 5 [1435] [Muros])

Mayorment (CT [10]), **mayormente** (TC [2], DEV [1]), **mayormēt** (CT [2]), **mayormēte** (MS [2]) < MAIORE.

O seu significado é 'principalmente':

"Et el quando esto vio, come[ç]ou a fazer grã doo et rrogar aos apostolos et **mayormēte** a Sam Pero que o desaprendese do leito" (MS, 229: 18 [14/15])

Naturalmēte (GE [1]) < NATURALE.

Contamos unicamente cun exemplo. Mantense hoxe co mesmo significado: 'está claro que', 'é obvio que'.

"dellas dous et dous, macho e femea, et que esto fizesse das aves; mays das anymalyas brauas et que **naturalmête** nõ eram antes pera comer las o òme, que metesse ende senos pares de cada natura, macho e femea" (GE, 38: 25 [14])

Primeiramente (DEV [48], DB [19], UNIV [9], MS [3], SIL [2], TC [2]), **primeyramente** (DEV [14], DB [7], TC [6], HGP [5], GE [1]), **primeyramête** (HGP [4], GE [3]), **primeyrament** (CT [5]), **primeyra mente** (HGP [3]), **primeira mente** (HGP [2]), **primeiramête** (MS [1]), **prymeiramente** (DEV [1]), **prymeayramête** (GE [1]), **prymeayramente** (DEV [1]), **premeiramente** (UNIV [1]), **premeyramente** (DEV [1]), **imprimeyramente** (DEV [1]), **inprimeiramente** (DEV [1]) < PRIMARIA.

Significa 'em primeiro lugar', e documentámo-lo principalmente nos textos notariais, aínda que tamén figura nos textos literarios, pero en menor medida. Na prosa notarial aparece a miúdo nos testamentos, que acostuman a presenta-la seguinte fórmula:

"e outorgo dita miña manda e miña postrumeyra voondade, valedeira pera // senpre, en esta maneira que se adeante sigue: **Primeiramente** mando e dou a miña alma a Deus, que a comprou e remiuiu por lo seu sangue precioso" (DEV, I, 104: 20 [1414])

Prinçipalmête (GE [2]) < PRINCIPALE.

O seu significado é o que hoxe conservamos: 'especialmente', 'sobre todo'.

"Et os mouros **prinçipalmête** de Cam, que poboo a Africa, ajnda que aja dos de Sem et de Jafet que" (GE, 73: 13 [14])

Synaladamête (GE [4]), **sinaladamente** (TC [3]), **sinadamente** (TC [2]), **senaladamête** (GE [1]), **senaladamêt** (CT [1]), **senalamente** (GE [1]), **signaladamente** (UNIV [1]), **sinaamente** (CSM [1]), **synaladament** (CT [1]), **asinala[damente]** (MS [1]) < SIGNALE.

Significa 'principalmente'. Só o documentamos como modificador dunha frase, e non dispoñemos de ningún caso no que modifique unha cláusula.

"et por nõ averẽ nhũa escusaçõ, // enviou a eles os apóstolos et **asinala[damente]** Santiago, que morou // por grã tempo entre eles, mostraua" (MS, 21: 7 [14/15])

Senlleiramente (MS [1]) < SINGULARIA.

Presenta o mesmo significado que *sinaladamente*, 'principalmente', 'sobre todo':

"Et este **senlleiramente** ontre os outros apostolos por la sua santidad, que era moi grãde, leixauano os judeus en Santa Santorum" (MS, 21: 7 [14/15])

Sinplesmente (UNIV [1]), synpresmente (DB [1]) < SIMPLICE.

Os dous exemplos dos que dispoñemos aparecen no mesmo contexto. Probablemente se trate dunha expresión feita da linguaxe xurídica:

"e pedir, rezebir beneficio de restituyçon in integrum e d'absoluçon // **sinplesmente** e a captela, e fazer, dizer, razoar, trabtar" (UNIV, 319: 32 [1432])

Solament (CT [37], CSM [1]), solamente (TC [19], DEV [7], UNIV [5], MS [2], CSM [1], AL [1], DB [1], SIL [1]), solamēte (GE [7], TC [1]), solamente (HGP [7]), solamēte (HGP [5]), ssolamēte (HGP [1]) < SOLA.

Xunto con *primeiramente* é o máis empregado no corpus. Un 71.6% dos exemplos pertencen a textos literarios, fronte ó 28.4% que se encontran na prosa notarial. Poderíámolo parafrasear por 'nada máis', 'unicamente', 'só':

"Todos comunalment // puñauã en estoruar que nõ fosse esta batalla, sen'õ el rrey Príamos que // nũca **tã solament** en feyto nẽ en senbrãt mostrou que lle pesaua" (CT, 416: 10 [14])

4.2. Función

Desde o punto de vista sintáctico a función é a de modificador, ben na frase, ben na oración, dependendo do tipo de estrutura sintáctica que modifique, xa que pode modificar unha cláusula na súa totalidade ou un elemento desta, destacándoo sobre os demais.

4.3. Colocación

No que respecta á súa colocación, a anteposición ó elemento modificado é a regra xeral, se ben tamén encontramos casos de pos-

posición, principalmente cando o deíctico empregado é *solamente*, que case nun 40% dos casos se pospón ó seu núcleo.

O feito de se antepo-los deícticos concorda coa descrición que ofrece Egea (1978: 221) referíndose ó español:

"La posición más natural de estos adverbios es la de encabezar la sentencia (seguidos de pausa). Pueden darse intercalados (con o sin pausa) y menos en posición final (precedidos o no de pausa)".

5. Conclusión

Os adverbios en *-mente* do corpus que funcionan como modificadores oracionais non son moitos, mais confírmase a existencia de tres tipos claramente diferenciados: performativos, actitudinais e deícticos.

No que respecta á súa colocación, é a anteposición ó núcleo a máis habitual, aínda que tamén aparecen casos de posposición, principalmente nos deícticos. Moitas das formas que funcionan como modificadores oracionais tamén poden modifica-lo verbo na cláusula [por exemplo *verdadeiramente*: "et créerõ em Deus sáamente et *verdadeiramente*" [GE, 87: 23]; *certamente*: "amigos, crasm[e] ureu ey, par Deus, esto sei *certãamente*;" [CSM, II, 264: 1]; *solamente* "Et tã gram medo metiã por toda a terra que *solamente* nõ ousauã seyr ne yr caualleyros" [TC, 242: 18]; *estrayamente*: "forõ feytas a grã nobreza et pintadas moy *estrayament*" [TC, 821: 5]], de aí a súa colocación ó inicio da oración, posto que outra colocación podería dar lugar a ambigüidade sobre a función que desempeña (CC ou MOD).

Bibliografía

A. Corpus

- Duro Peña, E. (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo" (SIL).
Ferro Couselo, X. (ed.) (1967): *A vida e fala dos Devanceiros (Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XIV)*; Vol. I. Terras de Ourense Vol.II. Terras de Ourense. Vigo: Galaxia (DEV).
Iglesias Almeida, E. (eda.) (1988): *Notas históricas del Bajo Miño*. Tui: Gráficas Jubia (AL).

- Lorenzo, R. (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de—. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo". (TC)
- Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa" (CT).
- Lucas Álvarez, M./ Justo Martín, M^a J. (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*. Edición diplomática. Santiago: Consello da Cultura Galega (UNIV).
- Maia, Clarinda de Azevedo (eda.) (1989): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência á situação do galego moderno)*. Coímbra: I.N.I.C. (HGP).
- Mártinez López, R. (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Ms. O.I.1 del Escorial. Oviedo: Publicacións de Archivum (GE).
- Mettmann, Walter (ed.) Afonso X (1959-72): *Cantigas de Santa María*. 4 vols. Coímbra: Acta Universitatis Cinimbringensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.). Limiar de R. Lorenzo (CSM).
- Pensado Tomé, J.L. (ed.) (1958): *Os miragres de Santiago. Versión gallega del Códice latino del siglo XII atribuido ao papa Calixto I*. Madrid: C.S. I. C. (Anexo LXVIII da Revista de Filología Española) (MS).
- Rodríguez Núñez, C. (eda.) (1989): "Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino de la Baja Edad Media (1305-1400)", *Estudios Mindonienses* 5, pp. 335-485 (DB).

B. Estudios citados

- Alarcos Llorach, E. (1994): *Gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe.
- Alarcos Llorach, E. (1973): *Estudios de Gramática Funcional del español*. Madrid: Gredos.
- Álvarez, R. et alii. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

- Azcárate Luxán, M. (1992): *Introducción al estudio de los adverbios en -mente en español*. Madrid: Editorial de la Universidad Complutense de Madrid.
- Egea, R. (1979): *Los adverbios en -mente en el español contemporáneo*. Bogotá: Publicaciones del Instituto Caro y Cuervo.
- Fillmore, Ch. J. (1975): *Santa Cruz Lectures on Deixis 1971*. Bloomington: Indiana University Linguistics Club.
- Mordrup, O. (1976): *Une analyse non-transformationnelle des adverbes en -ment*. Études Romanes de l'Université de Copenhague (Numéro spécial 11 de *Revue Romane*).
- Ogando, V. (1980): "O pronome persoal átono respecto ao verbo no galego-portugués". *Verba* 7, pp. 251-258.
- Rojo, G e Jiménez Juliá, T. (1989): *Fundamentos del análisis sintáctico funcional*. Lalia, 2; Serie Lingüística. Santiago de Compostela: Servicio de publicacións e intercambio científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Seco, R. (1960): *Manual de gramática española*. Madrid: Aguilar.
- Tekavčić, P. (1989): *Grammatica storica dell'italiano*. T.II. *Morfosintassi*. Bologna: Il Mulino.

Maricarme García Ares, Manuel C. Núñez Singala, Modesto A. Rodríguez Neira, Begoña Varela Vázquez, *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Instituto da Lingua Galega e Servicio de Normalización Lingüística, Santiago de Compostela, 1998, 282 páxs.

Logo de que o Consello da Cultura Galega publicase hai agora dez anos *O galego na universidade*¹, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), por medio do seu Servicio de Normalización Lingüística (SNL) e do Instituto da Lingua Galega sacou á rúa este estudio sociolingüístico que retrata a realidade lingüística da USC, contrastándoa cos datos do anterior traballo, o que dá pé para que os futuros planificadores encamiñen o seu labor de forma acertada. O SNL vén desenvolvendo desde hai anos un labor moi interesante no terreo da normalización lingüística na universidade, pero é consciente de que queda aínda moito camiño por percorrer. É neste treito longo que resta por cubrir onde nace a necesidade deste estudio sociolingüístico, xa que “para unha planificación lingüística responsable e eficaz é imprescindible contar co coñecemento máis preciso posible daquela realidade que se pretende modificar”, como moi ben apuntan os autores e as autoras deste libro.

Este traballo é, como reza no seu subtítulo, o “resultado dun inquérito realizado no curso 1995/96”, ós tres estamentos que conforman a USC, isto é, o alumnado, o profesorado e o persoal de administración e servizos (PAS). O libro está dividido en sete partes:

0 Introducción

1 Datos do alumnado da USC

2 Datos do persoal de administración da USC

3 Datos do profesorado da USC

4 Síntese

5 Táboas comparativas dos tres colectivos

6 Frecuencias e porcentaxes

Na introducción expónse o porqué da realización deste traballo e cáles son os seus obxectivos; o porqué “obedece ó espírito e compromiso recollido nos Estatutos da USC”, segundo o cal esta ten que “promover [...] accións que contribúan á normalización e ó desenvolvemento da lingua galega”. Entre os obxectivos está o de “coñecer a situación do galego na universidade” e o de “elaborar un instrumento fiable e amplo para a planificación lingüística na Universidade de Santiago de Compostela”. Así mesmo, explícase o proceso de elaboración dos cuestionarios e a mostra.

¹ Rodríguez Neira, M. A. e López Martínez, M. Sol, *O galego na universidade*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1988.

Como se pode ver no esquema devandito, o estudio foi feito de xeito individual a cada colectivo, con enquisas específicas para cada grupo e cunha comparación final dos resultados dos tres.

Coa mostra seleccionada (un índice de fiabilidade que supera o 95%) entrevistáronse un total de 3886 individuos distribuídos do seguinte xeito:

Alumnado: sobre un total de 36488 persoas (datos do curso 1994-95), foron enquisados 2782 individuos, dos cales 2245 correspondían ó campus de Santiago de Compostela e 537 ó de Lugo.

PAS: de 1130 persoas que formaban este colectivo no curso 1995-96, cubriron a enquisa 519 individuos.

Profesorado: este colectivo estaba formado por 1781 individuos (curso 1995-96), e fixeron a enquisa 585².

A cerna do libro configúranas as partes enumeradas como 1, 2 e 3 respectivamente, e é aí onde nos ofrecen polo miúdo tódolos datos lingüísticos. Tódalas preguntas da enquisa xiran ó redor de cinco núcleos temáticos, que se van repetir nos tres colectivos estudados; logo, cada un divídese en sub-núcleos específicos que varían segundo vaian dirixidos ó alumnado, ó profesorado ou ó PAS. O patrón que se seguiu á hora de preguntar céntrase nos seguintes bloques temáticos:

1. Características sociolóxicas

Neste apartado achégase información sobre o lugar de nacemento, sexo, idade, lugar de residencia, concepción de Galicia, etc.

2. Características sociolingüísticas

As preguntas versan aquí en torno á lingua habitual, lingua da casa, lingua de aprendizaxe e cambio de lingua.

Entre o alumnado, teñen o galego como lingua habitual o 30,8% e o castelán o 68,4%. Polo que respecta á lingua de aprendizaxe, o 25,4% di que aprendeu a falar en galego e un 61,6% en castelán. Se nos centramos na lingua de alfabetización esta é "case exclusivamente o castelán"; a penas o 2% aprendeu a ler e a escribir en galego. Contradí esta tendencia negativa para o galego a información relacionada co cambio de lingua (fenómeno no que participa só un 13% do alumnado): deste, o 75% di facelo cara á lingua galega.

Entre o PAS, o 54,6% fala habitualmente en galego, fronte ó 45% que o fai en castelán. A lingua de aprendizaxe foi neste grupo o galego para o 33,2% e o castelán para o 53,8%. Case un 30% di que mudou de lingua habitual e o 88,4% fíxoo en favor do galego, mentres que só un 11,6% cambiou a prol do castelán.

Entre o profesorado só o 21,9% "declara falar habitualmente o galego". Cómpre salienta-la lingua habitual dos que residiron fóra; destes falan galego habitualmente o 25,9% dos que residiron en Cataluña e no País Vasco; 19,1% dos que o fixeron fóra de España e o 10,6% dos do resto de España.

3. Coñecementos lingüísticos

² Estaban seleccionados un total de 670, pero por varias razóns tivo que ser reducido.

A información que se extrae deste apartado ten que ver co grao de coñecemento do galego e do castelán e coa valoración que o individuo posúe sobre as destrezas nas dúas linguas. Así mesmo, pregúntase aquí sobre a estimación da competencia dos diversos colectivos universitarios.

4. Usos lingüísticos

Entre os subapartados que ten este bloque está o dos usos orais (académicos, cos compañeiros, cos profesores, co público, cun superior, cun subordinado, co alumnado, na clase para explicar, en contextos académicos), o dos escritos (para redactar traballos, para tomar apuntamentos, para os exames, na redacción de documentos internos da USC, documentos para dentro e fóra de Galicia, uso científico, docente, administrativo, bibliografía...), a estimación da utilización por parte dos diversos colectivos universitarios e a súa xustificación.

5. Actitudes lingüísticas

Moitas das preguntas do cuestionario proposto para este estudio relacionábanse coas actitudes lingüísticas, e centrábanse en tres puntos: a situación lingüística actual da USC, o modelo lingüístico desexado para ela e necesidades e prioridades lingüísticas; cada bloque contén, asemade, cuestións que mostran cal é a actitude cara ó galego nesta institución.

De seguido chega a parte interpretativa da obra: a síntese. Amósase-nos aquí, a modo de resumo, cal é a competencia en galego, o seu uso e as actitudes lingüísticas dos tres colectivos estudados. Podemos apreciar un certo ton "optimista" na exposición dos datos finais, xa que se nos di que a competencia é do 90,1%, 75,5% e 52,2% no alumnado, PAS e profesorado respectivamente, aínda que despois se salienta que os resultados son mellores nas competencias pasivas (entender e facilidade para ler) ca nas activas (soltura para escribir, fluidez para falar). Pola contra, os datos referidos ó uso nunca alcanzan porcentaxes tan altas: o grupo que máis usa o galego é o PAS, destacando, sobre todo, no uso escrito, xa que o 77% "redacta os documentos internos da USC en galego e o 11,9% nas dúas linguas". O profesorado é o colectivo máis reticente á hora de usa-lo galego tanto a nivel oral coma escrito. E os datos do alumnado tampouco son moi plausibles xa que a fala habitualmente o 30,8% e as porcentaxes dos usos escritos aínda son máis baixas (menos dun 10% toma apuntamentos, redacta exames, etc. en galego). No tocante ás actitudes lingüísticas defínense entre o alumnado como "moi favorables tanto cara ó galego coma cara á súa extensión e promoción"; no PAS "son, en xeral, moi favorables" e no profesorado, con porcentaxes máis baixas ca nos anteriores, "as actitudes cara o galego son favorables". O profesorado da USC dista moito do "espírito e compromiso recollido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela" en prol da normalización e do desenvolvemento do galego. Ademais, a súa actuación é un condicionante na escolla da lingua que se emprega nas aulas, como queda demostrado neste estudio.

O peche do libro configúrao a exposición das táboas comparativas dos tres colectivos e unha mostra estatística coas frecuencias e coas porcenta-

xes; amósase, nesta última parte, o cuestionario do alumnado, PAS e profesorado, respectivamente.

Calquera persoa, colectivo, ou institución que se interese a curto prazo pola normalización do galego na USC vai ter neste libro unha ferramenta de traballo indispensable, unha fonte de datos de obrigada consulta. Non nos queda máis que felicita-los autores e as autoras da obra pola exhaustividade e o rigor científico con que esta foi feita.

Xa para rematar, aínda que os obxectivos propostos no libro quedan, segundo a nosa perspectiva, sobradamente cubertos, bótase en falta un enfoque máis valorativo e, polo tanto, crítico, da situación do galego na USC. Pode ser discutible se este estudio era o marco apropiado para realizalo, agora ben, o que xa non é discutible é que hai que extraer un diagnóstico necesario para que o enfoque desa agardada planificación e posterior actuación sexa proveitosa; así o desexamos.

ALFONSO TOIMIL

Fernando F. Ramallo e Gabriel Rei Doval (1997), *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Consello da Cultura Galega, Santiago, 342 pp.

O Consello da Cultura Galega constitúe de novo a vía de publicación dun estudio que nos permite avanzar na comprensión da situación social da lingua galega. A partir dos anos 70 saen á luz numerosas investigacións de corte empírico sobre a relación de conflito entre o galego e o español, moitas delas publicadas por esta mesma Institución a través da súa Ponencia de Lingua. Pero *Vender en galego*, como o propio título indica, presenta a importante innovación de centrarse nun ámbito relegado nos intentos de planificación e totalmente esquecido ata o momento polos investigadores: o mundo comercial e empresarial.

En relación con isto, unha das limitacións da planificación lingüística levada a cabo en Galicia radica en que se centrou case exclusivamente na introducción do galego no ensino. En consecuencia, a maior parte das investigacións dedicáronse ó estudio dos usos e actitudes lingüísticas dos profesores e alumnos¹. Sen embargo, a presenza da lingua minorizada na escola reduciuse a unha ou dúas materias (DOG. 16/3/88, art. 6º e 8º), e estes mesmos estudos poñen de relevo o seu fracaso para conseguirla normalización do galego, demostrando ademais que o ensino debe ser simplemente un dos ámbitos que se deben ter en conta á hora de inverte-lo proceso de substitución dunha lingua, sen esquecer-la importancia doutros, como os medios de comunicación, o goberno e a administración pública e, por suposto, as empresas e o comercio.

Co seu estudio, Ramallo e Rei Doval amplían as expectativas de planificación lingüística a outros contextos diferentes do educativo. Estes autores demostran "a rendibilidade comercial de vender en galego" (p. 11), o que debería servir para abri-los ollos a moitos empresarios e comerciantes, descubríndolle-la lingua autóctona como un reclamo máis para vende-los seus produtos e un xeito de desmarcarse da competencia, algo realmente difícil hoxe, dada a saturación do mercado e a publicidade. Neste sentido, o Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Galicia, Rafael Sánchez Sostre, quen se encarga de prologa-lo libro, afirma: "trátase dun estudio de lectura

¹ Como exemplo, citamos dúas obras complementarias que abranguen entre ambas tódolos niveis do ensino e que ademais enfocan o tema tanto desde a perspectiva dos profesores, coma dos alumnos. As dúas están publicadas polo Consello da Cultura Galega: X. Rubal Rodríguez e M. A. Rodríguez Neira (1987), *O galego no ensino público non universitario*, Santiago; M. A. Rodríguez Neira e M. S. López Martínez (1988), *O galego na Universidade*, Santiago.

imprescindible para todo aquel empresario, comerciante, directivo e publicista moderno, competitivo e con visión de futuro" (p. 10). Como explican Ramallo e Rei Doval na introducción, o tema abórdase desde dúas perspectivas, co obxectivo de achegarse ás dúas caras da mesma moeda: a dos consumidores e a dos axentes empresariais, de xeito que por unha parte se analiza a reacción do público ante o hipotético aumento do galego nas empresas e comercios, e pola outra, a opinión dos responsables de facer isto realidade. Estes dous puntos de vista correspóndense coas dúas partes nas que se divide o libro. En cada unha delas os autores utilizan unha metodoloxía diferente, en función dos obxectivos e mais das características do grupo de poboación estudado.

Na primeira parte (capítulos 1 a 6), o obxectivo é analiza-las actitudes dos consumidores ante o uso do galego na publicidade, etiquetaxe dos produtos e sinalética e rotulación dos comercios, así como nas relacións vendedor-cliente. Con este fin, Ramallo e Rei Doval recorren a técnicas cuantitativas, pois o que pretenden é xeneraliza-los datos obtidos ó conxunto da poboación residente en Galicia entre os 18 e 65 anos, a de maior capacidade económica, distinguindo entre diferentes segmentos de idade e distintos tipos de hábitat (rural / vilas / urbano). A elección dunha metodoloxía cuantitativa xustifícase por tratarse do primeiro traballo que recolle datos deste tipo, polo que era necesario dispoñer dunha visión ampla e global da cuestión, función que se cumpre sobradamente e que esperamos sirva de punto de partida para outros estudos. Polo tanto, esta primeira parte da investigación baséase nunha mostra representativa e utiliza como técnica de recollida de información o cuestionario, que facilita o tratamento estatístico dos datos e permite a comparación de resultados².

O interese das actitudes radica na súa capacidade para predicir e, en consecuencia, actuar sobre o comportamento. Sen embargo, o seu estudio resulta altamente complexo, debido a que son constructos mentais que non se poden observar directamente, polo que presentan moitos problemas á hora da súa medición. A este respecto, Ramallo e Rei Doval utilizan a técnica tradicional do cuestionario, pero introducen a novidade de combina-las preguntas directas con simulacións, que perseguen achegarse ó máximo a anuncios e bens de consumo reais. Reducen así o problema de intentar predicir conductas moi concretas a través de variables actitudinais demasiado xenéricas (principio de compatibilidade). Presentan, por exemplo, dous cartóns de leite, elaborados especificamente para esta investigación, un en galego e outro en español, preguntándolle ó entrevistado cál compraría. De tódolos xeitos, non podemos esquecer que o obxecto de estudio son as actitudes e non o

² O tamaño da mostra, 1209 enquisas, supón un erro máximo global para o conxunto de Galicia do $\pm 2,9\%$, e para cada un dos tres tipos de hábitat do $\pm 5\%$, partindo sempre do suposto máis desfavorable en canto á varianza poboacional, $p=q=50\%$, e para un nivel de confianza do 95%, o que garante a súa representatividade. Os autores escollen un tipo de mostraxe probabilístico ou aleatorio, posto que é o máis adecuado para estima-los parámetros poboacionais a partir dos estatísticos da mostra, así como para a comprobación de hipóteses.

comportamento real, e que as actitudes favorables son o primeiro paso para cambia-la conducta. Os autores proporcionan un modelo de cuestionario e a reprodución das simulacións utilizadas (sete en total) nos apéndice 1 e 2, ó final do volume. Ademais, dedican o primeiro capítulo á explicación dos aspectos metodolóxicos: a elaboración do cuestionario, o deseño da mostra, a realización do traballo de campo e a elección das técnicas estatísticas de análise dos datos, o que facilita ó lector a posibilidade de seguir e valorar tódalas fases da investigación, nas que se pon de manifesto en todo momento a gran rigorosidade metodolóxica dos seus autores. Tamén expoñen neste capítulo os obxectivos e as hipóteses concretas das que parten.

No segundo e terceiro capítulos preséntase o perfil da poboación galega, tanto desde o punto de vista sociolingüístico, coma das prácticas de consumo. Estes datos son relevantes para contextualiza-la obra, en especial os que se refiren ó nivel de uso do galego e á competencia nesta lingua. De feito, Galicia ofrece neste sentido un contexto moi positivo para calquera intento de planificación, xa que o galego é a lingua habitual predominante³. O único inconveniente da posible galeguización da publicidade e o mercado podería se-la escasa alfabetización na lingua propia, sobre todo na xente de máis idade, pero Ramallo e Rei Doval demostran que o 86% dos entrevistados comprenden un texto en galego sen dificultades, e no caso de que as haxa responden máis a problemas cos tecnicismos, por exemplo, que á lingua empregada. Chegan a esta conclusión non só a través da autoavaliación do propio informante, senón mediante a constatación directa, o cal resulta moito máis fiable, pois no caso da autoavaliación é difícil saber se en realidade o que estamos a medir non é máis ca outra actitude. Para conseguila estimación real da competencia lectora, pedíase ó informante que lese un manual de conexión en galego (primeira simulación) e explicase o seu contido.

O capítulo cuarto está dedicado a explicar brevemente qué son as actitudes e qué funcións cumpren para o ser humano. Os autores definen o concepto actitude como "un constructo hipotético que ten o seu fundamento nunha tendencia ou predisposición duradeira a avaliar ou a actuar (favorable ou desfavorablemente) ante obxectos e situacións sociais" (p. 46), adscribindose así á escola mentalista. De acordo con esta corrente, recoñecen tamén a estrutura multicompoñencial das actitudes (p.47):

compoñente cognitiva = coñecementos

compoñente afectiva = sentimentos

compoñente conativa = accións

Con respecto á compoñente conativa, na nosa opinión resulta confuso identificala coas "accións", pois non sabemos se os autores se refiren ó "comportamento manifesto" ou a "tendencias cara á acción", interpretación esta última máis coincidente, en todo caso, coa súa definición de actitude.

³ Os datos sobre lingua inicial e lingua habitual están extraídos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, no que Ramallo e Rei Doval colaboraron, en concreto dos volumes I e II: Seminario de Sociolingüística/RAG (1994 e 1995), *Lingua inicial e Competencia Lingüística en Galicia e Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.

Aínda que hai autores como Morales que inclúen as accións na estrutura actitudinal, pensamos que deben deixarse fóra, entre outras cousas porque, polo menos para a escola mentalista, as actitudes, fronte ó comportamento, non son observables directamente⁴. Por iso cremos preferible falar de tendencias ou predisposicións a actuar. Ademais, a conducta non só depende das actitudes, senón tamén doutros factores como o hábito ou as normas sociais. Este capítulo péchase cunha reflexión moi interesante sobre a relación entre a publicidade e as actitudes, no que se ofrece unha visión aguda e crítica da “maquinaria publicitaria” como un dos “mecanismos de socialización”, que nos leva a confundi-la realidade real coa realidade oficial, sen deixar de expoñerse tamén o punto de vista contrario, o que defende a publicidade (pp. 50-51).

Tras estes catro capítulos, os dous últimos desta primeira parte, os máis extensos, céntranse xa na análise e interpretación das variables actitudinais (as dependentes). No quinto considérase a mostra no seu conxunto, mentres que no sexto se divide en tres submostras de acordo cos tres tipos de hábitat que se tiveron en conta no deseño mostral. Os dous capítulos están organizados do mesmo xeito: en primeiro lugar estúdase a denominada “actitude xeral”, para centrarse despois en actitudes cara a aspectos máis concretos, “actitudes particulares”. Estas inclúen as simulacións e 6 índices ou factores resultantes de extraer, mediante a técnica da análise factorial, as dimensións subxacentes a 18 variables. Tamén se analizan por separado algunhas variables que quedaron fóra da análise factorial por non segui-la mesma escala de medición có resto, ademais de dúas que deron unha carga factorial demasiado baixa. Os autores resumen así o contido das variables que conforman cada factor:

Factor 1: Adecuación do galego para a publicidade en diferentes medios.

Factor 2: Actitude ante usos concretos do galego na comunicación emitida en Galicia.

Factor 3: Posicionamento ante o uso do castelán na publicidade emitida en Galicia.

Factor 4: Prestixio e confianza vehiculadas polo galego.

Factor 5: A emisión de publicidade en galego polos medios de comunicación masivos.

Factor 6: A diverxencia lingüística nas relacións comerciais.

Cómpre insistir no feito de que a “actitude xeral” neste caso se mide a través dunha única pregunta directa e moi xenérica (*¿Que lle parece o uso do galego na publicidade?*), o que reduce a súa capacidade para predici-lo comportamento, como os propios autores advirten. Este tipo de preguntas provoca nos informantes unha reacción a contestar o que consideran socialmente de-

⁴ J. F. Morales (1994), “Actitudes”, en F. J. Morales (coord.), *Psicología social*, Madrid, McGraw-Hill, 495-524. Para o punto de vista contrario, co que coincidimos, pode consultarse por exemplo: M. Fishbein e I. Ajzen (1975), *Belief, attitude, intention and behaviour. An introduction to Theory and Research*, Reading, Mass.: Addison-Wesley.

sexable, polo que son máis útiles para medi-las normas sociais ás actitudes persoais dos individuos. Hai que analizar, polo tanto, os seus resultados con precaución, comparándoos cos das "actitudes particulares", que os complementan perfectamente, permitindo ademais comproba-la influencia dos distintos niveis de xeneralización. Por exemplo no Mapa Sociolingüístico de Galicia⁵, utilízase como "actitude xeral" un índice composto por varios ítems que fan referencia a distintas cuestións sobre a normalización do galego, dando un resultado de 0.5 puntos máis baixo có da investigación que estamos a comentar: 3.60 no MSG, fronte ó 4.10 de *Vender en galego*⁶. De tódolos xeitos, as conclusións dos dous estudos coinciden plenamente, destacando as dúas seguintes: a homoxeneidade das actitudes entre os distintos grupos po-boacionais e a favorabilidade xeral cara á lingua galega. Unicamente en grupos moi específicos, como por exemplo os monolingües en español que residen nas cidades, as puntuacións baixan do 3, e isto só nalgúns das variables máis concretas, como a pregunta 16: *¿Que lle parece que na TVG se emita publicidade en castelán?* (pp. 141-142). En resumo, non hai ningunha dúbida de que polo menos o "socialmente correcto" é amosarse partidario da promoción da lingua propia e minorizada, dato xa suficientemente significativo, posto que pode interpretarse como a norma social imperante. Tamén queda bastante claro que se superaron os antigos prexuízos asociados ó galego, como demostran tanto o factor catro, como as simulacións 3, 5 e 6, que tratan o tema da confianza e o prestixio dos produtos anunciados en galego. En tódolos casos os resultados son moi favorables, e permiten concluír ós autores que estes valores non se ven deteriorados polo uso da lingua galega (o factor 4 é, de feito, o que presenta as actitudes máis positivas).

Para estableceren relacións causais, os autores utilizan a estatística multivariable, en concreto a técnica denominada análise da varianza (ANOVA), que permite comproba-la influencia de dúas ou máis variables explicativas, superando así a simple descrición. Esta técnica aplicouse á "actitude xeral" e a cada un dos 6 factores, isto é, ás variables nas que se utilizou unha escala de medición ordinal. Na análise das demais variables, de nivel nominal, aplicouse a proba do chi-cadrado.

As variables que se tiveron en conta como explicativas son as utilizadas tradicionalmente neste tipo de investigacións: sexo, idade, nivel de estu-

⁵ O volume dedicado ás actitudes é o terceiro: Seminario de Sociolingüística/RAG (1996), *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.

⁶ Os valores van do 1 ó 5, de xeito que o 5 será sempre o máis favorable para o galego e o 3 representa a opción máis neutra ou indiferente. A diferenza actitudinal destes dous estudos, provocada en principio polo distinto nivel de xeneralización das variables analizadas, parece confirma-la hipótese que formulan Ramallo e Rei Doval, segundo a cal "a favorabilidade verase minguada a medida que a concretización das situacións sexa maior" (p. 65). Sen embargo, as diferencias son pouco importantes e a investigación que estamos a comentar apunta máis ben a que as actitudes seguen sendo moi favorables aínda que se refiran a aspectos máis concretos (p. 73). Unha das medias máis baixas obtidas nesta investigación (2.97) é a do ítem 20e: *O cine que se emite nas salas galegas debe ser en galego*. En definitiva, este aspecto especialmente complexo non queda moi claro, polo que será necesario profundar nel en futuros estudos.

dios, lugar de residencia, clase social, actividade económica (profesión), lingua inicial e lingua habitual. Ó final de cada epígrafe ofrécense as táboas correspondentes á media, desviación típica e moda das distintas categorías, no caso das variables dependentes ordinais; e as porcentaxes e o N total, no caso das nominais. No texto só se comentan as que resultaron significativas estatisticamente, complementándose a exposición e explicación dos resultados mediante ilustrativos gráficos que axudan ó lector a comprender mellor a información. Ademais, no apéndice 3 ofrécense as frecuencias de tódalas variables que integran o cuestionario.

Na actitude xeral, as únicas variables significativas desde o punto de vista estatístico son, por orde de importancia: a lingua habitual, os estudos, a actividade económica e a idade. En cambio, nas actitudes particulares deron tamén resultados significativos nalgún caso o lugar de residencia e a clase social, aínda que sen permitir establecer tendencias claras. Partindo destes datos, Ramallo e Rei Doval chegan ás seguintes conclusións, das que se pode extrae-lo perfil sociolingüístico dos individuos que presentan unha actitude máis positiva ante a galeguización do ámbito comercial:

-Os monolingües en galego son os que amosan actitudes máis favorables.

-Canto maior é o nivel de estudos, mellores son as actitudes.

-As actitudes máis positivas son as dos estudantes e os empregados do sector servicios.

-As actitudes melloran a medida que os individuos son máis novos.

No que respecta á influencia do tipo de hábitat, os resultados son contradictorios. Dado que a conducta lingüística maioritaria no rural é o monolingüismo en galego (p. 132), o esperable sería atopar neste hábitat as actitudes máis positivas. Sen embargo, non sempre ocorre así. Por exemplo, dos individuos residentes no medio urbano, o 45% estaría disposto a probar unha nova marca de café só por estar etiquetada en galego, porcentaxe que descende ó 22% no hábitat rural (p. 87). Topamos así co paradoxo da falta de relación entre actitude e conducta, que se vén manifestando xa desde os primeiros traballos sobre actitudes –os de Rojo (1979) e Monteagudo (1986)–, ata o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1996)⁷: a xente máis nova que vive nas cidades e ten un nivel de estudos alto é a que menos galego fala, pero tamén a que manifesta actitudes máis positivas cara a esta lingua. Este tema, sen dúbida dunha grande importancia, cómpre analízalo con coidado, pero non era esta investigación o lugar para facelo. Para profundar neste tipo de cuestións actitudinais é necesario recorrer a outras metodoloxías, de carácter cualitativo (grupos de discusión por exemplo), aínda sen ningunha experiencia en Galicia. Os propios autores do estudio que nos ocupa están comezando a traballar nesta liña, e esperamos que en pouco tempo poidan botar algo de luz

⁷ G. Rojo (1979), *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E.G.B. en Galicia*, Santiago, ICE-Universidad. H. Monteagudo e outros (1986), *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB*, Santiago, Xunta de Galicia.

sobre este tema, tan necesario para comprender mellor cómo se forman e cambian as actitudes.

Como conclusión, o máis destacable é o feito de que as diferencias entre os distintos grupos se dean na gran maioría dos casos na marxe da actitude positiva (por riba do 3), tratándose simplemente de matices dentro da favorabilidade, resultado especialmente interesante cara á elaboración dun programa de planificación lingüística. De feito, a pesar de que a lingua habitual é a variable máis explicativa, "falar castelán non está asociado co rexeitamento da publicidade producida en galego", polo que non semella necesario recorrer á opción bilingüe á hora de etiquetar ou promocionar un produto (p. 62). A maior parte dos consumidores (o 41%) opina que mesmo os produtos que veñen de fóra deberían anunciarse exclusivamente en galego, mentres que o 32% se decanta polo uso das dúas linguas.

En definitiva, Ramallo e Rei Doval poñen de manifesto mediante datos empíricos a "modificación das actitudes producida en Galicia nas últimas décadas, que sitúa a posibilidade de tomar medidas tendentes á galeguización en niveis realmente importantes" (p. 91).

Fronte a esta visión dos consumidores, moi positiva para o galego, na segunda parte do volume podemos comproba-la dos responsables de toma-las decisións, os empresarios e publicistas, que non debería estar moi afastada, pois, como di un dos entrevistados, "unha empresa tense que mover no mercado, e as leis do mercado son as que marcan as pautas" (p. 164). Para recolle-lo punto de vista dos axentes empresariais, os autores recorren a unha metodoloxía de corte cualitativo, dada a heteroxeneidade de situacións que presentan as distintas empresas. Utilízase en concreto a entrevista semidirixida, que non garante a posibilidade de xeneraliza-los resultados, pero a cambio reduce notablemente a rixidez propia dun cuestionario. Esta técnica permite adapta-las preguntas en función do tipo de empresa e da política seguida por cada unha delas con respecto ó galego. Ademais, os entrevistados teñen a posibilidade de propoñe-los temas ou argumentos que lles parezan máis interesantes de acordo coa súa situación. Na selección das empresas, os autores pretendieron incluí-la maior parte dos sectores productivos, así como compañías de distintas dimensións e importancia social, obxectivo que consideramos cumprido⁸.

Esta segunda parte consta só de dous capítulos. No primeiro xustifícase a metodoloxía usada, e no segundo ofrécense as transcricións das entrevistas. Neste sentido, lamentamos profundamente a falta dunha análise das mesmas, posto que o seu contido é de grande interese. De tódolos xeitos, a simple lectura das transcricións paga a pena e ademais lévase a cabo con facilidade, pois as entrevistas están moi ben guiadas e constitúen un complemento inmejorable da primeira parte. Atopamos empresas nas que o uso do galego está totalmente normalizado, como por exemplo Adegas das Eiras, Castromil ou Otero Pombo, xunto a outras que se amosan bastante reticen-

⁸ Foron 33 as entrevistas realizadas, aínda que cinco empresas non permitiron a súa publicación.

tes á introducción da lingua propia, como Conservas Calvo, GADISA, La Onza de Oro, Larsa ou Roberto Verino, por citar só algunhas. As causas que estas aducen son na maior parte dos casos a inercia e o custo adicional. Pero tamén dan outras razóns que, segundo a primeira parte desta investigación, son erróneas, o que nos leva a pensar que responden ós propios prexuízos dos axentes empresariais entrevistados, ou ben a opinións intuitivas sen fundamento empírico (de feito, é xeral a petición de estudos de mercado sobre o tema). Queremos reproducir aquí, a modo de exemplo, algunhas opinións que nos pareceron especialmente significativas:

- O Presidente de Conservas Calvo opina que a publicidade en galego é “moi positiva” para os produtos con denominación de orixe, como o albariño, pero non para o atún (p. 199).

- Con respecto ó feito de publicitar e comunicar en galego, o Xefe de Publicidade e Mercadotecnia de GADISA, expresa o medo de que “poderíamos estar facéndolle a comprensión da mensaxe máis difícil ó cliente” (p. 206).

- O Director Xeral de La Onza de Oro, pola súa parte, afirma: “Para min a etiquetaxe en galego é unha cousa normal, pero para os meus consumidores, que son as amas de casa, se cadra non resulta tan normal” (p. 210).

- Por último, o Director de Recursos Humanos de Roberto Verino sostén que “se existisen indicios de que a utilización do galego é rendible, utilizáriase” (p. 242).

En resumo, como apunta moi acertadamente Ramón Castromil, coincidindo cos resultados obtidos por Ramallo e Rei Doval sobre as actitudes dos consumidores, “hoxe pódese postular o uso comercial do galego para vender máis” (p. 185), sen embargo, “as actitudes ambiguas e excesivamente cautelosas por parte de certas empresas fan que procesos que tardarían un ano se demoren en dous” (p. 187). A isto hai que engadi-la falta dunha política lingüística normalizadora desde as institucións públicas galegas, xa que tódolos intentos de planificación responden a iniciativas privadas, como por exemplo o proxecto levado a cabo pola Fundación Galicia-Empresa.

Para rematar, queremos recomendar este libro a tódolos que estean interesados no futuro da nosa lingua e, de xeito especial, ós que manteñan algunha relación co mundo empresarial e comercial, pois a súa lectura pode contribuír a supera-la ignorancia que se detecta nalgúns casos por parte dos directivos sobre as preferencias dos consumidores.

ANA IGLESIAS ÁLVAREZ

Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírase ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas inclúiranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas todas as referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas

Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congreso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.

Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA
Hórreo 31, 2º
15702 Santiago de Compostela



R E A L
ACADEMIA
GALEGA


CONTIDO

- 5 M. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,
M. RODRÍGUEZ NEIRA,
O papel das redes sociais
na relación entre competencia
e uso do galego.
- 29 X. FERRO RUIBAL,
Porcentaxes de galego na prensa diaria.
Dúas catas en outubro
e novembro de 1998.
- 53 J. E. BESWICK,
Observacións sobre as actitudes
e os comportamentos relativos
ós cambios de código en
Santiago de Compostela.
- 79 R. R. VEGA,
Análise comparativa de dicionarios bilingües:
o Larousse compact español-francés,
français-espagnol e o Vox esencial
galego-castelán, castellano-gallego.
- 97 A. CEREIXO,
Os modificadores oracionais en
-mente no galego medieval.

